

de Cadernos
Lingua
2025

42
n.º



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Cadernos de Lingua

Ano 2025

42



REAL ACADEMIA GALEGA



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Comité editorial:

Dirección: Manuel González González

Secretaría: Xosé Luís Regueira Fernández

Secretaría técnica: Carme Pazos Balado, Xaquín Loredó Gutiérrez, Nélida Cosme

Consello de redacción:

Rosario Álvarez Blanco

Ana Isabel Boullón Agrelo

Francisco Cidrás Escaneo

Xosé Henrique Costas González

Francisco Fernández Rei

Xesús Ferro Ruibal

Ernesto González Seoane

Ramón Lorenzo Vázquez

Gonzalo Navaza Blanco

Alba Nogueira López

Henrique Monteagudo Romero

Fernando Ramallo Fernández

Goretti Sanmartín Rei

Dolores Sánchez Palomino

Antón Santamarina Fernández

Contacto:

cadernos@academia.gal

<https://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/Cadernos>

ISSN: 1130-5924 (edición impresa)

ISSN-e: 2603-6975 (edición dixital)

Depósito legal: C 1642-1992

<https://doi.org/10.32766/cdl.42>

© Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11

Apartado 557

Tlf. 981 20 73 08

Fax. 981 21 64 67

www.academia.gal

15001 A Coruña



XUNTA
DE GALICIA



Obra producida no ámbito
da subvención concedida
á Real Academia Galega
polo Ministerio de Ciencia,
Innovación e Universidades

COMITÉ CIENTÍFICO

Takekazu Asaka	—	Univ. Tsudajuku de Toquio
Débora Campos Vázquez	—	Univ. de Buenos Aires
Elisabetta Carpitelli	—	Univ. Alpes-Grénoble
Ernestina Carrilho	—	Univ. de Lisboa
Olga Castro	—	Aston University, Birmingham
Artilio Castelucci	—	Univ. Sapienza Roma
Ramón de Andrés Díaz	—	Univ. de Oviedo
Benigno Fernández Salgado	—	Univ. de Vigo
Manuel Ferreiro Fernández	—	Univ. da Coruña
Maria Filipowicz-Rudek	—	Univ. de Cracovia
Xosé Ramón Freixeiro Mato	—	Univ. da Coruña
Enrique Gargallo Gil	—	Univ. de Barcelona
Valéria Gil Condé	—	Univ. de São Paulo
Xavier Gómez Guinovart	—	Univ. de Vigo
Xosé María Gómez Clemente	—	Univ. de Vigo
Taina Hämäläinen	—	Univ. de Helsinki
Johannes Kabatek	—	Univ. de Zurich
Xabier Kintana	—	Euskaltzaindia
Ramón Mariño Paz	—	Univ. de Santiago de Compostela
Héctor Muñoz Cruz	—	Univ. Autónoma Metropolitana de Ciudad de México Unidad Iztapalapa
Guillermo Rojo	—	Real Academia Española
Antonio Romano	—	Univ. de Torino
Johannes Schnitzer	—	Institut für Romanische Sprachen Wirtschaftsuniversität-Wien
Carsten Sinner	—	Univ. de Leipzig
Andrés Suárez González	—	Univ. de Santiago de Chile
Ildikó Szijj	—	Univ. Eötvös Loránd
Xavier Varela Barreiro	—	Univ. de Santiago de Compostela
Nikola Vuletić	—	Universidade de Zadar
Helena Zernova	—	Univ. Estatal de San Petersburgo

ÍNDICE

Artigos:

A situación sociolingüística do galego segundo os datos do IGE-2023 e a evolución nas últimas décadas / / Henrique Monteagudo	7
Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela: lingua, mobilidade e territorio / / Martín Vázquez Fernández	43
<i>Modo galego, activao!</i> Deseño, avaliación e evolución do “programa de compromiso lingüístico” / Gabino S. Vázquez-Grandío e Rosa Moreiras Cuñarro	83
Unha primeira aproximación ao léxico da personalidade en lingua galega / Elena Rey García, Estrella Romero Triñanes, Paula Ganitsky Chemby e Isabel Fraga Carou	115
A variable xénero na práctica lingüística docente: análise empírica e contraste interpretativo / María López-Sández e Alejandro Doval Casas	137
Normas de entrega de orixinais para a publicación	161

TABLE OF CONTENTS

Articles:

The Sociolinguistic Situation of Galician According to 2023 IGE-Data and its Evolution in Recent Decades / / Henrique Monteagudo	7
The School Sociolinguistic Map of Santiago de Compostela: Language, Mobility and Territory / Martín Vázquez Fernández	43
<i>Galician mode, on!</i> Design, evaluation and evolution of the “language engagement programme” / Gabino S. Vázquez -Grandío e Rosa Moreiras Cuñarro	83
An Initial Lexical Approach to Personality in the Galician Language / Elena Rey García, Estrella Romero Triñanes, Paula Ganitsky Chemby e Isabel Fraga Carou	115
The gender variable in teaching linguistic practice: empirical analysis and interpretive contrast / María López-Sández e Alejandro Doval Casas	137
Indications for submission of originals	161

A SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO GALEGO SEGUNDO OS DATOS DO IGE-2023 E A EVOLUCIÓN NAS ÚLTIMAS DÉCADAS

Henrique Monteagudo
Real Academia Galega
Instituto da Lingua Galega (USC)
ORCID: 0000-0002-0682-45247

Resumo: Na presente contribución ofrécese un extracto do *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023: Análise da enquisa sobre coñecemento e uso do idioma galego (2023) e da evolución sociolingüística de Galicia (1992-2023)* elaborado polo autor coa colaboración de Xaquín Loredo e Gabino Vázquez-Grandío (2024). Este informe foi presentado á Real Academia Galega e revisado por unha comisión nomeada polo seu pleno, que o debateu e aprobou.¹ O extracto que aquí se ofrece contén unha parte descritiva e as conclusións deste informe, coa análise dos principais datos referentes ao coñecemento e uso do idioma galego e unha breve observación sobre a evolución da súa demografía. En realidade, as conclusións, aínda que elaboradas a partir dun borrador redactado polo autor, son obra colectiva da devandita comisión, e beneficiáronse de achegas importantes do pleno da Academia.

Palabras chave: demolingüística, galego, sociolingüística.

Title: The sociolinguistic situation of Galician according to 2023 IGE-Data and its evolution in recent decades.

Abstract: This contribution offers an extract from the *Report on the Situation of the Galician Language According to Data from the Galician*

1 Esta comisión estivo composta por Víctor Fernández Freixanes, Fina Casalderrey, Marilar Aleixandre, Margarita Ledo, Manuel González González, Francisco Fernández Rei, Xosé Luís Regueira Fernández e María López-Sáñez, ademais do propio autor do informe.

Institute of Statistics for 2023: Analysis of the survey on knowledge and use of the Galician language (1992-2023) prepared by the author in collaboration with Xaquín Loredó and Gabino Vázquez-Grandío (2024). This report was submitted to the Royal Galician Academy and reviewed by a commission appointed by its plenary session, during which it was debated and approved. The extract provided here contains a descriptive section and the conclusions of this report, with an analysis of the principal data on knowledge and use of the Galician language, and a brief observation on the evolution of its demographics. Although the conclusions were drawn up from a draft written by the author, they are the collective work of the committee and benefited from important contributions from the Academy's plenary session.

Key words: demolinguistics, Galician, sociolinguistics.

1. Introducción

A política e a planificación lingüística adoitan entenderse como ciclos que se desenvolven nas seguintes etapas: a) definición e diagnóstico dunha situación que se formula como un problema que precisa solución, b) elaboración e aplicación das actuacións políticas destinadas a resolvelo, c) avaliación destas, para detectar os seus acertos e as súas deficiencias, para así reiniciar o ciclo. Tanto para establecer o diagnóstico coma para avaliar a eficiencia das políticas lingüísticas é imprescindible coñecer a situación sociolingüística no presente e as dinámicas que se desenvolveron ao longo do tempo e que previsiblemente se desenvolverán no futuro. Sen un acaído coñecemento da realidade, dificilmente se poderán realizar diagnósticos nin avaliacións acertados, e sen estes as políticas lingüísticas arríscanse a ser inadecuadas ou deficientes.

Este artigo que presentamos aborda a análise da vitalidade do idioma galego a partir dos datos recollidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e a Real Academia Galega (RAG), e ofrécese como un instrumento necesario para realizar o diagnóstico da situación social do galego e avaliar as políticas lingüísticas postas en práctica en Galicia nas últimas décadas. Este informe ten como obxectivo realizar unha análise dos datos das enquisas sobre coñecemento e

uso do galego realizadas polo Instituto Galego de Estatística en 2023 (de agora en diante, IGE-2023). Esta análise complementarase cos datos recollidos sobre este mesmo asunto polo mesmo Instituto Galego de Estatística (IGE) desde 2003, co obxectivo de dar conta da evolución das principais variables sociolingüísticas en Galicia nas últimas décadas. Ademais, teranse en conta outras fontes, como as fornecidas polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (de agora en diante, MSG-1992; MSG-2004). Deste xeito, ofrecerase unha radiografía da evolución do galego ao longo das últimas décadas a partir de fontes fiables, válidas e comparables.

Desde 1999 o Instituto Galego de Estatística (IGE) vén realizando un estudo anual que inicialmente se denominou “Enquisa de condicións de vida das familias” (ECV) e posteriormente “Enquisa estrutural a fogares” (EEF). Trátase dunha enquisa dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas, que consta de dous módulos: un “Módulo xeral” que se repite todos os anos e reúne información de tipo socioeconómico (por exemplo: nivel de estudos, situación laboral, idade, xénero, ingresos e gastos etc.), e unha serie de “Módulos específicos” dedicado a determinados aspectos temáticos (por exemplo en 2024 recóllase: “Ocio e hábitos culturais” e “Capital social: benestar”). Cada cinco anos, desde 2003, este segundo bloque ten como obxecto a recolla de datos sobre o “Coñecemento e uso do galego”. Referirémonos a estas enquisas como IGE-2003, IGE-2008, IGE-2013, IGE-2018 e IGE-2023.

O antecedente máis relevante das enquisas do IGE é o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (MSG), realizado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega en 1992 (MSG-1992) (Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística 1994, 1995, 1996). Este é o estudo sociolingüístico de maior dimensión realizado en Galicia, polo tamaño da mostra (38 897 persoas), o nivel de representatividade e a extensión do cuestionario (148 ítems). Após este estudo, o devandito Seminario de Sociolingüística da RAG realizou o Mapa Sociolingüístico de Galicia de 2004 (MSG-2004; Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística 2006, 2008, 2011) que presentaba unha modificación na construción da mostra entrevistando soamente persoas de 14 a 54 anos, por ser considerada a

poboación obxecto de maior interese para os fins da planificación lingüística.

Por tanto, este informe dálle continuación ao labor realizado polo propio Seminario de Sociolingüística da RAG, nunha liña que comeza nos MSG-1992 e MSG-2004, e que se seguiu nos traballos sobre os datos do IGE-2003 ao IGE-2013 (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016, 2018). Empata tamén co traballo emprendido polo Consello da Cultura Galega (CCG), a través da Sección de Lingua (SL) e do Observatorio da Cultura Galega (OCG), que cristalizou en estudos como *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)* (2005), e *O idioma galego na sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2008* (2011), que analizaban a evolución demolingüística de Galicia utilizando como punto de partida os datos do MSG-1992 e dos *Módulos de coñecemento e uso do galego* do IGE-2003 e do IGE-2008.

2. Competencia lingüística


Na **figura 1** recóllense os datos sobre a evolución das **competencias lingüísticas produtivas (falar e escribir)** da poboación de 15 ou máis anos, con datos de 1992 a 2023,² pois considerámolas máis significativas que os referentes ás competencias receptivas (entender e ler). Trátase de competencias declaradas, non observadas, e para simplificar, súmanse as respostas “moito” e “bastante” ás preguntas sobre “saber falar” e “saber escribir”. Como se ve na figura, máis do 80 % da poboación maior de 15 ou máis anos residente en Galicia considérase competente para falar o galego, e a variación na porcentaxe ao longo dos anos é escasamente relevante ata o IGE-2023, en que se aprecia a baixa de máis do 3,5 % na capacidade para falar.

Canto a escribir en galego, aínda nos finais do século pasado a porcentaxe de persoas que se declaraban competentes non atinxía o

2 Cómpre ter en conta que o MSG abrangue a poboación de 16 ou máis anos, polo que foi necesario axustar os datos do IGE subtraendo o segmento correspondente aos 5-14 anos. Así mesmo, axustáronse os tramos de idade para garantir a correspondencia entre as bases de datos do MSG-1992 e do IGE-2003 e posteriores.

terzo da poboación. Á altura de 2018 a porcentaxe xeral aproxímase aos dous terzos, e o terzo restante corresponde maioritariamente a persoas maiores, que non tiveron a oportunidade de aprender a escribir en galego no sistema educativo (o analfabetismo en galego atinxía case o 60% da poboación maior de 50 anos). Non obstante, en 2023 rexístrase por primeira vez un cambio de tendencia: fronte ao progresivo ascenso de décadas anteriores, nesta última data produciuse un descenso.

Figura 1. Capacidade para falar e escribir, poboación de 15 ou máis anos, 1992-2018 (%).




Fonte. MSG-92 e IGE-2003, 2008, 2013, 2018, 2023.

Na **figura 2** ponse o foco na **competencia oral** (capacidade para falar), sobre a que se seleccionan as respostas ‘moito’ (percepción dunha competencia elevada para falar galego) e ‘pouco ou nada’ (percepción dunha competencia escasa ou nula). É de notar o ascenso da primeira resposta entre 1992 e 2003 (do 40,1% ao 68,93%), e o descenso a partir desta data, ata os pobres resultados obtidos en 2023 (descenso nun 15,45% en vinte anos das persoas que

se declaran capaces de falar en galego). Inversamente, as porcentaxes da declaración de competencia escasa, que caeran entre 1992 e 2003, incrementáanse a partir desta última data ata 2023 (+5,44 %).

Figura 2. Capacidade para falar ‘moito’ e ‘pouco’, poboación de 15 ou máis anos, 1992-2023 (%).




Fonte. MSG-92 e IGE-2003, 2008, 2013, 2018, 2023.

3. Lingua inicial

Por lingua inicial enténdese aquela en que se aprendeu a falar. Respecto da lingua en que aprenden falar os galegos e galegas, segundo as cifras recollidas en 2023, na **figura 3** obsérvase que cada unha das alternativas que se ofrecen (galego, castelán ou as dúas) é escollida por arredor dun terzo total da poboación (Figura 5).


Figura 3. Lingua inicial (LI) en Galicia en 2023 (%).



Fonte. IGE-2023. Enquisa estrutural a fogares. Modulo de coñecemento e uso do galego. Poboación galega de 5 ou máis anos.

Na **figura 4** móstrase a evolución da **lingua inicial** da poboación de 15 ou máis anos desde 1992 a 2023. As opcións de resposta a esta cuestión son catro: galego, castelán, as dúas e outras situacións (inclúe outras linguas). Esta última opción mantense en porcentaxes moi reducidas, pero é de notar que se multiplicou case por seis desde os inicios da última década do século pasado aos da segunda década do presente século, o que responde ao peso da poboación inmigrante que non aprendeu a falar castelán (África, Europa oriental e outros). A figura testemuña a caída de 20 puntos porcentuais do galego como lingua inicial exclusiva desde 1992 a 2013, seguida dunha leve inflexión positiva ata 2018 (+1,5 %) e unha brusca caída no último tramo (+8 %). Por outra banda, o castelán vén experimentando un crecemento moderado como lingua inicial exclusiva (do 25,6 % de 1992 ao 32 % de 2018). Isto quere dicir que a caída do galego como lingua inicial exclusiva engrosou sobre todo o bilingüismo inicial, pois as porcentaxes deste se incrementaron moi notablemente, ata máis ca duplicarse, desde 1992 ata 2008, atinxiron a case a cuarta parte da poboación en 2013 e achegáronse ao 30 % ata 2023.


Figura 4. Lingua inicial, poboación de 15 ou máis anos, 1992-2023 (%).



Fonte. MSG-92 e IGE-2003, 2008, 2013, 2018, 2023.

Na **figura 5** preséntanse en frecuencias estimadas os datos do Módulo específico de “Coñecemento e uso do galego” da Enquisa estrutural a fogares do IGE para a poboación de 5 ou máis anos. Retrotraéndonos a principios de século, obsérvase que en 2003 máis da metade dos galegos e galegas sinalaban o idioma galego como a súa LI. Por tanto, en vinte anos produciuse un retroceso de vinte puntos (17 %), ou, se o queremos ver doutra forma, unha diminución de case 470 000 persoas galegofalantes iniciais (-469 212 persoas). Para expresalo graficamente, esta cifra representa case o dobre da poboación censada na cidade da Coruña en 2023 (INE. Padrón municipal de habitantes da Coruña, 247 376 persoas).


Figura 5. Lingua inicial, poboación de 5 ou máis anos, 2003-2023
(frecuencias estimadas).



Fonte. IGE-2003, 2008, 2013, 2018, 2023.

Na **figura 6** pode observarse a evolución da LI cos datos do IGE-2023 atendendo aos diferentes grupos de idade. Constátase aí unha evolución inversa do galego e o castelán (canto menos idade, máis castelanfalantes, e canta máis idade, máis galegofalantes), e obsérvase que o grupo chave onde se verifica a inversión é no das persoas nadas entre 1965 e 1981. Tamén destaca o importante aumento de bilingües iniciais (galego / castelán).

Figura 6. Frecuencias de lingua inicial (Li) en Galicia en 2023 por grupos de idade.




Fonte. IGE-2023. Enquisa estrutural a fogares. Modulo de coñecemento e uso do galego. Poboación galega de 5 ou máis anos.

4. Lingua habitual


Por lingua habitual enténdese a que se fala correntemente na vida diaria. Nas **figuras 7 e 8** preséntanse os resultados de **lingua habitual** do IGE-2023, na primeira en porcentaxes e na segunda en frecuencias estimadas. Segundo estes datos, como xa se ten comentado en moitos artigos xornalísticos, o idioma castelán pasa a ser a lingua maioritaria por primeira vez nunha enquisa sociolingüística cunha mostra representativa para toda Galicia. A porcentaxe de castelanfalantes habituais aumenta a un 52,94 %; esta cifra correspóndese con 1 368 419 persoas (figura 12).

Figura 7. Lingua habitual, 2023 (%).



Fonte. IGE-2023. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de coñecemento e uso do galego. Poboación galega de 5 ou máis anos.


Figura 8. Lingua habitual, 2023 (frecuencias estimadas).



Fonte. IGE-2023. Enquisa estrutural a fogares. Módulo de coñecemento e uso do galego. Poboación galega de 5 ou máis anos.

Na **figura 9** preséntanse os datos referidos á evolución da lingua habitual da poboación de 15 ou máis anos desde 1992 a 2023, excluindo as respostas “outras situacións”. Para simplificar, nas porcentaxes que se expresan na figura súmanse as respostas correspondentes dunha banda a “sempre galego” e “máis en galego que en castelán” e da outra a “sempre en castelán” e “máis en castelán que en galego”. Ata 2003 obsérvase un descenso do galego (5 % aproximadamente) e un correlativo incremento do castelán. De 2003 a 2013 o descenso do galego é máis brusco (case o 10 %), e a tendencia á baixa continúa, levemente atenuada, ata 2023 (-5,6 %). **Á vista das cifras, á altura de 2023, por primeira vez na historia o galego pasaba a ser unha lingua de uso minoritario na propia Galicia.** En frecuencias estimadas, nese ano había máis de 1170 000 falantes habituais de galego residentes en Galicia, e, tendo en conta tamén falantes ocasionais, a cifra situábase preto do 1800 000 (véxanse figuras 7 e 8).


Figura 9. Lingua habitual, poboación de 15 ou máis anos, 1992-2023.
Galego (galego + máis galego) / Castelán (castelán + máis castelán) (%).



Fonte. MSG-92 e IGE-2003, 2008, 2013, 2018, 2023.

Na **figura 10** ofrécese os datos, en cifras absolutas (redondeadas, e que deben multiplicarse por mil), referidos á evolución da **lingua habitual** da poboación de 5 ou máis anos desde 2003 a 2023, incluíndo as respostas “outras situacións”, que presentan unhas cifras baixas pero en aumento. Para simplificar, nas cifras que se expresan na figura súmanse as respostas correspondentes dunha banda a ‘sempre galego’ e ‘máis en galego que en castelán’ e da outra a ‘sempre en castelán’ e ‘máis en castelán que en galego’. Obsérvase un descenso constante do número de falantes de galego, cunha lixeira inflexión en 2018, e un correlativo incremento de falantes do castelán. De 2003 a 2013 o galego perdeu arredor de 280 000 falantes en cifras redondas, e na década seguinte perdeu por volta de 125 000 falantes, o total suma 405 000 falantes habituais menos en vinte anos. Como dixemos, á altura de 2023, por primeira vez na historia o galego ten un menor número de falantes ca o castelán residentes na propia Galicia (case 200 000 falantes menos).

Figura 10. Lingua habitual da poboación de 5 ou máis anos, 2003-2023 (IGE). Galego (galego + máis galego) / Castelán (castelán + máis castelán) (frecuencias estimadas / 1.000)



Fonte. IGE-2003, 2008, 2013, 2018, 2023.


5. A poboación máis nova

A lingua inicial e as prácticas lingüísticas deste sector da poboación resultan especialmente importantes cando se considera a vitalidade dun idioma, pois a primeira reflicte o grao de transmisión interxeracional deste no seo da familia, e, conxuntamente, dan unha indicación relevante sobre as tendencias de futuro. Isto xustifica que se preste unha atención singular ao segmento da poboación entre 5 e 14 anos, sobre o que as enquisas do IGE recollen información desde 2003.

Na **figura 11** represéntase a evolución da **capacidade para falar** dos segmentos de poboación máis nova, segundo os datos do IGE-2003-2013-2023. Nesta figura apréciase que a partir de 2003 diminúe a porcentaxe de persoas que saben falar ‘moito’, nun 13,28% no primeiro tramo (2003-2013) e nun 8,88% no segundo, o que acumula unha baixa do 22,16% en vinte anos. Na mesma figura chama poderosamente a atención o incremento das respostas ‘pouco o nada’, desde 2003: case un 5% entre 2003 e 2013 e máis dun 9% entre 2013 e 2023, o que significa que a porcentaxe de incompetencia para falar galego se duplicou nos vinte anos que van desde 2003 a 2023. Aínda que esta evolución negativa se poida achacar en parte á incorporación ao sistema educativo de fillos/as de poboación chegada de fóra de Galicia, testemuña a incapacidade do sistema educativo para fornecer os estudantes máis novos de competencia en lingua galega.


Na **figura 12** preséntanse os datos sobre a evolución da **capacidade para escribir** ‘moito’ e ‘pouco ou nada’, do segmento de poboación máis nova, de 5 a 14 anos, desde 2003 a 2023 (non hai datos anteriores para este segmento de poboación). Para maior clareza, non se inclúen os datos da resposta ‘bastante’. Na figura apréciase o incremento entre 2003 e 2013 da porcentaxe de poboación que non sabe escribir en galego (+5,66%), un incremento que adquire unha proporción extraordinaria nos dez anos seguintes (+11,38%), e que é correlativo do rápido descenso da porcentaxe da resposta ‘moito’, a cal se ve reducida a menos da metade no período de vinte anos (-22,35%), nunha tendencia descendente regular: nótese a perda de -11,40% entre 2003 e 2013, e -10,95% entre esta última data e 2023.

Figura 11. Capacidade para falar galego da poboación de 5 a 14 anos, 2003- 2023 (%).



Fonte. IGE-2003, 2013, 2023.


Figura 12. Capacidade de escribir galego moito / pouco-nada da poboación de 5 a 14 anos, 2003- 2023 (%).



Fonte. IGE-2003, 2008, 2013, 2018, 2023.

Na **figura 13** represéntase a evolución da lingua inicial da poboación de 5 a 14 anos, segundo os datos do IGE correspondentes a 2003, 2013 e 2023. Nótese a diminución do monolingüismo inicial en galego e o incremento tanto do monolingüismo inicial en castelán coma do bilingüismo. Ora, como se verá máis adiante (figuras 22 e 23), os bilingües iniciais tenden cada vez máis cara ao castelán nas súas prácticas lingüísticas. A lingua inicial resulta especialmente importante cando se considera a vitalidade dun idioma, pois, como antes se sinalou, reflicte o grao de transmisión deste no seo da familia e dá unha indicación significativa sobre as tendencias de futuro. Máis adiante tratarase este asunto.

Figura 13. Lingua inicial da poboación de 5 a 14 anos, evolución 2003-2023. (%).




Fonte. IGE-2003, 2013, 2023

Na **figura 14** ofrécese os datos, en cifras absolutas (deben multiplicarse por mil), referidos á evolución da lingua inicial da poboación de 5 a 14 anos desde 2003 a 2023. Obsérvase un descenso constante do número de monolingües iniciais en galego e un correlativo incremento de falantes iniciais do castelán. De 2003 a 2023 a cifra de falantes iniciais do galego reduciuse en case dous terzos,

ata un número de só 23 397, que é pouco máis do duplo de falantes iniciais doutras linguas nese grupo de idade (10 386). O número de bilingües iniciais en galego e castelán incrementouse de 2003 a 2008, e mantívose practicamente estancado a partir deste ano entre os 65 000 e os 70 000. En conxunto, a poboación desa idade residente en Galicia mantívose (216 080 en 2003, 218 286 vinte anos despois), cunha lixeira caída en 2008 (205 562) e en xeral con pequenas oscilacións. O número de rapaces e rapaces falantes iniciais doutras linguas incrementouse entre 2003 e 2013, sufriu un refluxo en 2018, para volver a situarse en 2023 nunhas cifras semellantes ás de dez anos antes: pouco máis de 10 000 persoas, que representaban algo menos o 5 % da poboación dese sector, pero que é case a metade da cifra dos falantes iniciais de galego.

Figura 14. Lingua inicial da poboación de 5 a 14 anos, 2003-2023
(frecuencias estimadas / 1000).




Fonte. IGE-2003, 2013, 2023

Nas **figuras 15** e **16** ofrécense os datos, respectivamente en porcentaxes e en frecuencias aproximadas, referidas á evolución da lingua habitual da poboación de 5 a 14 anos desde 2003 a 2023. Obsérvase un descenso constante do número de falantes habituais en galego (mesmo sumando monolingües e bilingües predominantemente galegofalantes) e un correlativo incremento de falantes

do castelán, especialmente de aqueles que fan un uso monolingüe. Entre 2003 e 2023, a cifra de falantes habituais de galego de entre 5 e 14 anos reduciuse en case dous terzos, situándose en 2023 arredor das 15 000 persoas que usan exclusivamente o galego. En definitiva, nun período de dúas décadas, o número de monolingües en galego diminuíu aproximadamente en 43 500 individuos.


Entrementres, o número de monolingües en castelán incrementouse de 2003 a 2013 en 25 000 individuos, aos que cómpre engadir o incremento de case 17 000 máis na década seguinte, ata un total de 42 000, aos que se poden sumar os case 10 000 máis bilingües de dominancia castelán. Téñase en conta que, como se acaba de sinalar, en conxunto a poboación desa idade residente en Galicia mantívose (216 080 en 2003, 218 286 vinte anos despois), con pequenas oscilacións. Sobre esas cifras, o galego ten 54 000 falantes habituais menos, e o castelán 51 500 falantes máis.

Figura 15. Lingua habitual da poboación de 5 a 14 anos, evolución 2003-2023 (%).



Fonte. IGE-2003, 2013, 2023.


Figura 16. Lingua habitual da poboación de 5 a 14 anos, 2003-2023
(frecuencias estimadas).



Fonte. IGE-2003, 2013, 2023.

A **figura 17** presenta os datos da lingua falada habitualmente pola poboación de 5 a 14 anos con diversos interlocutores, dentro da familia e fóra dela. Nela obsérvase que o uso máis frecuente do galego se dá no interior da familia, especialmente cos avós, e, en menor medida, co pai (22,45 %) e coa nai (19,16 %). Pola contra, o menor uso do galego dáse cos irmáns (15,97 %), cos amigos (14,86 %) e cos compañeiros de clase (14,80 %). Deste xeito, a presión da lingua dos pares queda en evidencia.


Figura 17. Lingua habitual e usos lingüísticos da poboación de 5 a 14 anos 2023 (%). Galego (galego + máis galego) / castelán (castelán + máis castelán).



Fonte. IGE-2003, 2013, 2023.

Na **figura 18** resúmese a información das figuras anteriores, presentando a evolución entre 2003 e 2023 dos datos, en porcentaxes, referentes á lingua inicial e habitual da poboación de 5 a 14 anos (para este sector da poboación non temos datos anteriores). A tendencia ao declive do galego é manifesta.

Figura 18. Lingua inicial e lingua habitual galego, da poboación de 5 a 14 anos, 2003-2023 (%).



Fonte. IGE-2003, 2008, 2013, 2018, 2023.

6. Mantemento e cambio de lingua

Nas situacións de contacto de dúas linguas, dise que hai mantemento cando un individuo retén a súa lingua de herdanza nas súas prácticas lingüísticas habituais; pola contra, o cambio de lingua implica a incorporación da lingua de contacto ás prácticas lingüísticas habituais en maior ou menor grao, ata o caso extremo de abandono total da lingua de herdanza. Os fenómenos de mantemento e cambio poden observarse nos individuos (cambio lingüístico biográfico) ou ben no proceso de transmisión interxeracional, isto é, na transferencia (total ou parcial) ou non transferencia da lingua herdada á súa descendencia.

Os cambios de lingua ao longo da vida das persoas poden deberse a múltiples motivos. Entre outros, os máis relevantes adoitan


ser os cambios de residencia, de centro educativo, de emprego, de profesión, de status social ou calquera outro que implique unha re-estruturación das redes de relación, e particularmente, que supoña a integración en novos ámbitos de socialización que favorezan ou desfavorezan o uso dunha ou outra lingua. A ruptura da transmisión interxeracional da lingua pode estar relacionada cos cambios de lingua dos individuos, mais tamén pode deberse á percepción da menor utilidade da lingua minorizada para a promoción social, ou a prexuízos de diversa índole.

A información que recollen as enquisas do IGE permite aproximarse a ambos os dous fenómenos. Canto aos cambios individuais, o cruzamento entre a lingua inicial (en que se aprendeu a falar) e a lingua habitual ofrece un indicio moi significativo. Esta operación pode facerse tamén no Mapa Sociolingüístico de Galicia de 1992, sempre tendo en conta as diferentes características da mostra, pois neste soamente se abrangue a poboación de 16 ou máis anos. Tendo isto en conta, paga a pena contrastar os resultados dese cruzamento ao longo do tempo, tomando os datos do MSG-92, do IGE-2003 e do IGE-2023 (figuras 19, 20 e 21).

O que manifestan os datos de MSG-1992, representados na **figura 19**, é que daquela, as persoas que tiñan o castelán como lingua inicial tiñan unhas prácticas máis monolingües na mesma (76 %) ca as persoas que tiñan o galego (63 %). Non obstante, existía unha maior tendencia cara ao cambio en favor do galego das persoas castelanfalantes iniciais (17 %, se sumamos cara ao bilingüismo de predominancia galego e o monolingüismo en galego), do que a favor do castelán entre as persoas galegofalantes iniciais (5 %, bilingües de predominio castelán).


Segundo os resultados do IGE-2003, como se comproba na **figura 20**, nesa altura eran os galegofalantes iniciais os máis tendentes cara ao monolingüismo na súa propia lingua (73 %, fronte a 54 % dos castelanfalantes iniciais). O cambio dos castelanfalantes cara ao galego como lingua habitual seguía sendo relativamente máis frecuente (en termos porcentuais) que o proceso inverso, ben que con tendencia a diminuír, en comparación co que acontecía en 1992 (do 17 % ao 13 %).

Figura 19. Lingua habitual segundo a lingua inicial, 1992 (%).



Fonte. MSG-92 (Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística 1994, 1995, 1996).


Figura 20. Lingua habitual segundo a lingua inicial, 2003 (%)



Fonte. IGE-2003.

Conforme se verifica na **figura 21**, en 2023, as tornas viráronse claramente en contra do galego: agora son novamente os castelanfalantes iniciais os máis proclives a manterse como monolingües (69%), mentres que os galegofalantes iniciais tenden máis cara ao bilingüismo (33%), e o cambio destes cara ao castelán presenta cifras superiores á corrente inversa, por primeira vez desde que se recollen datos (8% a favor do castelán fronte a 5% a favor do galego).

Figura 21. Lingua habitual segundo a lingua inicial, 2003 (%).




Fonte. IGE-2023.

As **figuras 22 e 23** permiten matizar máis os datos que acabamos de analizar. Nestas faise o cruzamento da lingua habitual dos individuos coa lingua recibida dos pais, isto é, a falada polos pais dos individuos con estes. Nestas figuras é significativo constatar como as prácticas bilingües acaban favorecendo o castelán, mesmo no caso de se tratar dun bilingüismo con predominio do galego, e esta é unha tendencia que se acentuou fortemente nos vinte anos que van desde 2003 a 2023. Se en 2003 o 48% dos individuos aos que seus pais lles falaban as dúas linguas con predominio do galego acabaron falando castelán, en 2023 a porcentaxe dos que acaban sendo castelanfalantes (53%) é maior ca dos que manteñen o galego. Os datos son aínda máis elocuentes cando nas prácticas bilingües


dos pais predomina o castelán: en 2003 só o 15 % dos individuos que aprenderon a falar neste ambiente acabaron sendo galegofalantes; en 2023 a porcentaxe reduciuse ao 8 %. A consideración destes datos condúcenos a outro asunto importante: a transmisión lingüística no seo das familias, que é o tema do seguinte apartado.

Figura 22. Lingua habitual segundo a lingua recibida dos pais 2003 (%).



Fonte. IGE-2003.

Figura 23. Lingua habitual segundo a lingua recibida dos pais, 2023 (%).



Fonte. IGE-2023.

7. O factor demográfico

Para explicar a evolución sociolingüística de Galicia cómpre ter en conta a evolución da demografía, concretamente, de dúas variables que poden ser relevantes: a evolución vexetativa da poboación (Saldo vexetativo de Galicia, 2023 = -18 778, IGE-INE. Movemento Natural da Poboación) e os movementos migratorios.³ Non é este o lugar para unha análise pormenorizada dos efectos sociolingüísticos da evolución destas dúas variables, non obstante, parece pertinente deixar constancia dalgunha observación.

Canto á evolución vexetativa da poboación, é ben sabido que Galicia ten unha das poboacións máis avellentadas do continente (idade media, 2023 = 48,16 anos) e unha das taxas de natalidade máis baixas de Europa.⁴ Nese contexto, como se constata en numerosos estudos sociolingüísticos (incluídos os realizados pola propia RAG) e se mostra na figura 6, existe unha relación directa entre a proporción de galegofalantes e a idade: canto maior é a idade, maior o número de galegofalantes. Ora, os grupos de idade máis vella son os que máis falecementos rexistran. Noutras palabras, cada ano que pasa, ao galego ‘mórrenlle’ moitos máis falantes dos que lle ‘nacen’.

Concretamente, segundo os nosos cálculos, entre 2003 e 2023 faleceron arredor de 440 000 falantes habituais de galego e ‘naceron’ só uns 90 000 (sumando nos dous casos ‘só galego’ e ‘máis galego’).⁵ Por tanto, a evolución vexetativa dá conta da diminución de case 350 000 falantes. Os aproximadamente 50 000 que nos faltan para


3 A taxa bruta de natalidade descendeu en dúas décadas desde os 7,54 puntos ata os 5,18 puntos (2003-2023). Neste mesmo intervalo temporal o número de persoas ‘inmigrantes externas’ (doutra comunidade autónoma e do estranxeiro) case se duplicou (33 723 – 61 766) (IGE. Indicadores demográficos).

4 Véxase, entre as numerosas publicacións ao respecto, Hernández Borge (2013). Pode verse tamén Rey (2018).

5 A base destes cálculos é a seguinte: segundo datos do INE, entre 2003 e 2023 faleceron 617 734 residentes en Galicia, dos cales 535 000 tiñan 65 ou máis anos. A media de falantes de galego dese grupo de idade no período é de aproximadamente o 75 %, isto é, algo máis de 400 000. A estes habería que engadir aproximadamente a metade dos 82 699 falecidos de menos de 65 anos, isto é, por volta das 40 000 persoas. Os nacementos no mesmo período suman 388 780 persoas. Os falantes habituais de galego de 5 a 14 anos (por tanto, nados entre 2003 e 2013) na enquisa do IGE-2015 suman 57 121. Calculando nun 17 % a porcentaxe de galegofalantes entre os nados entre 2013 e 2023, obtemos arredor de 88 000 galegofalantes entre as persoas nadas de 2003 a 2023.

explicar a perda do total de 400 000 poden saír das cifras da emigración galega cara ao exterior ou de persoas que pasaron de falar só ou máis galego a falar só ou máis castelán, que, como se bota de ver, foron escasas.

Figura 24. Lingua habitual por grupos de idade, 2023. Súmanse ‘En galego sempre’ e ‘Máis galego ca castelán’ fronte a ‘En castelán sempre’ e ‘Máis castelán ca galego’.



Fonte. IGE-2023.

Canto á inmigración, se se pon o foco nos inmigrantes menores de 16 anos (sumando os españois foráneos e os estranxeiros), compróbase que a cifra máis elevada de incremento de inmigrantes desas idades corresponde ao período 2003-2007 (30 882), bastante superior á do período máis recente, 2018-2022 (25 465). De feito, no conxunto do período 2003-2012 os inmigrantes menores de 16 anos suman 58 906, cifra considerablemente máis alta cá rexistrada no período 2013-2022, en que ascenderon a 48 237. Para darse unha idea do peso relativamente baixo desas cifras, a poboación menor de 15 anos residente en Galicia atinxía os 327 529, e en 2023 ascendía a 301 888. Isto é, a proporción de rapaces e rapazas nados fóra de Galicia non se incrementou dramaticamente nos vinte últimos

anos. Os problemas para a súa integración lingüística en galego proceden máis da súa concentración en territorios concretos (por sinal, determinados barrios urbanos ou periurbanos), das condicións sociolingüísticas ambientais deses lugares e das políticas lingüísticas xerais (en concreto, de ausencia dunha liña específica para ese sector) ca do seu número.

Finalmente, é obvio que nin a emigración nin a evolución vexetativa da poboación abundan para explicar a dramática redución da cifra de falantes de 5 a 14 anos nin o incremento exponencial das prácticas monolingües en castelán en todos os grupos de idade, que atinxe o 43 % na cohorte de 15 e 29 anos e o 54 % na rapazada de 5 a 14 anos. O mesmo se pode dicir da incapacidade para falar galego, que pasou do 18 % ao 32 % no grupo de idade máis novo (5-14 anos), ou da incompetencia para escribilo, que ascendeu do 21 % ata o 38 % nese mesmo grupo. Estas últimas cifras ofrecen unha proba rotunda das consecuencias do decreto do ‘plurilingüismo’ de 2010 e en xeral do abandono das políticas de protección do galego (incluíndo os discursos sociais que as acompañaron): o incremento do monolingüismo en castelán e a diminución tanto da competencia en galego canto do seu uso.

8. Discusións e conclusións

A información que fornece o “Módulo de coñecemento e uso do galego” das enquisas do Instituto Galego de Estatística, analizada á luz doutros traballos sociolingüísticos —entre eles, os previos do propio IGE (2003, 2008, 2013 e 2018) e os da Real Academia Galega (desde os mapas de 1992 e 2004 ata os estudos máis recentes)—, permite extraer as seguintes conclusións, que se presentan como síntese:

Por primeira vez, **o galego perde a condición de lingua habitual da maior parte da poboación**. Nas dúas últimas décadas, o número de galegofalantes (monolingües ou bilingües) descendeu en arredor de 400 000 persoas, mentres que o de falantes de castelán se incrementou en arredor de 380 000 individuos. As porcentaxes da poboación repártense de xeito semellante entre os monolingües en galego e os bilingües que falan máis castelán ou

galego, mentres **os monolingües en castelán son o grupo máis numeroso** (figuras 7 a 10).

A situación na franxa de poboación máis nova é moito peor: as persoas que falan habitualmente en galego ('sempre en galego'; 'máis en galego ca en castelán') suman un total dun 16 %, o que supón aproximadamente 34 000 galegofalantes habituais entre 5 a 14 anos, fronte arredor dun total de 180 000 de falantes de castelán. **O descenso do número de galegofalantes nas dúas décadas que van desde 2003 a 2023 é moi significativo** (figuras 14 a 18).

Canto á lingua inicial, obsérvase que un 34 % da poboación aprendeu a falar en galego, o 33 % en castelán e o 29 % nas dúas linguas. Non obstante, **o monolingüismo inicial en castelán é a opción maioritaria na poboación menor de 50 anos**, e atinxe proporcións esmagadoras nos menores de 30 anos, especialmente na cohorte entre 5 a 14 anos (figuras 3 a 6, 13 e 14).

Unha maioría ampla —pero decrecente— das persoas de 15 ou máis anos continúa declarándose capaz de falar galego. Porén, **só a metade da poboación valora a súa competencia como satisfactoria, e ademais esta porcentaxe vai a menos**, mentres que aumenta a das persoas que a consideran como escasa ou nula.

A situación é peor na escrita, xa que a porcentaxe de persoas que se valoran como incompetentes se sitúa no 40 %, con tendencia a incrementarse (figuras 1 e 2).

Pola contra, **na poboación de 5 a 14 anos** a capacidade para falar e escribir galego é **moito máis baixa**. Nesta franxa de idade, a porcentaxe de respostas “sabe falar” *moito* caeu en picado desde 2003 a 2023. O contrario sucede coas respostas *pouco* ou *nada*, que subiron a tal punto que en 2023 superan a resposta anterior. **O descenso de competencia na escrita** é igualmente vertixinoso (figuras 11 e 12). Estes resultados concordan cos estudos de avaliación externa de competencias lingüísticas (Loredó e Silva 2020; Silva 2010).

O incremento do número de castelanfalantes aliméntase, ata certo punto, dun aumento da inmigración externa. Con todo, esta non explica **esta descenso do número de galegofalantes**. E, mesmo así, cabe preguntarse por que o sistema educativo non garante a competencia en galego da rapazada procedente de fóra de Galicia ou de contextos castelanfalantes.

A maioría dos individuos que aprenden a falar en castelán manteñen a súa lingua e **tenden cara ás prácticas monolingües**, mentres que **os que aprenderon a falar en galego** manteñen menos a súa lingua e **tenden máis cara ás prácticas bilingües**. Ademais, a maioría dos individuos que aprenderon a falar nas dúas linguas **acaban priorizando o castelán como lingua habitual** (figura 20).

Seguindo coa análise dos procesos de mantemento e cambio de lingua dos individuos, comparando os datos de 2023, que acabamos de resumir, cos de 1992 ou 2003, unha vez máis conséntase unha **evolución cada vez máis desfavorable para o galego**, procesos que se veñen detectando desde que se levan realizando análises demolingüísticas en Galicia. Os castelanfalantes iniciais tenden cada vez menos cara á incorporación do galego ás súas prácticas lingüísticas, mentres que, ao contrario, os galegofalantes iniciais tenden máis cara á incorporación do castelán (figuras 19 a 21).

Con respecto aos procesos de **transmisión interxeracional**, detéctase que o mantemento da lingua recibida é maioritario, mentres que o cambio de lingua resulta, novamente, **desfavorable ao galego**. Así, rexístrase un 16 % de procesos de “desgaleguización” (persoas que recibiron o galego dos seus proxenitores e non llelo transmiten aos seus descendentes), e só un 2 % de procesos de “regaleguización” (persoas que recibiron o castelán dos seus proxenitores e lle transmiten o galego á súa prole). Tamén se constata que as prácticas bilingües dos proxenitores cos fillos acaban favorecendo un maior uso por parte dos descendentes do castelán: se os pais / nais falan máis en castelán, case todos os descendentes acaban sendo castelanfalantes habituais; mentres se os proxenitores falan máis en galego, en máis da metade das ocasións os fillos serán castelanfalantes (figuras 22 a 28).

Este último dato amosa un **incremento do bilingüismo inicial**, que creceu exponencialmente entre 2003 e 2023, e **acaba favorecendo máis o castelán có galego**, non só porque avance a custa do galego, senón porque as persoas bilingües iniciais tenderán a dar preferencia ao castelán nas súas prácticas lingüísticas (figuras 4, 5, 13 e 14).

As variables sociais e persoais que se manexan habitualmente nos estudos sociolingüísticos de carácter cuantitativo, **constrúen**

un perfil sociolóxico de galegofalantes caracterizado por ser un grupo cada vez máis avellentado, formado nunha boa parte por **persoas con estudos básicos** e que viven **en comarcas periféricas**, con **menor renda** cá media e cada vez máis **despoboadas**; nomeadamente, A Costa da Morte, o interior da provincia da Coruña, o oriente da de Lugo e o sur da de Ourense.

Salvo o trazo do progresivo avellentamento, este retrato non variou nas súas liñas fundamentais nos últimos cincuenta anos, máis ben agudizou as súas características principais. Non obstante, neste tempo xurdiu **un perfil minoritario de suxeitos galegofalantes, máis dinámicos, urbanos, con estudos medios ou superiores** e con idades inferiores á media.

Cada vez máis, **a distribución do galego tende a territorializarse** e a reducirse a áreas marxinais e descontinuas entre si. En contextos urbanos como **Vigo, A Coruña, Pontevedra ou Ferrol**, **a lingua galega está presente só marxinalmente**. En troques, **en Santiago de Compostela e Lugo** e as súas contornas periurbanas **ten unha presenza bastante sólida. Igual acontece con algunhas vilas**, como Ordes, Carballo e áreas densamente poboadas como O Barbanza ou A Mariña lucense.

En definitiva, os datos anteriores e mais os que se poden conferir no conxunto deste informe e noutra información dispoñible mostran que **o proceso de substitución do galego**, que sufriu unha desaceleración nas últimas décadas do século pasado, **gañou un novo impulso ao longo do presente século**.

O monolingüismo en castelán avanza velozmente, acandando proporcións nunca vistas na franxa de poboación escolarizada, mentres que **son os galegofalantes os que máis practican o bilingüismo**. Polo tanto, este continúa sendo un **bilingüismo en boa medida diglósico e asimétrico, por unilateral** (dos galegofalantes máis ca dos castelanfalantes) **e por substitutivo** (isto é, de transición ao castelán).

Estudos realizados pola Real Academia Galega poñen en evidencia que **nos ámbitos urbanos e periurbanos a integración no sistema de ensino**, desde a incorporación inicial ao mesmo (escolas infantís) e ao longo dos sucesivos pasos polos diferentes niveis da educación primaria e a secundaria obrigatoria, **ten un efecto**

netamente castelanizador (Monteagudo *et alii* 2021a; 2021b). Non obstante, este efecto non se debe tan só á lingua formal da docencia, senón á presión da lingua de iguais ou resto de contextos de socialización.

Á vista disto, e tendo en conta os datos sobre a evolución da competencia en galego da franxa de poboación en idade escolar (especialmente, de 5 a 14 anos), é claro que **o modelo educativo actual non está cumprindo o mandato da Lei de normalización lingüística**, que no seu Título III, *Do uso do galego no ensino*, Artigo 14.3 establece:

As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán. (Lei 3/1983, Lei de normalización lingüística. DOG, 14/X/1983)

Nin sequer cumpre os obxectivos do decreto do plurilingüismo actualmente vixente, que no seu apartado III.4 dispón:

Os principios a partir dos cales se elabora este decreto son os seguintes: 1. Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia (Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, DOG 25/V/2010)

Por tanto, existe unha disonancia patente entre os obxectivos da lei e as fórmulas aplicadas para logralos. **O cambio no modelo educativo é imprescindible para conseguilo, mais non é suficiente para reverter a situación**, senón que debe ir acompañado dun conxunto máis amplo de medidas, non só no ámbito do ensino regulado.

Nesta mesma dirección se ten pronunciado o Consello de Europa. Os sucesivos informes da institución alertaron do **incumprimento en Galicia dos compromisos recollidos na Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias** (COE 2024).

Nos dous máis recentes, o de 2019 e o de 2024, o organismo europeo sinala o modelo lingüístico do sistema educativo como

unha das principais pexas neste proceso de substitución lingüística e fai un chamado claro a modificalo (COE 2024, pp. 45-46).

Finalmente, **o descenso da presenza do galego nas últimas décadas está a situar a lingua nunha posición cada vez máis vulnerable. Pasouse de ser o idioma empregado por tres de cada catro persoas a, na actualidade, inverterse as proporcións, de modo que entre a poboación menor de 30 anos o seu uso non chega a un de cada tres.**

A pesar diso, e tendo en conta a notable vitalidade do idioma así como o firme compromiso de sectores significativos da cidadanía galega, esta tendencia pode considerarse reversible. Por iso, cómpre poñer en marcha con urxencia políticas lingüísticas eficaces, sustentadas tanto no impulso das institucións coma no apoio maioritario da sociedade.

Referencias bibliográficas

- COE = Committee of Experts of the European Charter for Regional or Minority Languages (2024). *Sixth Evaluation Report on Spain* (18/06/2024). Strasbourg: Secretariat of the European Charter for Regional or Minority Languages Council of Europe. Dispoñible en <https://rm.coe.int/spainecrml6-en/1680b1b32d>
- Hernández Borge, Julio (2013). *Galicia, unha poboación avellentada*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Instituto Galego de Estatística, IGE (2003, 2008, 2013, 2018, 2023). Módulo de coñecemento e uso do idioma galego. En: *Enquisa de condicións de vida das familias I Enquisa estrutural a fogares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dispoñible en https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004
- Loredo, Xaquín e Silva Valdivia, Bieito, eds. (2020). *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumna-do de 4º da ESO*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.372

- Monteagudo, Henrique, dir. (2011). *O idioma galego na sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2008*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; e Vázquez, Martín (2016). *Lingua e sociedade en Galicia: A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.305
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; e Vázquez, Martín (2018). *Lingua e sociedade en Galicia. Resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.327
- Monteagudo, Henrique; Loredó Gutiérrez, Xaquín; Vázquez-Grandío, Gabino S.; e Gómez Martínez, Lidia (2021). *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.380
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; Vázquez-Grandío, Gabino S.; e Nandi, Anik (2021). *Prácticas lingüísticas na infancia: A xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.389
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; e Vázquez-Grandío, Gabino S. (2024). *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023: Análise da enquisa sobre coñecemento e uso do idioma galego (2023) e da evolución sociolingüística de Galicia (1992-2023)*. A Coruña. Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.445
- Monteagudo, Henrique e Lorenzo Suárez, Anxo, dirs. (2005). *A sociedade galega e o idioma, A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Sección de Lingua.
- Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística (1994). *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia. Compendio do I volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/122>
- Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística (1995). *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.128

- Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística (1996). *Actitudes lingüísticas en Galicia. Compendio do III volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.131
- Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística (2007). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume I: Lingua incial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.207
- Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística (2008). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume II: Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.224
- Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística (2011). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume III: Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.244
- Rey, Manuel (2018). Oito gráficos sobre o avellentamento e o despoboamento en Galicia. *GCiencia*. 4/IV/2018. Dispoñible en <https://www.gciencia.com/fotonautas/graficos-avellentamento-galicia/>
- Silva Valvidia, Bieito, ed. (2010). *Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán*. Investigación Educativa 23. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

MAPA SOCIOLINGÜÍSTICO ESCOLAR DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: LINGUA, MOBILIDADE E TERRITORIO

Martín Vázquez Fernández

Real Academia Galega

Seminario de Sociolingüística

martin.vazquez.fernandez@gmail.com

ORCID: 0000-0001-8225-5557

Resumo: As principais enquisas demolingüísticas realizadas nas últimas décadas reflicten que o número de falantes de galego é cada vez menor. A substitución lingüística do galego polo castelán debe entenderse como un proceso complexo, no sentido de poliédrico e historicamente condicionado, onde diferentes dimensións se entrelazan de forma dinámica. Unha das dimensións que cómpre atender ten que ver coa reconfiguración demográfica e socioeconómica en Galicia que afectou a distribución das linguas no territorio. Estas transformacións están ligadas ao avellentamento da poboación, á urbanización (e consecuente desruralización) e á terciarización da economía. Á altura de 2025, determinados indicadores sociais, demográficos e sociolingüísticos comprometen xa a continuidade xeracional da lingua galega.

Neste contexto, o sistema educativo convértese nun espazo clave para observar as dinámicas de desprazamento ou mantemento lingüístico, xa que nel conflúen procesos de socialización, políticas públicas e prácticas familiares. O caso de Santiago de Compostela, capital administrativa e cidade universitaria do país, ofrece un escenario especialmente relevante para a análise sociolingüística, tanto pola diversidade da súa rede escolar (público, concertado e privado) coma pola súa estrutura urbana e a mobilidade residencial que caracteriza a cidade.

Este traballo presenta unha achega de resultados do *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela*, unha investigación que combina datos sociolingüísticos e sociodemográficos recollidos entre o profesorado, o alumnado e as familias da educación primaria, secundaria e postobligatoria da cidade. Inspirado en estudos previos como o *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*, o proxecto busca

identificar os factores que estruturan a distribución da poboación no ámbito escolar compostelán segundo a súa relación coas dúas linguas oficiais. A análise aquí exposta céntrase, especialmente, nas relacións entre lingua, mobilidade e territorio. O obxectivo final é integrar estes saberes sobre as dinámicas sociolingüísticas do concello desde unha lectura crítica e situada a fin de repensar as políticas lingüísticas educativas, regradas e non regradas.

Palabras chave: demolingüística, territorio, mobilidade, escola, lingua galega.

Title: The School Sociolinguistic Map of Santiago de Compostela: Language, Mobility and Territory

Abstract: The main demolingüistic surveys conducted in recent decades show that the number of Galician speakers is decreasing. The language shift from Galician to Spanish should be understood as a complex, multifaceted, interconnected and unpredictable process, where different dimensions are dynamically intertwined. One of the dimensions to be addressed is related to the demographic and socio-economic reconfiguration in Galicia, which has affected the distribution of languages in the territory. These transformations are linked to the ageing of the population, urbanization (and resulting de-ruralization) and the tertiarization of the economy. In 2025, the generational continuity of the Galician language is now being hampered by certain social, demographic and sociolinguistic indicators.

In this context, the educational system becomes a key space for observing the dynamics of linguistic displacement or maintenance, since it is where the processes of socialization, public policies and family practices converge. The case of Santiago de Compostela, Galicia's administrative capital and a major university city, offers a particularly relevant scenario for sociolinguistic analysis, both because of the diversity of its school network (public, private and subsidized) and because of its urban structure and the residential and educational mobility by which it is defined.

This article discusses the results of the *School Sociolinguistic Map of Santiago de Compostela*, an investigation that combines sociolinguistic and sociodemographic data collected from teachers, students and families in the primary, secondary and post-secondary educational sector in the city. Inspired by previous studies such as

the *Ames School Sociolinguistic Map*, the project seeks to identify the factors that have structured the distribution of the population in the school environment of Santiago de Compostela, with particular focus on the use and presence of the two official languages. The analysis presented here examines in particular the relationships between language, mobility and territory. The final objective is to integrate this knowledge on the sociolinguistic dynamics of the city council on the basis of a critical and situated reading, which will enable us to rethink formal and informal educational language policies.

Key words: demolinguistics, territory, mobility, school, Galician language.

Xustificación

Goretti Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela

A elaboración dun mapa sociolingüístico escolar no concello de Santiago de Compostela é unha iniciativa fundamental para comprender en profundidade a realidade lingüística da infancia e da mocidade no ámbito educativo local. Este estudo, levado a cabo polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega por encargo do Concello, busca recompilar datos actualizados sobre o uso, as actitudes e a competencia comunicativa en galego de alumnado, profesorado e familias. A información resultante será vital para deseñar e implementar políticas lingüísticas eficientes que impulsen o uso do galego entre as novas xeracións e aseguren o futuro da lingua propia.

A relevancia de contar cunha unidade municipal dedicada a poñer en práctica políticas lingüísticas permite que os concellos actúen como axentes activos e próximos á cidadanía e que adapten as accións ás realidades sociolingüísticas específicas de cada localidade. Neste sentido, o Concello de Santiago de Compostela foi e é pioneiro, pois dotouse dun Departamento de Lingua Galega xa no

ano 1989 que leva traballando en promover e normalizar o uso do galego desde aquela data.

O Concello de Santiago de Compostela ten múltiples razóns para emprender este estudo. Como capital de Galiza, a cidade posúe unha responsabilidade simbólica e cultural destacada e desenvolve diversas iniciativas na promoción do galego. Con todo, é crucial avaliar o impacto real destas accións e identificar as barreiras que dificultan o uso habitual do galego nos centros educativos e en actividades de lecer e deportivas.

Ademais, a situación sociolingüística de Galiza mostra unha preocupante diminución do galego como lingua inicial e habitual entre a mocidade, unha tendencia que tamén afecta a Santiago a pesar de ser a cidade con máis galegofalantes en número e en porcentaxe. Factores como a presión do castelán, a perda da transmisión familiar e a percepción dun uso limitado do galego en contextos formais inflúen negativamente.

Neste contexto, o Concello entende que non é posible deseñar políticas lingüísticas efectivas sen un diagnóstico claro e actualizado. O *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela* permitirá:

- Detectar padróns de uso lingüístico por idades, etapas educativas, zonas xeográficas e tipo de centros.
- Coñecer as actitudes lingüísticas do alumnado (percepción, valor, ámbitos de uso, nivel de competencia), o que axudará a comprender as razóns subxacentes ás súas prácticas lingüísticas.
- Recoller a percepción do profesorado e das familias sobre o uso do galego, as dinámicas lingüísticas entre iguais e os obstáculos máis frecuentes.
- Identificar boas prácticas que poidan ser replicadas.

Este estudo rigoroso, cun precedente moi próximo no concello de Ames, é unha base indispensable para o desenvolvemento de políticas públicas coherentes. Sen datos concretos, as intervencións corren o risco de seren improvisadas e ineficientes. O mapa permitirá identificar problemas, priorizar accións, asignar recursos de forma xusta e avaliar resultados, establecendo ademais unha liña

de base para futuras comparacións e unha planificación a medio e longo prazo.

Adicionalmente, a participación da comunidade educativa na elaboración do mapa contribúe inequivocamente a xerar conciencia lingüística, mobilizando e dinamizando o compromiso co galego.

En definitiva, a elaboración do *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela* non só proporcionará un diagnóstico fiable, senón que tamén representa un compromiso coa normalización lingüística. Promover o galego desde a escola garante o dereito do alumnado a vivir e a formarse na nosa lingua; asegurando a súa competencia e potenciando o seu uso contribuiremos a que o galego siga sendo unha lingua viva, útil e presente en todos os ámbitos da vida.

1. Introducción

A situación sociolingüística de Galicia vén marcada nas últimas décadas por un proceso sostido de substitución lingüística, en que o galego cede espazo ao castelán como lingua inicial, habitual e vehicular entre as xeracións máis novas (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016). A análise das principais enquisas demolingüísticas (Monteagudo, Loredó e Vázquez-Grandío 2024) coinciden en sinalar unha tendencia regresiva do uso do galego, especialmente nas contornas urbanas e periurbanas, onde se concentra a poboación máis nova e máis diversa socialmente (Monteagudo, Loredó, Nandi e Salgado 2019).

As coordenadas sociais do bilingüismo en Galicia definíronse tradicionalmente arredor de catro eixes fundamentais: o hábitat, a estratificación social, o nivel de estudos e a idade. Estes factores seguen a desempeñar un papel relevante na configuración do comportamento lingüístico,¹ aínda que as transformacións sociais das últimas décadas están a alterar de maneira crecente a relación entre


1 Así mesmo, cómpre considerar como hipótese de traballo que algunhas destas variables poidan dominar sobre outras. Neste sentido, o hábitat podería actuar como a variable que mellor predí o comportamento lingüístico por riba da propia “clase social”: nas áreas rurais produciríase unha nivelación a favor do galego, mentres que nas urbanas esta tendería a favorecer o castelán.

clase social e nivel educativo —particularmente se atendemos, por unha banda, ao xurdimento dun proletariado urbano eminentemente castelanfalante e, por outra, ao acceso á educación superior das clases populares—. A comprensión desta transformación vese dificultada pola falta de datos actualizados e detallados nas enquisas poboacionais, que veñen producindo un apagamento demolingüístico destas dúas variables clave.

O proceso de substitución lingüística en marcha e a distribución dos usos lingüísticos en Galicia non poden explicarse como unha consecuencia lineal ou mecánica da modernización, senón como un proceso complexo no que interactúan dimensións socio-históricas (Monteagudo 2017), demográficas e socioeconómicas (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016, pp. 27-36), educativas (Loredó e Silva 2020; Rodríguez Carnota 2022), políticas (Monteagudo e Bouzada 2002a; Consello da Cultura Galega 2012), ideolóxicas (Iglesias Álvarez 2003; Formoso Gosende 2013) e territoriais (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016, pp. 133-170). Con todo, no marco deste proceso macrosocial de substitución lingüística, conviven dinámicas como o mantemento da lingua (Monteagudo, Nandi e Loredó 2020) ou os procesos de recuperación (O'Rourke e Ramallo 2015) —contraditorias coa dinámica macrosocial aínda que cuantitativamente limitadas (Vázquez Fernández 2025, pp. 88-106)—.

Un dos factores de maior impacto no cambio da distribución dos usos en Galicia ten que ver coa reconfiguración demográfica e socioeconómica que afectou á distribución das linguas no territorio. Estas transformacións teñen que ver co avellentamento da poboación, a urbanización (e consecuente desruralización) e a terciarización da economía (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016, pp. 27-36). Na actualidade, determinados indicadores sociais, demográficos e lingüísticos comprometen a súa continuidade histórica. De forma concisa, isto pódese ver na lectura conxunta dos seguintes mapas:

Figura 1. Grao de avellentamento (a), densidade poboacional (b) e porcentaxe de galegofalantes (c) por áreas comarcais.² 2023



Fonte: Elaboración propia a través dos datos do Instituto Galego de Estatística 2023 con Datawrapper. Modificado de Ramallo e Vázquez (2020)

Isto é, os lugares máis avellentados (a) e os menos densamente poboados (b) son aqueles onde se atopa a maior porcentaxe de galegofalantes (c). Neste sentido, a pesar de que territorialmente a presenza do galego como lingua habitual sexa maioritaria (c), albíscase o perigo dunha substitución lingüística vexetativa en tanto os lugares con máis galegofalantes son tamén os máis avellentados (a-c) (Fernández 2017, pp. 249-250). Porén, en sociedades modernas con baixa natalidade e co aumento da esperanza de vida, tales cambios poden tardar tempo en verse. Así mesmo, a baixa presenza do galego nos núcleos máis densamente poboados (b-c) é un feito de grande importancia desde unha sociolingüística política debido á asociación material e simbólica entre modernidade, urbanidade e lingua (Ramallo e Vázquez 2020, p. 219). Isto é particularmente relevante se entendemos que, xa desde hai anos, Galicia é fundamentalmente urbana (Lois e Pino 2015) e industrial (Baamonde 2024).

Outras dimensións que cómpre atender, directamente relacionadas co anterior, son a ruptura da transmisión lingüística interxeracional e o descenso da presenza da lingua propia de Galicia entre a xente máis nova, que se fai máis evidente nos núcleos urbanos e periurbanos (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2018). Con todo, mesmo nos casos en que se garante a transmisión interxeracional do galego no seo familiar, a súa retención por parte da descendencia non está

2 Clave de lectura: a intensidade na cor reflicte o maior grao da variable en cuestión.

asegurada. A literatura recente en sociolingüística evidencia unha crecente disociación entre a socialización primaria e os contextos de socialización secundaria, os cales adquiren un peso crecente nos procesos de conformación lingüística (Monteagudo, Loredó, Vázquez-Grandío e Nandi 2021). Nestes espazos —especialmente nas interaccións entre iguais— obsérvase unha tendencia xeneralizada á converxencia cara ao castelán como lingua vehicular dominante.

O último informe publicado sobre os datos demolingüísticos polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (Monteagudo, Loredó e Vázquez-Grandío 2024) reafirma estas tendencias: a) perda do galego da condición de lingua maioritaria da poboación; b) ruptura da transmisión do galego na familia c) tendencia ao monolingüismo habitual en castelán dos castelanfalantes iniciais fronte ao bilingüismo habitual dos galegofalantes iniciais; d) unha situación moi desfavorable nas xeracións máis novas. A partir destes últimos datos, as preocupacións sociais sobre a lingua no discurso público xiraron arredor de dous eixes: a poboación inmigrante e a súa alfabetización e as xeracións máis novas en relación ás competencias e ao uso do galego.

Neste sentido, cómpre apuntar que no que vai de século Galicia experimenta de forma intensa o fenómeno da migración, aínda que de forma cuantitativamente menos relevante que a media española: pasou dunha porcentaxe de poboación estranxeira do 0,9 % ao 5,2 % en 2023 mentres no Estado aumentou do 4 % ao 13,4 % (Observatorio Galego de Dinamización Demográfica 2024, p. 20). O aumento da diversidade lingüística como consecuencia dos fluxos migratorios reflíctese nos censos, cun incremento da poboación que declara ter como lingua inicial linguas diferentes do galego e do castelán, que aumenta do 0,6 % ao 3,4 % entre 1992 e 2023 (Monteagudo, Loredó e Vázquez-Grandío 2024, p. 18). Porén, en menores de 16 anos, a porcentaxe de persoas nadas fóra de España reduciuse en 3,5 puntos entre 2001 e 2021 (Monteagudo, Loredó e Vázquez-Grandío 2024, p. 19). Isto indica que a explicación do comportamento lingüístico das novas xeracións non pode centrarse exclusivamente na variable migratoria.

Nos últimos anos, as xeracións máis novas son albo de maior atención, tanto pública coma académica. O informe do Seminario

de Sociolingüística da Real Academia Galega dedícalles un apartado propio a estas persoas menores de 15 anos para poñer de relevancia o baixo uso e coñecemento do galego neste sector de poboación. Parello á presión desgaleguizadora do contexto escolar, non tanto dependente da lingua de docencia, senón dos procesos de socialización que se viven nos centros (Monteagudo, Loredó e Vázquez-Grandío 2024, p. 63), constátase o feito de que a regulación lingüístico-escolar vixente semella non cumprir integramente cos seus obxectivos normativos. Tampouco cos compromisos acadados nos tratados internacionais, tal e como recolle o último informe do Consello de Europa para o galego en Galicia (Council of Europe 2024, p. 106) Obsérvanse desequilibrios importantes entre as linguas de aprendizaxe: unha competencia máis alta en castelán ca en galego, especialmente nos falantes habituais de castelán. Tales desequilibrios acentúanse no ámbito urbano e nos centros privados, mentres que se detecta unha maior homoxeneidade competencial no alumnado do rural e nos centros públicos (Loredó e Silva 2020, pp. 137 e ss.).

Neste contexto xorde o proxecto do *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela* cos obxectivos políticos e investigadores expresados anteriormente. Este proxecto ten antecedentes recentes e distantes, tanto da banda da análise demolingüística da cidade de Santiago de Compostela, coma da análise da situación dos escolares en relación á lingua galega. Respecto da primeira, a análise da situación demolingüística de Santiago de Compostela apóiase no estudo levado a cabo por Cidadanía (2002) sobre a situación da lingua galega no concello de Santiago de Compostela, unha exploración demolingüística dunha submostra para Santiago do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística 1994) complementada cunha aproximación cualitativa por sectores que recuperaremos na discusión.

Respecto da segunda, o estudo de Monteagudo e Bouzada (2002b) constitúe un sólido precursor, en tanto fai un percorrido da relación entre lingua e sistema educativo, así como traballo de campo nos centros de infantil e primaria de Galicia. Este estudo, ademais de facer unha primeira diagnose da introdución da lingua galega na educación, sinalaba algunha das eivas que aínda seguen

presentes: a) un ambiente lingüístico favorable ao castelán, incluso alí onde o galego é predominante; b) unha desatención ao alumna-do galegofalante nos cursos de educación infantil e primaria, onde primaba a lingua maioritaria da clase; c) unha desconexión entre a escola e asociacións veciñais e sociais locais.

O antecedente directo deste traballo é o *Mapa sociolingüístico escolar de Ames* levado a cabo polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (Monteagudo, Loredó, Gómez e Vázquez-Grandío 2021), así como o traballo precursor *A lingua no CEIP Agro do Muíño* (Loredó e Gómez 2018), un estudo de caso dun centro escolar no concello de Ames. Neles radiografáronse os centros escolares de Ames sobre o universo poboacional mostrando os datos por centro educativo e explorando as principais variables educativas (etapa e tipo de centro) e indicadores clásicos traballados na sociolingüística galega (prácticas, competencias, actitudes etc.). As conclusións do *Mapa de Ames* inciden no proceso de abandono do galego da poboación escolar ao longo da súa traxectoria escolar (Loredó e Vázquez-Grandío 2022a, 2022b).


Neste traballo presentarei brevemente unha achega preliminar dos resultados do *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela* atendendo a tres aspectos interconectados: a lingua de aprendizaxe, a práctica lingüística e a súa retención; a relación entre lingua, lugar de nacemento e mobilidade; e as xeografías lingüísticas dos escolares de Santiago de Compostela.

2. A demolingüística de Santiago de Compostela

O estudo de Cidadanía (2001, p. 193 e ss.) concluía, con datos dos anos 90 procedentes do MSG-91, que o galego en Santiago era a lingua da maioría dos composteláns e compostelás, consonte a tónica xeral na Galicia da época, pero cunha situación sociolingüística especialmente máis favorable que noutras áreas urbanas. Porén, as xeracións máis novas xa non a tiñan como lingua habitual como efecto da perda da transmisión familiar da lingua galega. Desta forma, o informe poñía de relevancia unha redución continua do número de falantes derivada dunha substitución lingüística vexetativa, pola cal cada persoa maior que morría, galegofalante, era

substituída por outra nova, castelanfalante. A fortaleza da lingua galega en Santiago de Compostela atópase ligada aos ámbitos máis tradicionais, particularmente o das relacións de carácter máis informal, e tamén aos territorios máis rurais fronte a un uso máis marcado do castelán nas zonas centrais da cidade.

Figura 2. Lingua habitual nos principais barrios da cidade de Santiago de Compostela (1991)³



Fonte: Cidadanía (2001, p. 85)

A particularidade de Santiago respecto a outras cidades de Galicia é que a súa tardía urbanización atrasou os procesos sociais vinculados a esta, entre eles os sociolingüísticos. Á altura dos anos 90 a urbanización nesta cidade era un proceso que se atopaba en curso, mentres que en cidades como A Coruña, particularmente, este estaba xa ben avanzado. Así mesmo, a importancia das localidades veciñas e a zona rural de Santiago facían que o galego tivese unha presenza maior debido á atracción da cidade (Cidadanía 2001). Este feito pódese observar na distribución territorial das medias da

3 A variable “Lingua habitual” exprésase nunha media comprendida entre 1 (só castelán) e 4 (só galego).

lingua habitual, nas que se diferencian un núcleo histórico e un centro da cidade máis castelanfalante que as zonas veciñas e, particularmente, que as parroquias rurais.

Así mesmo, no citado informe resaltábase a situación diferencial de Santiago pola súa condición de capitalidade institucional e pola súa relevancia cultural. A condición de sede das principais institucións autonómicas contribúe a consolidar usos formais do galego na Administración, o que posibilita un uso instrumental da lingua con valor engadido. Ademais, o prestixio cultural da cidade, con gran parte da súa produción cultural en galego e cunha forte presenza da lingua en espazos como o teatro, a literatura ou os medios públicos autonómicos, reforza o seu uso simbólico e social. Con todo, no estudo de Cidadanía (2001) tamén se sinala o risco de que a presenza do galego se restrinxa a contextos institucionalizados e formais, sen ter continuidade nas interaccións máis cotiás, o que podería derivar nun proceso de ritualización do seu uso.

Atendendo aos cambios nestas catro décadas, podemos sinalar tres cuestións interrelacionadas: a situación demolingüística de Santiago de Compostela, a súa relación cos procesos de urbanización e transformación sociolingüística e a súa diferenza coas demais cidades galegas. Para isto presentamos unha táboa sobre a lingua inicial e outra sobre a lingua habitual en Santiago de Compostela con datos de 2023:

Táboa 1. Lingua inicial Santiago de Compostela. 2023

	Total <i>n</i> (%)	10-19 anos <i>n</i> (%)
<i>Castelán</i>	37 488 (39,5)	5 362 (56,3)
<i>Galego</i>	28 944 (30,5)	999 (10,5)
<i>As dúas por igual</i>	24 558 (25,8)	2 618 (27,5)
<i>Outra/s</i>	4 017 (4,2)	554 (5,8)
<i>Total</i>	95 007 (100)	9 533 (100)
<i>Media</i> (DT)		
<i>Cast. (0) – Gal. (1)</i>	0,45 (0,42)	0,26 (0,36)

Fonte: IGE 2023. Elaboración propia

Táboa 2. Lingua habitual en Santiago de Compostela. 2023

	Total <i>n</i> (%)	10-19 anos <i>n</i> (%)
<i>Soamente castelán</i>	23 306 (25,2)	4 959 (54,0)
<i>Máis castelán que galego</i>	28 072 (30,3)	2 747 (29,9)
<i>Máis galego que castelán</i>	20 089 (21,7)	1 143 (12,4)
<i>Só en galego</i>	21 128 (22,8)	337 (3,7)
<i>Total</i>	92 594 (100)	9 186 (100)
<i>Media</i> (DT)		
<i>Cast. (0)–Gal. (1)</i>	0,47 (0,37)	0,22 (0,28)

Fonte: IGE 2023. Elaboración propia

En 2023, a maioría da poboación residente en Santiago de Compostela declarou o castelán como a súa primeira lingua (39,5%), seguida polo galego (30,5%) e por quen declarou ser bilingüe inicial (25,8%). No caso da lingua habitual, tamén predomina o castelán: un 25,2% fala só castelán e un 30,3% fálao maioritariamente, fronte a un 22,8% que fala só galego e un 21,7% que o emprega máis que o castelán. En conxunto, os datos evidencian un contexto de contacto lingüístico cunha tendencia moderadamente favorable ao castelán tanto na socialización inicial coma nos usos habituais, unha imaxe que racha coa descrita anos antes polo estudo de Cidadanía pero que coincide coas súas previsións de futuro (2001).

Na liña das previsións deste estudo, os datos das xeracións máis novas, entre 10-19 anos á altura do 2023, segundo o IGE,⁴ mostran unha imaxe de Santiago de Compostela cunha substitución lingüística avanzada (*vid.* táboas 1 e 2, segunda columna). Esta tendencia é coherente co exposto no anterior apartado e, concretamente,

4 Tomamos este corte de idade por dous motivos. O primeiro é que permite comparar a nosa mostra con esta; o segundo é porque a partir desta idade as preguntas de Lingua inicial e Lingua habitual comezan a ter máis sentido. Con todo, cómpre apuntar que se mesturan dous tramos de idade diferente no que as metodoloxías empregadas son tamén diferentes (véxase o apartado metodolóxico da *Enquisa estrutural aos fogares. Coñecemento e uso do galego* do IGE para máis información).


no estudo de Cidadanía (2001) e noutros estudos demolingüísticos sobre Galicia (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016).

A tardía urbanización en Santiago desenvólvese cara ao sur e crea unha continuidade urbana en conxunto cos concellos de Teo e Ames. Este fenómeno de periurbanización, visible xa a principios dos 90, explica o crecemento das zonas limítrofes á cidade de Santiago de Compostela en detrimento da propia cidade (Ferrás e Lois 1993). A contraurbanización, entendida como fenómeno de abandono dos centros urbanos por parte dos sectores máis acomodados, contribuíu tamén a este estancamento poboacional da capital do país. Deste xeito, e co paso dos anos, Santiago transfórmase nunha área urbana de máis de 150 000 habitantes (Lois e Piñeira 2011). Ademais, a alta mobilidade poboacional dos concellos de Teo, Ames, Oroso e Brión vén configurando na última década unha área metropolitana interconectada (Concello de Santiago s/d, p. 126).

O fenómeno da periurbanización (e contraurbanización) sumado á configuración dunha área metropolitana interconectada inciden na configuración lingüística de Santiago de Compostela e amosan a presión que as contornas limítrofes, máis galegófonas que a propia cidade, efectúan sobre a cidade. Así mesmo, a urbanización parcial de Santiago e o efecto da contraurbanización nos concellos limítrofes debuxan unha estrutura territorial en Santiago de Compostela que pode ser comprendida no eixe norte/sur (figuras 3 e 4).


Tal e como mostran as figuras, territorialmente, Santiago ten a particularidade de manter unha parte do seu concello cun baixo desenvolvemento urbanístico, só comparable con Lugo, á vez que crece territorialmente cara aos concellos limítrofes de Teo, Ames e Vedra. O crecemento da cidade cara ao sur é un proceso diferencial respecto ás outras cidades galegas que crecen dunha forma radial (Instituto Galego de Estatística 2016). Ademais desta particularidade territorial, o carácter de capitalidade institucional, a relevancia cultural e ser lugar de establecemento de parte da estrutura autonómica outórganlle outra singularidade fronte ás demais cidades galegas.

Figura 3. Grao de urbanización por parroquia en Santiago de Compostela (contorna vermella) e concellos limítrofes.⁵ 2016



Fonte: Adaptación IGE (2016)⁶

Figura 4. Distribución da poboación en Santiago de Compostela por km².⁷ 2020



Fonte: Instituto Galego de Estatística; Pérez-Ríos e Santiago-Pérez 2022

- 5 Clave de lectura: morado, zona densamente poboadas; azul escuro, zona intermedia (alta); azul claro, zona intermedia (baixa); verde escuro, zona pouco poboadas (alta); verde claro (non presente no mapa); zona pouco poboadas (media); amarelo claro, zona pouco poboadas (baixa).
- 6 Disponible en <https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=es&ruta=openOSMParroquiasGSU.jsp?ano=2016&cod=8050;8051;8052;8053>
- 7 Clave de lectura: maior densidade de poboación a maior intensidade de cor.

Se nos centramos nunha perspectiva comparada, a análise sociolingüística das cidades galegas mostra unha división entre as cidades de costa —Vigo, Pontevedra, A Coruña e Ferrol—, fronte ás do interior —Santiago de Compostela, Lugo e Ourense— (Ramallo e Vázquez 2020, p. 219). Entre elas, a particularidade de Santiago é a de estar na franxa espacial da autoestrada do Atlántico, onde se concentra a maior carga empresarial e económica de Galicia (Ferrás e Lois 1993), á vez que conserva unha dinámica sociolingüística típica das cidades do interior.

Os datos comparativos das sete cidades galegas (táboa 3) confirman unha tendencia xeral á perda de galegofalantes, especialmente no que atinxe á lingua inicial. As diferenzas na composición sociolingüística urbana continúan a reproducir o padrón descrito en análises anteriores (Ramallo e Vázquez 2020, p. 219): maior presenza de galegofalantes nas cidades do interior —incluída a capital— fronte ás cidades atlánticas, máis castelanizadas. Cómpre salientar, porén, o acusado descenso do galego como lingua inicial en Ourense (-17,3), así como unha caída significativa tanto na lingua inicial coma na habitual na cidade de Lugo ($\approx 10\%$). No conxunto, mantense a distancia estrutural entre cidades costeiras e cidades do interior. Neste contexto de cambio sociolingüístico, Santiago destaca actualmente como a cidade con máis galegofalantes habituais, tanto en cifras absolutas —superando Vigo— coma en termos porcentuais —por riba de Lugo.

En xeral, o retroceso da lingua inicial é máis acusado que o uso habitual, o que pode apuntar a procesos de retención parcial do uso entre sectores que xa non a adquiren unicamente como lingua de socialización primaria, isto é, que responden “as dúas” a esta pregunta. Con todo, tal e como dixemos máis arriba, as transformacións demolingüísticas das cidades débese encadrar en procesos máis amplos de áreas urbanas e metropolitanas. No caso de Santiago e a súa periferia, tanto a cidade (5159; +5%) coma o seu periurbano (+3929; +4%) creceron nos últimos dez anos segundo o IGE (2013-2023), unha dinámica que non é compartida por todas as cidades

Táboa 3. Galegofalantes¹ iniciais e habituais nas sete cidades galegas. Datos do 2023 e diferenza con 2013²

	Galegofalantes iniciais		Galegofalantes habituais	
	2023 <i>n</i> (%)	Dif. (2013) <i>n</i> (%)	2023 <i>n</i> (%)	Dif. (2013) <i>n</i> (%)
<i>Santiago de Compostela</i>	28 944 (31,8)	-4 327 (-6,6)	41 217 (44,5)	213 (-2,4)
<i>Lugo</i>	36 392 (41)	-6 894 (-9,6)	35 267 (39,3)	-7 160 (-10,2)
<i>Ourense</i>	18 648 (20)	-16 597 (-17,3)	36 213 (37,9)	-694 (-0,8)
<i>Pontevedra</i>	12 013 (15,8)	-1 643 (-2,9)	17 739 (23,2)	-330 (-1,1)
<i>A Coruña</i>	33 384 (14,6)	-10 849 (-5,4)	36 051 (15,5)	-12 474 (-6,1)
<i>Ferrol</i>	4 678 (7,8)	-2 380 (-3,1)	8 298 (13,6)	-1 462 (-1,3)
<i>Vigo</i>	28 084 (10,5)	-14 923 (-5,8)	36 898 (13,5)	-14 368 (-5,6)
<i>Periurbano Santiago</i> ³	55 252 (58,9)	1 819 (-1,7)	60 319 (63,4)	-2 125 (-6,9)

Fonte: IGE 2023. Elaboración propia

- 1 Por “galegofalantes iniciais” referímonos ás persoas que contestaron “galego” á pregunta sobre lingua inicial; para “galegofalantes habituais” referímonos ás persoas que contestaron “só galego” e “máis galego ca castelán” á pregunta sobre lingua habitual. Exclúense os valores “outras”.
- 2 Para interpretar correctamente a diferenza entre os datos de 2013 e 2023 sobre lingua inicial e habitual é necesario considerar tamén a evolución demográfica das cidades. Só así se entenden dinámicas que, a primeira vista, poden parecer contraditorias: por exemplo, en Santiago de Compostela medra o número absoluto de galegofalantes entre 2013 e 2023, mais a súa proporción dentro da poboación total diminúe debido ao incremento xeral de habitantes. Así mesmo, para interpretar axeitadamente a relación entre a caída de galegofalantes iniciais e habituais cómpre ter presente que a diminución do galego como lingua inicial —como ocorre en Ourense— pode traducirse no aumento de respostas como “as dúas”, sen que isto implique necesariamente unha redución proporcional dos galegofalantes habituais (vid. nota 8).
- 3 Comarcas da Barcala, O Sar e Santiago de Compostela (agás o concello de Santiago) segundo o Instituto Galego de Estatística.

galegas.⁸ A substitución lingüística aquí segue presente, tanto na redución de galegofalantes habituais (-6,9%) coma iniciais (-1,7%), unha dinámica sociolingüística substitutoria tipicamente urbana.

3. Metodoloxía

O *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela* baseouse na recollida de datos mediante tres enquisas dixitais diferenciadas por colectivo: alumnado, profesorado e familias. A participación alcanzou un total de 3 808 estudantes, 390 docentes e 1 224 familias, unha mostra ampla e sólida a nivel empírico. Se o comparamos co tamaño de mostra doutras investigacións anteriores, o traballo de campo do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* sobre a cidade consta de 1 153 enquisas, unha mostra xa moi nutrida que, como diferenza fundamental, é representativa de todo o universo poboacional da cidade (Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística 1994).

A enquisa ao alumnado foi administrada presencialmente nos centros e cuberta baixo supervisión docente, desde 5º de educación primaria ata os ciclos formativos. A das familias dirixiuse aos titores legais do alumnado de infantil e os primeiros catro cursos de primaria e foi distribuída polas canles de comunicación entre os centros e as familias. A enquisa ao profesorado foi enviada ao conxunto do cadro docente e xestionada internamente polos centros. Neste estudo restrinxiremos a nosa mostra só ao alumnado da ESO e ciclos formativos, deixando fóra tanto os datos do terceiro ciclo de educación primaria, coma as enquisas ao profesorado e ás familias.

Cómpre salientar que, fronte ao estudo realizado en Ames, onde tamén se aplicaron cuestionarios a familias, alumnado e profesorado —pero centrados só no alumnado do último ciclo de primaria e no de secundaria—, o traballo desenvolvido en Santiago abrangue unha maior diversidade de etapas, ao tempo que garante así mesmo unha mostra representativa. En Ames, por exemplo, a mostra de alumnado recollida no 3º ciclo de primaria e na secundaria

8 Este crecemento é o que explica unha diferenza de galegofalantes habituais positiva, tanto na cidade de Santiago coma na súa periferia, ao tempo que se rexistra unha menor proporción deste grupo sociolingüístico.

foi de 1562 estudantes, case o universo. En Santiago recolléronse máis de 3800 enquisas, o que asegura a capacidade analítica deste estudo para describir con fiabilidade o panorama sociolingüístico do concello.

3.1. *Poboación e mostra*

Tal e como dixemos, os datos presentados neste traballo pertencen a unha submostra do *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela*. Para construír a mostra, a diferenza do mapa de Ames, partiuse do universo do alumnado que cursaba educación secundaria obrigatoria (ESO) e ensinanzas postobrigatorias, bacharelato e formación profesional. A unidade de representación foi a titularidade de centro a fin de garantir unha mostraxe equilibrada da rede escolar en Santiago. Con todo, tal e como se amosa na táboa, o peso dos centros privados non concertados está levemente infrarrepresentado en favor dunha certa sobrerrepresentación dos centros públicos. A composición da mostra realizouse a través dunha chamada á participación de forma voluntaria coa colaboración do Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago de Compostela. Tívoise unha reunión conxunta cos responsables de cada centro coa finalidade de explicar a dinámica da recollida e a análise de datos. Estas reunións complementáronse con protocolos de actuación enviados por correo electrónico aos responsables de cada centro, co obxectivo de garantir un procedemento estandarizado na administración das enquisas nas aulas. Así mesmo, asegurouse o seguimento individualizado de cada centro a través de correos electrónicos e da plataforma de recollida de datos.

A continuación, detállase a mostra e o universo da poboación albo:

Táboa 4. Mostra e universo. Centros educativos. Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e FP

	Privados non concertados <i>n</i> (%)	Privados concertados <i>n</i> (%)	Públicos <i>n</i> (%)	Total <i>n</i> (%)
<i>Universo</i>	11 (36,7)	6 (20)	13 (43,3)	30 (100)
<i>Mostra</i>	2 (22,2)	2 (22,2)	5 (55,6)	9 (100)

Dentro da mostra, a poboación distribúese por etapa educativa e titularidade como segue:

Táboa 5. Distribución da mostra por etapa educativa e titularidade do centro. Alumnado

	ESO <i>n</i> (%)	Bacharelato <i>n</i> (%)	Ciclos formativos <i>n</i> (%)	Total <i>n</i> (%)
<i>Público</i>	679 (43,8)	647 (63,9)	75 (100)	1 401 (53,1)
<i>Concertado</i>	459 (29,6)	157 (15,5)	0	616 (23,3)
<i>Privado</i>	413 (26,6)	209 (20,6)	0	622 (23,6)
Total	1 551 (100)	1 013 (100)	75 (100)	2 639 (100)

3.2. Procedemento e instrumento

A recollida de datos do *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela* realizouse, tal e como comentamos na introdución deste apartado, mediante unha enquisa en liña. Na primeira pantalla presentábase unha descrición do proxecto, acompañada do consentimento informado e da información relativa á confidencialidade e anonimización dos datos. Cada centro educativo administrou unicamente aquelas enquisas correspondentes ás etapas educativas que imparte. A enquisa ao alumnado foi dirixida a todo o estudantado desde 5º de educación primaria ata os ciclos formativos, e foi completada de maneira presencial e supervisada nos centros. Para garantir a cobertura, recomendouse organizar roldas por aula en espazos con equipos informáticos, evitando a realización autónoma fóra do control docente. O prazo de administración das enquisas estivo aberto ata o 21 de marzo de 2025. En caso de resposta insuficiente

nalgunha das mostras, prevíase un segundo envío coordinado desde o equipo investigador. Finalmente, solicitouse a cada centro información cuantitativa básica sobre o número de docentes e alumnado por etapa educativa para complementar o marco da mostra.

Tras a recollida de datos e antes da análise, procedeuse a unha depuración das bases de datos consistente en limpalas de forma que conservemos os datos congruentes aínda que incompletos. Concisa-mente, depuramos a base de datos a través da variable que indica se a enquisa está completada (>50 %), do Q-Recaptcha Score⁹ (>50 %) e dos valores atípicos na duración de realización do cuestionario. Adicionalmente, reconstruímos os valores ausentes inferíndoos a través doutras variables. Dunha matriz inicial de 2817 casos chegamos a unha de 2687 tras a limpeza.

A administración do cuestionario realizouse por vía telemática a través da plataforma Qualtrics, Provo, UT (2020, versión 2023) nos centros de ensino en horario lectivo coa supervisión do profesorado responsable. A recollida de datos realizouse entre o 11 de febreiro e o 26 de marzo de 2025. O cuestionario desta mostra foi deseñado especificamente para o alumnado e incorpora a seguinte información:

- Información sociolóxica do alumnado: sexo, lugar de nacemento, lugar de residencia, centro educativo en que está matriculado, etapa educativa e curso actual.
- Información sociolóxica das familias: lugar de nacemento dos proxenitores, idade dos proxenitores, nivel de estudos dos proxenitores e emprego actual dos proxenitores.
- Información sociolingüística: lingua inicial, lingua habitual, contextos de aprendizaxe, competencias lingüísticas autopercebidas, usos lingüísticos con persoas achegadas, usos lingüísticos en actividades extraescolares, consumo en galego de redes sociais e outros produtos culturais, actitudes cara á lingua galega.

9 Métrica automática utilizada para detectar se unha resposta foi completada por un humano ou un bot.

3.3. *Análise dos datos*

Os datos presentados neste artigo organízanse en distintos formatos. O máis habitual é o uso de porcentaxes, que se empregan como estratexia de representación máis comprensible. Ademais, optouse por transformar algunhas variables politómicas ordinais —como a lingua inicial e habitual— en índices numéricos nunha escala continua entre 0 e 1. Esta transformación ten unha dobre finalidade: por unha banda, permite aplicar métodos estatísticos paramétricos ao operar con variables cuantificables; por outra, funciona como estratexia de síntese para condensar información complexa.

Particularmente, traballamos co índice de lingua inicial (ILI) e co índice de lingua habitual (ILH). A construción destes índices baséase na natureza bipolar e excluín-te das categorías (*galego* fronte a *castelán*), o que xustifica teoricamente a súa interpretación como escalas de intensidade continua no uso dunha das linguas. Así, os valores oscilan entre 0 (uso exclusivo do castelán/uso nulo do galego) e 1 (uso exclusivo do galego/uso nulo do castelán). Consecuentemente, outras alternativas que se dean a esta pregunta non se teñen en conta neste índice. Cómpre apuntar que a función das medias é simplificar os datos para comparar a mesma medida en diferentes grupos. Esta forma de tratar os datos non permite comparar diferentes medias posto que cada media ten unha forma diferente de construción.¹⁰

Xunto coa media inclúese a desviación típica, unha medida de dispersión que indica o grao medio de afastamento dos valores individuais dunha variable respecto da súa media. A súa principal utilidade é informar sobre a variabilidade interna dos datos: canto maior é a desviación típica, maior é a diversidade nas respostas.

¹⁰ Por exemplo, a comparación entre a media da lingua inicial, con tres valores, e a lingua habitual, con cinco, dá lugar a unha lectura dunha media máis alta na lingua habitual ca na inicial. Con todo, se vemos os resultados desagregados, esta interpretación non se sostén.

4. Lingua de aprendizaxe, práctica lingüística, retención e cambio de lingua

Seguindo o esquema da análise proposta na introdución, comezamos por describir os datos estatísticos básicos como son a *lingua inicial* e a *lingua habitual*.

Táboa 6. Lingua inicial (Li) do alumnado de Santiago de Compostela

	Li n (%)
<i>Castelán</i>	1 460 (55,4)
<i>Galego</i>	323 (12,3)
<i>As dúas por igual</i>	779 (29,6)
<i>Outras</i>	74 (2,8)
<i>Total</i>	2 636 (100)
	<i>Media (DT)</i>
<i>Cast. (0)–Gal. (1)</i>	0,28 (0,35)

Táboa 7. Lingua habitual (Lh) do alumnado de Santiago de Compostela

	Lh n (%)
<i>Soamente castelán</i>	561 (21,4)
<i>Maioritariamente en castelán</i>	1 427 (54,4)
<i>Galego e castelán por igual</i>	313 (11,9)
<i>Maioritariamente en galego</i>	183 (7)
<i>Soamente galego</i>	88 (3,4)
<i>Outras</i>	53 (2)
<i>Total</i>	2 625 (100)
	<i>Media (DT)</i>
<i>Cast. (0)–Gal. (1)</i>	0,29 (0,24)

A distribución da lingua inicial mostra que o castelán é a lingua coa que se inicia unha maioría clara do alumnado (55,4%), fronte a só un 12,3% que ten o galego como lingua inicial. Unha proporción relevante, o 29,6%, afirma ter as dúas linguas por igual como linguas iniciais, o que apunta á existencia dun segmento bilingüe desde a infancia. A categoría “outra/s” representa unha porcentaxe reducida (2,8%), mais non desprezable, e probablemente asociada a fenómenos migratorios.

A análise da lingua habitual reforza e matiza os padróns observados na lingua inicial. O 75,8% do alumnado declara usar habitualmente só ou maioritariamente o castelán, fronte a apenas un 10,4% que sinala como lingua habitual só ou maioritariamente o galego. O 11,9% afirma usar ambas as linguas por igual, mentres que a categoría “outra/s” abrangue un 2%.

A análise conxunta das dúas táboas permite detectar un padrón estable de predominio do castelán tanto como lingua inicial como habitual. A diferenza entre a porcentaxe de uso exclusivo ou maioritario do castelán (75,8%) e o de galego (10,4%) como lingua habitual pon en evidencia un contexto de forte desequilibrio lingüístico no espazo urbano compostelán, onde o bilingüismo inicial (29,6%) non se traduce necesariamente na autopercepción de prácticas equilibradas no uso habitual das linguas. Estes resultados apuntan a un proceso de substitución lingüística afectado pola transmisión interxeracional.

A través dos datos presentados anteriormente podemos observar diferenzas claras entre a lingua inicial e a habitual declaradas, pero o cambio de lingua non queda completamente descrito polo que o exploramos a través das seguintes táboas:

Táboa 8. Lingua inicial segundo a lingua habitual declarada

Lh Li	<i>Só castelán</i> <i>n (%)</i>	<i>Máis castelán</i> <i>n (%)</i>	<i>Ambas</i> <i>n (%)</i>	<i>Máis galego</i> <i>n (%)</i>	<i>Só galego</i> <i>n (%)</i>
<i>Castelán</i>	490 (33,4)	919 (62,7)	51 (3,5)	3 (0,2)	2 (0,1)
<i>As dúas</i>	63 (8,1)	457 (58,5)	182 (23,3)	69 (8,8)	10 (1,3)
<i>Galego</i>	9 (2,8)	43 (13,5)	81 (25,4)	111 (34,8)	75 (23,5)
<i>Total</i>	562 (21,9)	1419 (55,3)	314 (12,2)	183 (7,1)	87 (3,4)

Táboa 9. Retención e cambio da lingua inicial por dirección do cambio

	<i>n</i> (%)
Galeguizados	66 (2,6)
Monolingüizados	12 (0,5)
Bilingüizados	54 (2,1)
Desgaleguizados	196 (7,6)
Monolingüizados	72 (2,8)
Bilingüizados	124 (4,8)
Mantedores	2 303 (89,8)
Total	2 565 (100)

Entre o alumnado que declara o castelán como lingua inicial, máis do 96 % mantén un uso monolingüe ou maioritario do castelán como lingua habitual (33,4 % só castelán e 62,7 % maioritariamente castelán), mentres que só unha proporción residual declara un uso equilibrado ou máis galeguizado. Esta fidelidade é coherente cun contexto sociolingüístico en que o castelán mantén unha forte hexemonía. No grupo que se socializou inicialmente en ambas as linguas, a tendencia maioritaria tamén se inclina cara ao castelán, aínda que con maior diversidade de respostas: case un 60 % segue utilizando maioritariamente o castelán, pero un 23,3 % mantén un uso equilibrado, e un 10 % manifesta un desprazamento cara ao galego.

No caso do alumnado que declara o galego como lingua inicial, a situación é inversa: só un 16,3 % mostra abandono total ou parcial do galego como lingua habitual, mentres que máis da metade conserva un uso predominante do galego (34,8 % maioritariamente en galego e 23,5 % só galego). Un 25,4 % declara un uso equilibrado, o que pode interpretarse ben como mantemento ou ben como indicio de presión castelanizadora segundo o contexto.

A segunda táboa sintetiza os padróns de cambio mediante unha clasificación tripla: galeguización, desgaleguización e mantemento. A lectura conxunta destas cifras confirma que a ampla maioría do alumnado, un 89,8 %, mantén como lingua habitual a súa lingua. Non obstante, dentro do 10 % restante obsérvase un balance

negativo para o galego: un 7,6 % do alumnado experimenta un proceso de desgaleguización, fronte a só un 2,6 % que se galeguiza. A desgaleguización ocorre en maior medida mediante transicións cara ao bilingüismo con predominio castelán (4,8 %), mentres que o desprazamento completo ao monolingüismo en castelán representa un 2,8 %. No caso dos galeguizados, o proceso ocorre maioritariamente a través do paso a situacións bilingües (2,1 %) e só nun número moi reducido de casos se alcanza o monolingüismo en galego (0,5 %). Estes datos amosan que, aínda que os casos de cambio lingüístico son relativamente minoritarios, a dirección principal do cambio apunta cara á perda do galego, o que supón un indicador relevante para avaliar a eficacia da política lingüística e revela padróns da socialización lingüística dos máis novos.

5. Lugar de nacemento e migración residente

Esta primeira descrición xeral pode ser complementada atendendo a dous factores clásicos na sociolingüística galega, o lugar de nacemento e o lugar de residencia.

A análise da lingua inicial (Li) e da lingua habitual (Lh) do alumnado en función do lugar de nacemento amosa unha clara relación entre orixe xeográfica e comportamento lingüístico. A maioría do alumnado naceu en Santiago de Compostela (71,2 %), seguido polo nado noutras partes de Galicia (19,7 %), noutros lugares de España (3,6 %) e fóra de España (5,4 %). Estes datos debuxan un concello altamente transformado tanto polas migracións internas (nados en Galicia) coma externas.

Entre o alumnado nado en Santiago, predomina claramente o castelán como lingua inicial (56,8 %), mentres que só un 10,7 % declara o galego e un 30,8 % ambas as linguas por igual; a media do ILI sitúase en 0,26. Para o alumnado nado noutras zonas de Galicia, obsérvase unha maior presenza do galego como lingua inicial (21,4 %) e unha menor porcentaxe do castelán como lingua de uso exclusivo (41,9 %), cun valor medio superior (0,39), o que reflicte unha transmisión lingüística máis favorable ao galego. Os datos mudan significativamente, como é esperable, no alumnado nacido fóra de Galicia.

Táboa 10. Lingua inicial (Li) e habitual (Lh) segundo o lugar de nacemento

	Santiago <i>n</i> (%)	Galicia <i>n</i> (%)	España <i>n</i> (%)	Fóra de España <i>n</i> (%)
Total	1 913 (71,2)	530 (19,7)	98 (3,6)	146 (5,4)
Lingua inicial (Li)				
<i>Galego</i>	204 (10,7)	113 (21,4)	2 (2)	7 (4,8)
<i>As dúas por igual</i>	588 (30,8)	182 (34,5)	9 (9,2)	12 (8,3)
<i>Castelán</i>	1 086 (56,8)	221 (41,9)	76 (77,6)	105 (72,4)
<i>Outra/s</i>	34 (1,8)	12 (2,3)	11 (11,2)	21 (14,5)
<i>Media</i> (DT)				
<i>Cast. (o) – Gal. (1)</i>	0,26 (0,34)	0,39 (0,39)	0,07 (0,21)	0,10 (0,26)
Lingua habitual (Lh)				
<i>Soamente castelán</i>	381 (20,1)	79 (15,0)	45 (46,4)	68 (46,6)
<i>Maioritariamente en castelán</i>	1 099 (57,9)	258 (49,0)	43 (44,3)	48 (32,9)
<i>Galego e castelán por igual</i>	233 (12,3)	75 (14,2)	2 (2,1)	9 (6,2)
<i>Maioritariamente en galego</i>	121 (6,4)	61 (11,6)	1 (1,0)	2 (1,4)
<i>Soamente galego</i>	37 (1,9)	50 (9,5)	1 (1,0)	0 (0,0)
<i>Outra/s</i>	28 (1,5)	4 (0,8)	5 (5,2)	19 (13,0)
<i>Media</i> (DT)				
<i>Cast. (o) – Gal. (1)</i>	0,28 (0,22)	0,38 (0,29)	0,15 (0,17)	0,14 (0,17)

En canto á lingua habitual, tamén se observan padróns diferenciados. O alumnado nacido en Santiago mantén maioritariamente o castelán como lingua habitual exclusiva (20,1 %) ou maioritaria (57,9 %), mentres que só un 8,3 % declara usar o galego maioritaria ou exclusivamente, e un 12,3 % usa ambas as linguas por igual. Entre o alumnado nado noutras zonas de Galicia, destaca un uso máis frecuente do galego (21,1 % en total entre uso exclusivo e maioritario) e unha menor dependencia do castelán, aínda que este segue a predominar (64 % sumando uso exclusivo e maioritario).

Pola contra, o alumnado nacido noutras partes de España ou no estranxeiro tende a reproducir practicamente o monolingüismo castelán: máis do 90 % usa o castelán exclusiva ou maioritariamente. A presenza doutras linguas aparece máis destacada neste último grupo (13 %), o que podería estar ligado á diversidade lingüística de orixe. O ILH sitúase en 0,28 para o alumnado nado en Santiago, 0,38 para o nacido en Galicia, pero descende a 0,15 e 0,14 nos dous grupos nados fóra de Galicia. Estes datos reflicten como o lugar de nacemento se asocia con pautas distintas de socialización lingüística e con diferentes graos de contacto e integración coa lingua galega.

En resumo, no tocante á mobilidade xeográfica, Santiago de Compostela ten dous vectores de cambio sociolingüístico con signo diferente. Dunha banda, a numerosa migración interior doutros concellos de Galicia (19,7 %), que incrementa a presenza do galego na cidade respecto aos locais (ILI = +0,10); doutra, as migracións exteriores que, menos numerosas (3,6 % e 5,4 %), diminúen o uso do galego (ILI ≈ -0,15). Estas pautas de cambio e mantemento poden ser vistas tamén en relación co efecto do contacto prolongado das persoas migrantes coa sociedade galega tal e como se presenta na seguinte táboa.

Táboa 11. Lingua habitual (Lh) por anos de residencia en Galicia

	<i>Anos en Galicia</i> <i>Media (n)</i>
<i>Soamente castelán</i>	7 (113)
<i>Maioritariamente en castelán</i>	9 (89)
<i>Galego e castelán por igual</i>	13 (11)
<i>Maioritariamente en galego</i>	16 (3)
<i>Soamente galego</i>	-
<i>Outra/s</i>	8 (24)


A análise da táboa mostra unha relación positiva entre os anos de residencia en Galicia e a elección do galego como lingua habitual. Os individuos que declaran usar exclusivamente ou maioritariamente o castelán levan, de media, entre 7 e 9 anos en Galicia, mentres que aqueles que indican un uso equilibrado entre ambas as

linguas presentan unha media de 13 anos, e os que usan maioritariamente o galego acadan os 16 anos. Estes datos abren dúas hipóteses explicativas: a primeira, que un maior contacto coa sociedade compostelá estea asociada cunha maior integración lingüística e un incremento progresivo do uso habitual do galego; a segunda, que as migracións máis antigas tivesen unha integración lingüística máis galegófona, en tanto o proceso de substitución lingüística estaba menos avanzado, e que isto se reflicta na súa práctica galegófona a día de hoxe. En todo caso, atendendo ao número (n), é evidente que a integración das persoas de fóra de Galicia é maioritariamente monolingüe en castelán mentres que, pola contra, non hai ningunha persoa que declare ter o galego exclusivamente como lingua habitual.

6. Xeografías lingüísticas

Atender á figura do escolar de Santiago de Compostela implica salientar a diversidade tanto na súa orixe —derivada da capacidade de atracción da cidade, como xa vimos— coma no lugar de residencia, que pode ser igualmente heteroxéneo.

Figura 5. Escolares de Santiago de Compostela por concello de residencia



Fonte: elaboración propia con Datawrapper.

O mapa sobre a orixe do alumnado escolar de Santiago de Compostela permite observar que a maior parte reside no propio termo municipal, que concentra arredor do 63 % dos escolares. Unha parte do alumnado é residente fóra do concello, en municipios próximos. O concello de Ames destaca cun 9,5 % do total, seguido por Oroso, que representa o 6 %, e Teo, cun 5,5 %. Estes tres concellos constitúen os principais focos de procedencia fóra do propio municipio compostelán. Outros concellos con porcentaxes menores pero significativas son Ordes (1,45 %), Val do Dubra, Vedra e Brión, cada un arredor do 1 %, así como Boqueixón (0,77 %), O Pino (0,73 %), Padrón (0,68 %) e Negreira (0,56 %).

Estes datos reflicten o peso da área metropolitana e da comarca na configuración do sistema educativo compostelán e a súa capacidade para atraer alumnado máis aló do termo municipal. Unha das preguntas posibles que se deriva disto é a que tipo de centros acoden os escolares residentes e non residentes na cidade.

Táboa 12. Lugar de residencia por titularidade do centro

	Público <i>n</i> (%)	Concertado <i>n</i> (%)	Privado <i>n</i> (%)
<i>Santiago</i>	776 (52,9)	377 (25,7)	315 (21,5)
<i>Fóra de Santiago</i>	468 (56,3)	155 (18,7)	208 (25,0)

Estes datos apuntan a que o alumnado procedente de fóra do termo municipal tende a estar máis presente en centros públicos e privados cós composteláns, posiblemente por motivos de accesibilidade territorial no caso dos públicos, como efecto dunha urbanidade descentrada e a metropolización da área de Santiago, e de atracción específica da oferta formativa no caso dos privados. Contrariamente, os concertados parecen atraer unha proporción maioritaria de alumnado residente na propia cidade. Esta distribución suxire que a área de residencia inflúe nas dinámicas de elección de centro, aínda que de forma discreta, o que debe terse en conta ao interpretar variacións sociolingüísticas asociadas á titularidade.

O lugar de residencia é tamén unha variable que cómpre ter en conta para explorar a distribución tanto da lingua inicial como da lingua habitual do alumnado escolar compostelán.

Táboa 13. Lingua inicial e lingua habitual por lugar de residencia

	Santiago de Compostela <i>n</i> (%)	Fóra de Santiago de Compostela <i>n</i> (%)
Total	1 491 (63,8)	847 (36,2)
Lingua inicial (Li)		
<i>Galego</i>	128 (8,6)	175 (20,7)
<i>As dúas por igual</i>	430 (28,9)	254 (30)
<i>Castelán</i>	900 (60,4)	394 (46,6)
<i>Outra/s</i>	32 (2,1)	22 (2,6)
<i>Media</i> (DT)		
<i>Cast. (o) – Gal. (1)</i>	0,24 (0,33)	0,37 (0,39)
Lingua habitual (Lh)		
<i>Soamente castelán</i>	327 (22,1)	148 (17,5)
<i>Maioritariamente en castelán</i>	881 (59,5)	399 (47,3)
<i>Galego e castelán por igual</i>	163 (11)	117 (13,9)
<i>Maioritariamente en galego</i>	68 (4,6)	101 (12)
<i>Soamente galego</i>	21 (1,4)	62 (7,3)
<i>Outra/s</i>	21 (1,4)	17 (2)
<i>Media</i> (DT)		
<i>Cast. (o) – Gal. (1)</i>	0,26 (0,20)	0,36 (0,28)

Entre os que residen fóra de Santiago, obsérvase unha maior presenza do galego como lingua inicial: un 20,7 % fronte a un 8,6% na cidade. Tamén aumenta lixeiramente a proporción de estudante-do que declara que aprendeu as dúas linguas por igual (30 % fronte a 28,9 %), mentres que a porcentaxe de castelanfalantes iniciais cae do 60,4 % en Santiago ao 46,6 % fóra da cidade. Isto reflíctese cla-ramente no índice medio de lingua inicial, que pasa de 0,24 no ám-bito urbano a 0,37 no rural ou periurbano. A maior dispersión nas persoas residentes fóra de Santiago de Compostela tamén mostra a maior heteroxeneidade deste perfil.

No que respecta á lingua habitual, tamén se detectan diferenzas notables. O uso exclusivo ou maioritario do castelán é dominante entre o alumnado residente en Santiago (81,6 % en total), mentres que no grupo de fóra da cidade esta cifra redúcese ao 64,8 %. Pola contra, o uso habitual exclusivo ou maioritario do galego pasa dun escaso 6 % na cidade a un 19,3 % entre os residentes fóra dela. A porcentaxe de alumnado que declara usar galego e castelán por igual tamén aumenta lixeiramente neste último grupo (13,9 % fronte a 11 %). En termos cuantitativos, o índice medio da lingua habitual ascende de 0,26 entre os residentes en Santiago a 0,36 entre os que viven noutras zonas, o que indica unha maior presenza do galego no uso cotián destes últimos.


En conxunto, estes datos amosan que o contexto residencial se vincula de forma relevante coas prácticas lingüísticas do alumnado. A vida fóra da cidade, previsiblemente en contornos máis pequenos ou rurais, favorece un maior contacto co galego tanto na aprendizaxe inicial coma nos usos habituais. Pola contra, o medio urbano de Santiago presenta unha maior prevalencia do castelán e unha menor presenza do galego, tanto en termos de lingua inicial coma de uso cotián.

A pesar do dito, a cidade de Santiago de Compostela non funciona como un todo unívoco senón que existe unha zonificación da aprendizaxe e do uso lingüístico do castelán e do galego. Dado que os datos se comportan de forma similar para a lingua inicial e habitual, presentamos a distribución das medias polo ILH para exemplificar o antedito (figura 6).

Os valores deste índice permiten observar o grao de uso do galego na vida cotiá segundo a área de residencia, revelando un padrón territorial coincidente co detectado para a lingua inicial. A cidade de Santiago de Compostela, particularmente no seu centro histórico e nos barrios do Ensanche, constitúe un espazo de claro predominio do castelán, mentres que o galego mantén unha presenza máis sólida nas zonas menos urbanizadas do municipio.

A análise da distribución das medias relativas á lingua habitual pon de manifesto un marcado gradiente urbano-rural: o uso inicial do galego é significativamente menor nas zonas centrais da cidade e acada maiores valores nas parroquias e contornos rurais.

Figura 6. Medias do ILH por código postal



Fonte: elaboración propia con Datawrapper

Esta pauta, xa constatada a comezos da década de 1990 (Figura 2), non só se mantén na actualidade, senón que se amplifica, especialmente nas zonas máis urbanizadas do sur do concello.

Esta zonificación lingüística amosa unha correlación moi clara coa densidade de poboación (Figura 4): nas áreas de maior concentración demográfica —como a Cidade Histórica, o Ensanche ou As Fontiñas— predomina o uso do castelán, mentres que nas zonas de menor densidade —como as parroquias de Sabugueira (15820), Fecha (15898) ou Marantes (15884), entre moitas outras— o galego presenta unha maior presenza. Ademais, a división norte-sur do concello reflicte dinámicas diferenciadas: ao sur, a urbanización medra e consolídase, mentres que ao norte se aprecia menos dinamismo económico e demográfico (Figura 3).

A observación dos mapas comarcais sobre a presenza do galego confirma que o contínuum sociolingüístico identificado a través dos códigos postais no termo municipal compostelán reflicte con precisión a dinámica lingüística rexistrada tamén a escala administrativa

e comarcal. O contraste sociolingüístico entre a comarca de Santiago de Compostela e as comarcas veciñas de Ordes e Arzúa resulta particularmente acusado (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016, p. 135), mais unha análise detallada da zonificación lingüística no interior do propio concello compostelán revela que estas transicións non son abruptas, senón máis ben graduais e estreitamente vinculadas ao grao de urbanización.

7. Conclusión

O *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela* constitúe un estudo empírico de alto valor para comprender as dinámicas de uso, aprendizaxe e transmisión da lingua galega no contexto escolar urbano contemporáneo. Este estudo dá continuidade a unha liña de investigación desenvolvida polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega durante os últimos cinco anos no concello de Ames (Loredó e Gómez 2018; Monteagudo, Loredó, Gómez e Vázquez-Grandío 2021). Este proxecto formulouse con dous obxectivos principais: por unha parte, aplicar e validar un modelo de análise sociolingüística para grandes municipios, e por outra parte, identificar áreas prioritarias para o deseño de políticas lingüísticas concretas, seguindo modelos exitosos xa implantados noutras localidades, como a campaña *Modo galego, activa!* (Vázquez-Grandío e Moreiras, neste volume).

A través da análise dun volume de datos sen precedentes para este ámbito xeográfico, o estudo confirma e precisa liñas xa avanzadas pola literatura sociolingüística galega: a progresiva perda do galego como lingua inicial, a súa situación minoritaria como lingua habitual entre o alumnado, a persistencia de padróns de desgaleguización e a influencia decisiva dos movementos de poboación e da territorialidade na configuración dos usos lingüísticos.

En primeiro lugar, os datos amosan un claro predominio do castelán como lingua inicial e habitual entre o alumnado compostelán, cunha porcentaxe superior ao 75 % no uso cotián exclusivo ou maioritario, fronte a apenas un 10 % de uso predominante do galego. A análise do cambio lingüístico confirma un padrón de baixa retención do galego nos casos onde esta é a lingua inicial, con procesos de

desgaleguización máis frecuentes que de galeguización. Estes procesos evidencian a forza do contexto sociolingüístico urbano, en que o castelán opera como lingua hexemónica, mesmo entre o alumnado inicialmente galegofalante.

En segundo lugar, a análise comparada entre alumnado nado en Santiago, noutros concellos galegos, noutras partes do Estado ou fóra del, revela unha relación entre a orixe xeográfica e o comportamento lingüístico. A maior galeguización inicial e habitual dos escolares procedentes de fóra da cidade —particularmente dos concellos limítrofes máis rurais— evidencia a existencia dun contínuum sociolingüístico metropolitano, onde o grao de urbanización e a densidade poboacional operan como determinantes clave. Así mesmo, a relación entre tempo de residencia en Galicia e maior uso do galego apunta a procesos de integración lingüística a medio e longo prazo, aínda que cunha penetración moi limitada do galego como lingua vehicular principal entre a poboación migrante.

O terceiro achado relevante ten que ver coa dimensión espacial. A análise territorial da lingua habitual por código postal revela unha zonificación lingüística clara e coherente co padrón urbano-rural xa identificado nas décadas previas. Mentres as zonas centrais de Santiago de Compostela aparecen fortemente castelanizadas, as parroquias rurais e as contornas periurbanas conservan maiores porcentaxes de uso do galego. Este gradiente espacial coincide coa distribución da densidade de poboación e co dinamismo demográfico da cidade, cun crecemento cara ao sur e un estancamento na zona norte.

Cómpre salientar que, malia esta tendencia xeral ao retroceso, os datos non son homoxéneos nin lineais. Existen espazos de resistencia e de mantemento parcial da lingua, especialmente no alumnado procedente do rural, nos centros públicos e en determinadas franxas do alumnado bilingüe inicial. Estes datos aínda están por ser traballados.

En resumo, os resultados deste traballo poñen en evidencia que a situación sociolingüística do alumnado en Santiago de Compostela está determinada pola confluencia de tres grandes variables: o hábitat, a mobilidade residencial e as prácticas lingüísticas familiares e escolares. Estes factores interactúan xerando un contexto de

contacto desigual entre linguas, en que o castelán actúa como lingua de acceso e de relación no espazo urbano, mentres que o galego fica restrinxido a espazos máis delimitados e fráxiles.

As implicacións deste diagnóstico son múltiples. Desde o punto de vista das políticas públicas, resulta urxente reforzar as medidas de planificación lingüística con base territorial, que teñan en conta as especificidades sociolingüísticas dos diferentes barrios e parroquias do concello. Cómpre tamén revisar os instrumentos normativos e didácticos que regulan o uso das linguas nos centros, apostando por estratexias que promovan a inclusión do galego, especialmente nas interaccións entre iguais, naquelas zonas altamente castelanfalantes. Ademais, a planificación lingüística escolar debería considerar a orixe e mobilidade do alumnado como variables clave, integrando accións específicas para contextos con alta diversidade de procedencias.

Finalmente, este traballo evidencia a necesidade de continuar a produción desde traballos empíricos locais que permitan visualizar con precisión os procesos de cambio en curso e ofrecer ferramentas útiles para a acción política, educativa e cidadá. Só desde unha lectura situada, crítica e empírica será posible deseñar intervencións que aborden con realismo e ambición o desafío central da revitalización do galego no contexto escolar e urbano contemporáneo. Esta constitúe a primeira dunha serie de investigacións derivadas do *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela*, orientadas a contribuír a ese propósito.

Referencias bibliográficas

- Baamonde, Antón (2024). *Galicia, distrito industrial. Conversas con Daniel Hermosilla*. Vigo: Galaxia.
- Cidadanía (2002). *Situación da lingua galega no concello de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Concello de Santiago (s/d). *Agenda Urbana de Santiago. Análisis y diagnóstico*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela.

- Consello da Cultura Galega (2012). *Análise da acción en política lingüística no ámbito municipal nos últimos anos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Council of Europe (2024). *Sixth evaluation report on Spain*. Strasbourg: Council of Europe.
- Fernández, Mauro (2017). Los datos secretos del gallego y los límites de las políticas lingüísticas. En: Roberto Bein *et al.* eds. *Homenaje a Elvira Arnoux. Estudios de análisis del discurso, glotopolítica y pedagogía de la lectura y la escritura*. Buenos Aires: Universidad de Buenos Aires, vol. 1, 337-359.
- Ferrás Sexto, Carlos e Lois González, Rubén C. (1993). Estructura urbana de las áreas metropolitanas gallegas. La estructura urbana de Santiago. ¿Un área metropolitana en proceso de formación? *Papeles de Geografía*. 19, 115-124.
- Formoso Gosende, Valentina (2013). *Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Iglesias Álvarez, Ana (2003). *Falar galego: “no veo por qué”?* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Instituto Galego de Estatística (2016). *Parroquias de Galicia segundo o subgrao de urbanización*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística. Disponible en <https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=es&ruta=openOSMParroquiasGSU.jsp?ano=2016&cod=8050;8051;8052;8053>
- Lois González, Rubén C. e Pino, Daniel (2015). Conclusións. En: Rubén C. Lois e Daniel Pino, coords. *A Galicia urbana*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 731-755.
- Lois González, Rubén C. e Piñeira Mantinián, María José (2011). A rede urbana e a rápida urbanización do territorio. En: María José Piñeira Mantinián e Xosé Manuel Santos Solla, coords. *Xeografía de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 159-227.
- Loredo, Xaquín e Gómez, Lidia (2018). *A lingua no CEIP Agro do Muíño*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.332
- Loredo, Xaquín e Silva, Bieito, coords. (2020). *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.372

- Loredó, Xaquín e Vázquez-Grandío, Gabino S. (2022a). A competencia comunicativa oral en galego e castelán ao final do ensino obrigatorio. *Boletín da Real Academia Galega*. 382, 135-161. DOI: 10.32766/brag.382.814
- Loredó, Xaquín e Vázquez-Grandío, Gabino S. (2022b). La lengua gallega en el sistema educativo: impacto en las competencias, prácticas y actitudes del estudiantado. *Revista Caracol*. 24, 171-201. DOI: 10.11606/issn.2317-9651.124p170-201
- Monteagudo, Henrique (2017). *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Monteagudo, Henrique e Bouzada, Xan, coords. (2002a). *O proceso de normalización lingüística do idioma galego 1980-2000. Volume I. Política Lingüística: Análise e perspectivas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Disponible en https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2002_O-proceso-de-normalizacion-linguistica-do-idioma-galego-1980-2000-V-I-Analise-e-perspectivas-Cidadania-Rede-de-Aplicacions-Sociais.pdf
- Monteagudo, Henrique e Bouzada, Xan, coords. (2002b). *O proceso de normalización lingüística do idioma galego 1980-2000. Volume II. Educación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Disponible en https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2002_Proceso-de-normalizacion-linguistica-do-idioma-galego-1980-2000-O-V-II-Educacion.pdf
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; Gómez, Lidia; e Vázquez-Grandío, Gabino S. (2021). *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.380
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; Nandi, Anik; e Salgado, Xurxo (2019). A importancia dos novos contextos urbanos e periurbanos en Galicia na transmisión lingüística interxeracional da lingua galega. En: Mònica Barrieras e Carla Ferrerós, eds. *Transmissions. Estudis sobre la Transmissió Lingüística*. Barcelona: EUMO, 11-26.

- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; e Vázquez Fernández, Martín (2016). *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.305
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; e Vázquez Fernández, Martín (2018). *Lingua e sociedade en Galicia. Resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.327
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; e Vázquez-Grandío, Gabino S. (2024). *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.445
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; Vázquez-Grandío, Gabino S.; e Nandi, Anik (2021). *Prácticas lingüísticas na infancia: A xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.389
- Monteagudo, Henrique; Nandi, Anik; e Loredó, Xaquín (2020). La transmisión intergeneracional del gallego. *HispanismeS*. 16. DOI: 10.4000/hispanismes.782
- O'Rourke, Bernadette e Ramallo, Fernando (2015). *Neofalantes as an active minority: understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician*, *International Journal of the Sociology of Language*. 231, 147-165. DOI: 10.1515/ijsl-2014-0036
- Observatorio Galego de Dinamización Demográfica (2024). *Mobilidade e migracións en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en https://politicassocial.xunta.gal/sites/default/files/arquivos/publicacions/informe_mobilidade_e_migracion_en_galicia_2024_def.pdf
- Pérez-Ríos, M. e Santiago-Pérez M. I. coords. (2022). *Diagnóstico de saúde do Concello de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela e Concello de Santiago de Compostela.
- Ramallo, Fernando e Vázquez Fernández, Martín (2020). Condiciones del bilingüismo en la Galicia actual. En: Carmen Pastor Villalba, coord. *El español en el mundo. Anuario del Instituto Cervantes*. Madrid: Instituto Cervantes, 211-236.

- Dispoñible en https://cvc.cervantes.es/lengua/anuario/anuario_20/ramallo_vazquez/po1.htm
- Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística (1994). *Lingua inicial e competencia sociolingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/122>
- Rodríguez Carnota, Miguel (2022). *Lingua, poder e adolescencia*. Vigo: Edicións Xerais.
- Vázquez Fernández, Martín (2025). *O “desprazamento lingüístico” e o “sucesso neofalante”: aproximación sociolingüística á entrada no contexto universitario*. Tese de doutoramento. Universidade de Vigo. <https://hdl.handle.net/11093/9892>

MODO GALEGO, ACTÍVAO! **DESEÑO, AVALIACIÓN E EVOLUCIÓN** **DO “PROGRAMA** **DE COMPROMISO LINGÜÍSTICO”**

Gabino S. Vázquez-Grandío

Real Academia Galega

Seminario de Sociolingüística

sociolinguistica.gabino@academia.gal

ORCID: 0000-0002-7908-2445

Rosa Moreiras Cuñarro

Concello de Ames

Servizo de Normalización Lingüística

rosa.moreiras@concellodeames.gal

Resumo: *Modo galego, actívao!* é un proxecto de dinamización lingüística desenvolvido pola Real Academia Galega e o Concello de Ames, en colaboración cos distintos axentes da comunidade educativa local. Ao seu abeiro, deseñamos, implementamos e avaliamos distintas iniciativas orientadas á educación formal e non formal, co obxectivo de activar a lingua galega entre o alumnado e converter os centros de ensino en “espazos seguros” para o seu uso.

Neste artigo expoñemos o desenvolvemento, execución e resultados da primeira edición, no curso 2022-2023, dunha das actividades centrais da programación anual do *Modo galego, actívao!*: o “programa de compromiso lingüístico”. Tras explicar as súas principais características, exporemos os resultados da avaliación desta primeira experiencia e as sucesivas modificacións realizadas de acordo aos datos ata chegar á proposta vixente.

Palabras chave: dinamización lingüística, investigación-acción, activación lingüística, xestión lingüística, normalización.

Title: *Galician mode, on!* Design, evaluation and evolution of the “language engagement programme”.

Abstract: *Galician mode, on!* is a linguistic revitalization project undertaken by the Royal Galician Academy and Ames Council, in collaboration with different actors from the local educational community. Under its auspices, we design, implement and evaluate different initiatives aimed at formal and non-formal education, with the aim of activating the Galician language among students and transforming schools into “safe spaces” for its use.

In this article, we detail the development, execution, and results of the first edition in the 2022-2023 academic year, of one of the central activities of the annual programming of *Galician mode, on!*: the “linguistic commitment programme”. After explaining its main characteristics, we will present the results of the evaluation of this first experience and the successive modifications made according to the data until its current format was produced.

Key words: linguistic dynamization, action research, linguistic activation, linguistic management, linguistic standardization.

Introdución

Modo galego, actívao! é un proxecto de investigación-acción colaborativo que se vén desenvolvendo en Ames dende o ano 2021. En cada edición, o programa diseña, pon en marcha e avalía distintas iniciativas de promoción do uso do galego. O obxectivo é dobre: por unha banda, converter os centros educativos do concello en “espazos seguros para o galego” e activar o uso da lingua entre os rapaces e rapazas e, por outra, investigar en dinamización lingüística e contribuír con isto ao desenvolvemento de mellores iniciativas neste eido no futuro.

O proxecto xorde da colaboración previa entre o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, o Concello de Ames e a comunidade educativa en distintos proxectos de investigación: *A lingua no CEIP Agro do Muíño* (Loreda, Gómez e Baldomir 2018); o *Mapa sociolingüístico escolar de Ames* (Monteagudo, Loreda, Vázquez-Grandío e Gómez 2021); e *Prácticas lingüísticas na infancia* (Monteagudo, Loreda, Vázquez-Grandío e Nandi 2021).

Estes traballos puxéronlle cifras ao descenso do uso do galego no territorio froito dos rápidos cambios demográficos experimentados nas últimas décadas. Entre outras cuestións, detectaron unha correlación entre a escolarización e a desgaleguización das nenas e nenos, e identificaron algúns factores clave do proceso.

Coa idea de aproveitar o diagnóstico extraído dos informes, as partes implicadas acordamos levar adiante, de maneira colaborativa, un proxecto de intervención. Deste xeito, baixo a coordinación do Seminario de Sociolingüística da RAG e do Servizo de Normalización do Concello, en cada edición do programa os axentes da educación formal e dos servizos complementarios puideron contribuír ao diagnóstico, o deseño e posta en marcha de actividades, así como á recollida de información para a avaliación dos resultados.

Resultado deste traballo, o *Modo galego, actíva!* conta en cada edición cunha programación variada de actividades específicas para os distintos contextos de socialización infantil. Secasí, sempre hai unha dinámica central que asume o protagonismo e arredor da cal se organiza o calendario. Esta é o “programa de compromiso lingüístico”, que anima o alumnado amesán a implicarse co galego e utilízalo o máximo posible durante un tempo determinado, ao primeiro durante tres semanas e actualmente ao longo dun mes completo. Esta actividade comparte a premisa con distintas iniciativas desenvolvidas en Galicia¹ e noutros lugares² das que obtivo inspiración, e moi especialmente cos *21 días co galego e máis* que leva a cabo anualmente a Xunta de Galicia.

Neste artigo falaremos da adaptación feita desta actividade na primeira edición do programa —no curso 2022-2023— ás características e obxectivos do *Modo galego, actíva!* Tras comentar os métodos e resultados de avaliación máis relevantes desta experiencia, falaremos das sucesivas modificacións que nos levaron á proposta actual, unha iniciativa co selo propio do *Modo galego, actíva!* deseñada á medida dos seus principios.

1 Por exemplo: o *Desafío 48 h* (IES María Casares de Oleiros); o *Plan de desconfinamento progresivo da lingua galega* (IES Eduardo Blanco Amor de Culleredo) ou o *Desafío galego* (IES Concepción Arenal de Ferrol).

2 Por exemplo: a *Euskaraldia* ou os *21 dies. D'entrada parla en català*.

O alumnado do concello de acordo ao *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*

Comezamos cuns breves apuntamentos sobre a realidade sociolingüística de Ames para contextualizar o *Modo galego, actívao!*, as súas características e obxectivos. O primeiro que cómpre salientar é a especial relevancia do concello para proxectos coma este, en estreita relación coa súa evolución demográfica. Nas últimas décadas o municipio practicamente triplicou a súa poboación, e superou xa os 30 000 habitantes. O fenómeno responde fundamentalmente aos procesos migratorios, á capacidade do concello de atraer poboación nova e a súa proximidade coa cidade de Santiago de Compostela. Ás migracións internas dentro de Galicia engádense as procedentes do resto do Estado e do estranxeiro, ata acadar na actualidade a poboación nacida fóra do concello preto do 72 %, e o 21 % fóra de Galicia, unha proporción dende logo superior á media galega e mesmo á da propia capital.³ Como podemos imaxinar, este devir tivo un claro impacto sobre a situación lingüística no concello, reflectido sobre todo nunha forte castelanización das prácticas lingüísticas.


Á súa vez, esta evolución demográfica supuxo un notorio rexuvenecemento da pirámide demográfica que converteu o municipio nun caso singular fronte a tendencia dominante no país. Isto redunda no interese de investigar no territorio, sobre todo ante a preocupante situación da lingua galega entre as novas xeracións que debuxan os últimos estudos demolingüísticos (Monteagudo, Loredó e Vázquez-Grandío 2024). De acordo aos datos do *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*, este é tamén o caso amesán, onde en 2021 o galego era a lingua principal da práctica metade das familias, mentres só un de cada dez rapaces e rapazas se declaraba galegofalante á saída do ensino obrigatorio (Monteagudo, Loredó, Vázquez-Grandío e Gómez 2021, p. 133; véxase tamén a figura 1).

Esta mesma investigación tivo como principal achega describir a evolución do proceso de desgaleguización do alumnado e establecer unha correlación entre este e o paso polo ensino. Na figura 1 podemos ver como a presenza de galegofalantes diminúe fortemente

3 Segundo os datos do IGE 2024.

nos primeiros anos da escolarización, tendencia que se consolida na primaria e reafirma na secundaria:

Figura 1: Lingua habitual e porcentaxe de galegofalantes habituais nos centros escolares de Ames segundo a etapa educativa.



Adaptación propia da figura 208 en Monteagudo, Lored, Vázquez-Grandío e Gómez 2021, p. 252.

Características xerais do *Modo galego, actívao!*

O *Modo galego, actívao!* artéllase sobre catro dimensións ou principios: a investigación-acción en colaboración, a activación lingüística, o traballo coa educación infantil e primaria e un enfoque integral e territorial:

- *A investigación-acción en colaboración.* O programa combina o deseño colaborativo de actividades de dinamización lingüística co labor científico do Seminario de Sociolingüística. O deseño participativo deste tipo de actividades xa foi sinalado como un compoñente dinamizador en si mesmo (Subiela 2011). Por outra banda, as principais actuacións do *Modo galego, actívao!* teñen asociadas metodoloxías para a

avaliación dos seus resultados. Máis aínda, como veremos, varias das actividades de dinamización serven asemade para obtermos información, tratando dalgún modo de transcender a dicotomía entre investigación e acción.

- *A activación lingüística.* Aínda que non está polo de agora sistematizada teoricamente, a “activación” é unha idea recorrente na investigación en dinamización lingüística (Gorriozarri, Amorrortu e Ortega 2019). Todos os estudos coinciden en sinalar que o devir do galego non é tanto un problema de competencias, senón de uso, e que a práctica totalidade das galegas e dos galegos temos a capacidade de nos desenvolver na lingua de Galicia con certa solvencia (Loredo e Silva 2020; Loredo, Vázquez-Grandío e López-Sández 2023). Por iso, o *Modo galego, actíva!* focaliza os seus esforzos en ofrecerlle ao alumnado ocasións cómodas, seguras e significativas para activar esta competencia; é dicir, falar o galego. O obxectivo disto non é só mellorar estas destrezas, senón reforzar a confianza e percepción de autoeficacia, inducir cambios nas actitudes e visibilizar o alumnado galegofalante (Fernández Paz, Lorenzo e Ramallo 2007, pp. 60-61). Buscamos fomentar no medio prazo unha maior facilidade para a converxencia cara ao galego dos castelanfalantes, tanto coma o mantemento do alumnado que xa fala a lingua na casa.
- *A focalización na educación infantil e primaria.* Polas características do alumnado e a presenza de profesorado especialista, a maior parte das iniciativas de dinamización lingüística no sistema educativo están orientadas á educación secundaria. Emporiso, como se apuntou, os resultados do *Mapa socio-lingüístico escolar de Ames* mostraron que a desgaleguización é un proceso que se inicia no primeiro contacto co ensino e se precipita nos primeiros anos da escolarización. Por iso, o noso programa prioriza o alumnado de infantil e primaria, deseñando actividades adecuadas ao nivel de adquisición e ás características cognitivas dos máis pequenos. A partir da edición de 2024-2025 traballamos tamén na incorporación progresiva da educación secundaria, pero sempre mantendo como prioridade estouttras etapas cruciais.

- *O enfoque territorial e integral.* As investigacións no concello e moi particularmente o traballo *Prácticas lingüísticas na infancia* (2021), sinalaron a importancia do termo municipal na socialización infantil. Sen ir máis lonxe, os centros nos que están escolarizados eles e elas, as súas familias e amizades, os servizos complementarios, as actividades extraescolares e as iniciativas das administracións públicas orientadas á infancia teñen o concello como marco de referencia. Por outro lado, aínda que a dinamización lingüística adoita acoutarse aos espazos de maior formalidade, é dicir dentro das aulas, o *Modo galego, actívao!* tratou de chegar a todos os contextos, involucrando tamén as familias e o persoal de *ConciliAmes*, os servizos complementarios de educación municipais. Estas e outras accións —actos e celebracións en espazos públicos, a colaboración coa radio municipal etc.— contribúen a que ano tras ano se xere ao redor do programa de compromiso lingüístico un “clima de concello”, como veremos, moi favorable para os obxectivos do proxecto.

A primeira edición do programa de compromiso lingüístico

A primeira edición do programa de compromiso lingüístico celebrouse entre os días 27 de febreiro e 20 de marzo do 2023. Das tres edicións celebradas ata o momento, esta foi a que máis se asemellou na súa estruturación ao programa *21 días co galego e máis*, e ata contou coa inestimable axuda de Pilar Ponte, promotora da iniciativa orixinal, para a súa posta en marcha.

O punto de partida para deseñar a programación do *Modo galego, actívao!* foi unha revisión xeral das actividades de dinamización lingüística que se viñeran facendo ata o momento no ensino en Galicia e noutros lugares do Estado. Ademais doutras dinámicas de interese, identificamos nos programas de compromiso lingüístico, e en especial nos *21 días co galego e máis*, un modelo especialmente axeitado ás nosas metas polo seguinte:

- *O reto.* A idea do compromiso e a posibilidade de convertelo nun reto pareceunos motivador para o alumnado de infantil

e primaria, ademais de fornecer un marco xeral para a activación lingüística.

- *A duración.* A súa extensión de tres semanas resultaba acaída para estruturar o noso calendario, e podía servir de paraugas para a inclusión doutras actividades planificadas e para integrar asemade distintos espazos e axentes —a educación formal, os servizos complementarios, as familias e a veciñanza en xeral— reforzando a dimensión colaborativa do proxecto.
- *O blog.* O blog presentouse como unha plataforma idónea para coordinar e reforzar o carácter municipal do programa.⁴

Dito isto, a primeira intención foi integrar Ames na edición oficial dese ano do programa da Xunta, o que nos facilitaría poñer o foco na avaliación dos resultados e obter aprendizaxes de cara a futuras edicións. Mais pronto vimos que existían varias características do programa orixinal —un número limitado de centros participantes espallados por toda Galicia e, naquel momento, un enfoque centrado na ESO— que o imposibilitaban. Pareceunos máis doado, xa que logo, facer un deseño propio, adaptado ás nosas necesidades e aproveitar a oportunidade para modificar as dinámicas e incluír outras distintas acordes aos intereses do proxecto.

Participantes

Nesa edición participaron:

- Os catro centros educativos de educación infantil e primaria do concello de titularidade pública (un CEP e tres CEIP).
- As tres escolas infantís do concello (EEI).

En conxunto, supuxeron uns 2 500 nenos e nenas, arredor de 200 profesores e 150 monitores e monitoras implicados.

4 O blog da primeira edición do *Modo galego, actívao!*, continúa dispoñible en www.modogalego.academia.gal O das sucesivas edicións en Ames, en: www.modogalegoames.gal

Principais aspectos da dinámica

Como dixemos, a primeira edición do programa de compromiso coincidiu cos *21 días co galego e máis* na súa duración —tres semanas— e na utilización dun blog actualizado diariamente para a coordinación. Por outro lado, incluíronse nesta edición dúas novas dinámicas, xa senlleiras do *Modo galego, actíva!* (figura 2):

- O *Acordo de compromiso lingüístico*. O primeiro día do programa, o alumnado e o titor ou a titora de cada aula comprométese a empregar o galego o máximo posible e negocian un premio para o remate da experiencia. Este acordo queda reflectido nun contrato asinado por todos e todas que se colga na parede da aula como recordatorio. Queremos con isto involucrar o alumnado e reforzar a dimensión de desafío, que achega interese e carácter lúdico á actividade.
- A *Folla de seguimento*. Dado que o anterior é un documento colectivo, nesta primeira edición pensouse que era interesante distribuír entre o alumnado un material individual que permitise reforzar o apego ao programa e servir de soporte para a reflexión persoal. Moi brevemente, a dinámica diaria consistiu en dedicar uns minutos a valorar en retrospectiva o grao de activación acadado ese día e representalo coloreando a posición correspondente dun interruptor de tres posicións: (1) “Non falei case nada en galego” (2) “Falei máis galego que de costume” (3) “Modo galego, activado!” Nas seguintes edicións, a dinámica substituíuse por unha co mesmo obxectivo baseada nunha aplicación web, o *Activador MGA!*, que comentaremos ao remate.

Figura 2: Exemplo do Acordo de compromiso (dereita) e varias Follas de seguimento (esquerda) da primeira edición.



A participación no programa supuxo para as aulas visitar diariamente o blog, ler en conxunto a entrada correspondente e facer as actividades que se lles propuñan. Aínda que nos *21 días co galego e máis* as entradas do blog tratan temáticas diversas, non estritamente relacionadas coa lingua, nós quixemos aproveitar a oportunidade que nos deu o soporte para explorar maneiras de tratar as cuestións sociolingüísticas e o que na dinamización lingüística engloba en xeral a “sensibilización” (Vaquero 2012). Por iso, nesta primeira edición a elaboración do contido estivo a cargo do Seminario de Sociolingüística da RAG, co asesoramento de Pilar Ponte e do Servizo de Normalización Lingüística municipal. O contido organizouse en temáticas semanais, cada unha delas orientada á exploración de posibles tratamentos de temas sociolingüísticos relevantes. Aínda que nas sucesivas edicións a xestión do blog foi externalizada, a estrutura mantívose en trazos xerais:

Semana I. Temos todas as pezas! O obxectivo desta semana é demostrar que o galego é unha lingua completa e versátil, explorando os contidos audiovisuais producidos nesta lingua,

reflexionando sobre as carencias e animando ao alumnado a facer as súas propias contribucións.

Semana 2. A lingua de Ames! Preténdese reforzar o vínculo entre lingua e territorio, promovendo actividades de coñecemento da realidade social, territorial e ecolingüística de Ames.

Semana 3. Un galego mundial! Búscase cuestionar a imaxe do galego como lingua minoritaria e mostrar o seu valor para o desenvolvemento da personalidade plurilingüe, proxectando a mirada cara ao futuro, imaxinando novos usos e comprobando a súa adaptación ás tecnoloxías emerxentes.

Coma na proposta orixinal, o contido do blog complementouse con saúdos de distintos persoeiros, que nos mandaron vídeos animando as nenas e nenos a cumpriren o reto. Ademais da motivación engadida, o obxectivo fundamental disto foi a exposición do alumnado a modelos de prestixio (Vaquero 2012, pp. 23-25).

Ademais das pequenas dinámicas diarias propostas, cada luns forneceuse unha programación con tres actividades a escoller para desenvolver ao longo da semana. As actividades concibíronse baixo a visión do *Modo galego, actíva!* e foron deseñadas de maneira colaborativa. Os Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) dos centros educativos fixeron as súas propostas, de acordo aos seus intereses e o seu coñecemento das aulas. Posteriormente, dende o Seminario de Sociolingüística fíxose unha escolma, revisión e adaptación das actividades á aposta teórica proxecto.

Cada venres pediúselle ao alumnado que fixese unha reflexión en familia durante a fin de semana e a rexistrase nunha gravación. Os ficheiros de son resultantes escoitáronse nas aulas, seleccionáronse polo profesorado e remitíronse á organización do programa. Estes fragmentos foron de novo seleccionados e editados para a súa emisión semanal na radio municipal de Ames. Este espazo en Ames Radio aproveitouse tamén para que distintos axentes —familias, profesorado e outros especialistas— lle contasen á veciñanza como ía evolucionando a experiencia nos colexios.

A maiores destas cuestións, todos os axentes implicados foron libres de engadir na programación o que consideraron. Por exemplo, o Servizo de Normalización Lingüística municipal planificou

actuacións musicais nos centros educativos; o profesorado e algunha ANPA organizaron actividades complementarias propias; nalgúns centros trouxeron convidados e convidadas especiais ás aulas etc.

Avaliación da primeira edición, metodoloxía e resultados xerais.

A continuación, resumimos os principais métodos empregados para a avaliación desta edición. Cómpre aclarar que a metodoloxía evolucionou para adaptarse aos resultados que se foron obtendo e aos cambios na programación de cada ano.

Para a valoración da recepción, do funcionamento e dos resultados desta primeira edición administráronse dous instrumentos principais:

- *Enquisa ao alumnado.* Ao remate das tres semanas de compromiso, administrouse un cuestionario a unha mostra do alumnado⁵ de todos os centros de educación primaria. A enquisa contou con catro módulos: (1) perfilado sociolingüístico da persoa enquisada, (2) opinión sobre o programa, (3) efectividade autopercebida e (4) valoración das actividades levadas a cabo.
- *Entrevistas ao profesorado dos centros.* Para coñecer os pormenores do funcionamento do programa nas aulas, a efectividade percibida polo profesorado e, en xeral, a súa opinión sobre as dinámicas propostas e os aspectos operativos, administráronse entrevistas semiestruturadas —entre 15 e 50 minutos— a profesionais escolleitos⁶ dos colexios participantes.

Por outro lado, coa vontade de transcender a dicotomía entre investigación e acción propia do noso enfoque (Villasante, Montañés e Martí 2000; Francés, Alaminos, Penalva e Santacreu 2015) empregáronse tamén na avaliación do *Modo galego, actívao!* instrumentos

5 Todo o alumnado de 2º e 6º de EP, máis 1º e 4º de EP nun dos centros: 378 enquisas en total.

6 Un membro do EDLG ou a directiva, máis outro profesor/a en cada centro educativo: oito entrevistas en total.

de dobre propósito, que foron tanto actividades dinamizadoras coma ferramentas para a produción de datos:

- *Folla de seguimento*. No caso do programa de compromiso lingüístico, as follas de seguimento, recollidas ao remate do programa, servíronnos para medir a adhesión ao reto do alumnado e para ver a tendencia na activación. Os resultados obtidos mediante esta ferramenta e posteriormente a través do *Activador MGA!*, foron de grande axuda á hora de pensar e introducir novas dinámicas.

En cada edición do *Modo galego, actívaio!* trátase de rematar cun evento de peche. Nesta primeira ocasión, consistiu nunha “posta en común”, realizada no Auditorio de Bertamiráns. Nela participaron representantes da comunidade educativa, o Concello e a Real Academia Galega. Ademais de transmitir publicamente o que se fixera, o acto serviu para compartir impresións e facermos unha valoración conxunta dos aspectos máis positivos e das cuestións que cumpría mellorar nas seguintes edicións.

A adhesión ao compromiso

Comezamos analizando a participación, a adhesión ao compromiso e a evolución da activación ao longo das tres semanas do programa. O primeiro dato salientable neste aspecto dos nosos resultados é que a práctica totalidade dos escolares enquisados declararon que coñecían o programa (94,7 %) e participara nel (92,3 %).

A adhesión ao compromiso medímola fundamentalmente mediante as *Follas de seguimento* recollidas. A pesar da dificultade de recuperar un material coma este, autoxestionado polos menores, ao final dispuxemos de preto de 1000, que supuñan arredor do 60 % do alumnado de primaria. Como se sinalou, este instrumento, ademais da súa función dinamizadora, serviunos para coñecer a activación do alumnado ao longo da experiencia. Na seguinte figura (Figura 3) represéntanse os niveis de activación desagregados por centro educativo, en laranxa claro, e a media agrupada, en escuro, acompañada da súa liña de tendencia. A recta descontinua representaría o nivel de activación “basal” previo ao programa, de acordo aos

3. Ao luns seguinte comeza de novo o ciclo, que se repetirá tamén na última semana, pero agora xa cunha activación máis homoxénea.
4. Na semana intermedia rexístrase un leve descenso xeral da activación, que remonta na última.

De acordo á liña de tendencia, ao longo do programa a activación vai a máis. Entre outras cuestións, isto sería indicio de que a duración de tres semanas é axeitada, sen producirse un “efecto cansazo” negativo. Con todo, a redución rexistrada na segunda semana que, ao quedar no medio, non se beneficiou da motivación froito da novidade ou da que supón o esforzo final por cumprir o reto, convida a sermos prudentes ante a posibilidade de estender a dinámica máis aló no tempo.

Esta lectura resulta consistente tamén coa feita polo profesorado nas entrevistas. De acordo con como o viviron, un acerto do noso programa de compromiso foi presentalo en forma de desafío e artellar ao redor disto todas as dinámicas. Segundo nos contaron, isto dotou o programa dunha capacidade de mobilización intrínseca ao formato, relacionada coa evolución da motivación:

[Notei moito os efectos] Na hora de falar si. [Si?] Si. Pero polo que che dicía eu, porque o vivían máis como un reto. Non como unha motivación intrínseca do que ten que ver con falar en galego. Pero si que vin o tema do reto, que iso para eles si que... na miña aula polo menos son moi competitivos. Entón, que lles propoñas un reto gústalles moito. Máis alá de que teña premio ou non teña premio. [...] Quizais o defecto máis grande foi... fun eu, que non... busquei... seguir... sendo... pois... facendo que esa proba seguise tendo interese... porque os rapaces cansan moi rápido, van por ondas. Entón, se ti mantés... sabes? [...] (Titor de 5º de EP, en entrevista)

Outro elemento que cómpre salientar a propósito da adhesión ao programa e a extensión dos seus efectos máis aló das tres semanas de compromiso foi a capacidade performativa do nome do proxecto: *Modo galego, actíva!* A importancia de escoller adecuadamente o lema dunha campaña de dinamización é algo que se apunta

xa na bibliografía especializada (Vaquero 2012, pp. 33-34) e que a nosa experiencia confirmou sen ningunha dúbida:

Eh... pero si que é certo que, cando remataron esas tres semanas, o logo da... o logo do programa seguiu nas aulas, o contrato seguiu nas aulas, e iso que lle dicíamos sempre ao alumnado de “actíivate, actíivate”, iso está. Iso é algo que xa está e xa todo o mundo, cando llo dis, xa o entende. [...] É algo... iso si que o vimos e que... e que lle demos... que parece unha tontería, pero que lle demos como moita importancia que... a... á facilidade que houbo coa identificación do logo e do lema. Iso... iso era constante. Entón, agora xa ven... xa ven esa imaxe do Modo Galego e están “Actíivate! Actíivate!”. E iso... e iso agora quedou. E eu creo que vai quedar para o ano que vén. (Coordinadora dun EDLG, en entrevista)


Con tres edicións xa celebradas, camiño da cuarta, podemos dicir que a día de hoxe a idea de “activar o *Modo galego*” forma parte xa do imaxinario colectivo na comunidade educativa amesá, e que funciona como un recurso dispoñible para calquera actividade infantil, tamén á marxe do programa.

A recepción do programa por parte do alumnado

O primeiro salientable sobre a recepción do alumnado desta primeira edición é que:

1. Case o 80 % do alumnado enquisado declarou que o pasou “bastante ben” ou “moi ben” participando.
2. Só un de cada dez nenos e nenas declarou que non lle gustara participar. O alumnado restante adoptou unha postura levemente positiva (Figura 4).


Figura 4: Satisfacción do alumnado coa experiencia



Esta valoración positiva foi xeral en todos os centros educativos, pero en especial nos dous que fixeron de “centros motores”, aqueles que participaron de cerca no deseño das actividades e, polo mesmo, estiveron máis involucrados co programa naquela primeira edición.

Moi ilustrativas foron as valoracións segundo a lingua habitual do alumnado (Figura 5):

Figura 5: Alumnado que o pasou «moi ben» participando, segundo lingua habitual.



Comezando polos nenos e nenas galegofalantes e cinguíndonos ao alumnado que o pasou “moi ben” —o grao máximo de valoración— vemos que supoñen 7 de cada 10. Puntuaron igualmente así o programa máis da metade do alumnado que se declara bilingüe de base. Por último, cómpre dicir que tamén o pasaron “moi ben” un de cada tres castelanfalantes e un de cada catro dos que se criaron nunha lingua estranxeira. Sobre as diferentes experiencias segundo lingua, comentou o profesorado:

Eu direiche que houbo alumnado que por exemplo, eh... esforzábase por falar o galego, pero que non era quen. [...] E esas catro ou cinco persoas que pode haber en aula de que en absoluto falan na casa seguen igual. Si que fixeron moito traballo durante esas tres semanas por intentalo, pero esas... esas familias retrocederon. Eh... e polo resto iso, pois houbo unha mellora eh... naquelas fam... naquel... naquel alumnado que entra no cole e de repente empeza a falar castelán e entón ves eses grupiños que... que antes había alguén que falaba castelán e que agora, mmm... volveu falar o galego que fala na súa familia. E deuse de conta... había moita... moita... moita resposta diso, de “e eu por que teño que activar o Modo galego se xa o falo?” e é como “non, aquí no cole non o falas”. E dábanse de conta. Que... que igual é que nin se daban de conta, entendes? E dábanse de conta e entón cambiaban. E iso continúa. Iso [si] que está ben, que si que continúa. (Coordinadora dun EDLG e titora, en entrevista)

O cumprimento do reto seguramente supuxo un certo esforzo extra para os últimos, pero o feito de que o alumnado galegofalante realmente gozase da experiencia convidanos a pensar que o programa puido supoñer unha oportunidade para a súa visibilización e para o seu apoderamento, e que se adecuou aos obxectivos de partida. Isto resulta coherente coa impresión obtida durante a aplicación do programa, a visión compartida polo profesorado e mesmo os testemuños dos propios nenos e nenas. Por exemplo, así o contaba unha docente:

O alumnado galegofalante eu creo que tivo oportunidade de virse... de verse reforzado. Porque, quero dicir, mmm... se me poño na súa cabeza e quizais mudaba de lingua ao chegar á escola, porque tiña... porque mantiña relacións con nenos e nenas que eran castelanfalantes igual

estaba facendo a... tch... o cambio de lingua simultáneo nese momento, entón, que se puideron sentir apoderados, nesas tres semanas co modo galego activado. (Coordinadora dun EDLG e titora, en entrevista)

E así o expuxo un neno de primaria nunha das reflexións gravadas da segunda semana:

Como pasaches esta semana de compromiso? Paseino ben, xa que [o galego] é a lingua que uso a diario. En que momentos me foi doado cumprilo? cando me dirixía a un compañeiro ou amigo e me falaba en galego. Que foi o que máis che gustou? escoitar aos compañeiros falar o galego. E o que menos? Non teño, xa que para min foi unha semana xenial! (Neno de primaria. Na gravación, vai lendo as preguntas que se lle propuxeron en voz alta para a reflexión e respondéndoas con entusiasmo)

Finalmente, a pregunta clave para saber como recibiu o alumnado a iniciativa foi se “repetirían o ano que vén”. Neste caso, a gran maioría declarou que si, supoñendo 7 de cada 10 rapaces e rapazas. Respecto ao alumnado que non repetiría, queda por ver se se concentra en aulas ou centros particulares ou se se corresponde en maior grao con alumnado de 6º de EP, xa que durante a administración das enquisas se detectaron algúns casos de comprensión errada da pregunta.⁷ En todo caso, podemos concluír sen medo a nos enganar que nesta primeira edición —e, ata onde sabemos, tamén nas seguintes— o programa gozou dunha moi boa aceptación pola maior parte do alumnado amesán.

O impacto do programa sobre os usos e as actitudes


Para rematar coa presentación de resultados, imos falar da efectividade do programa de acordo aos obxectivos propostos. No primeiro que cómpre insistir é que nos baseamos aquí na autopercepción do alumnado e na valoración do profesorado nas entrevistas, polo

7 Mentres nos cursos inferiores algunhas nenas e nenos puntuais entenderon que se preguntaba se “ían repetir de curso”, outros de 6º de EP responderon que non querían repetir, xa que era un programa para a primaria e esperaban estar no instituto ao ano seguinte.

que non partimos dunha ponderación obxectiva fronte a un padrón. Precisamente isto si se fixo nas seguintes edicións, a través da medición previa e posterior ao programa de usos e actitudes. Estes resultados non serán expostos aquí, xa que non forman parte do obxecto deste artigo, mais si recorreremos a eles para explicar estoutros datos en retrospectiva.

A figura seguinte (Figura 6) resume a efectividade do programa de compromiso percibida polo alumnado en distintas cuestións actitudinais e de uso:

Figura 6: Valoración da efectividade do programa polo alumnado.



De maneira global, podemos dicir que ao redor da metade do alumnado notou efectos positivos en todas as dimensións analizadas. Destacan a maior converxencia á hora de “percibir o galego como unha lingua útil” e a menor á hora de “sentir o galego como a túa lingua propia”.⁸

Comezando polo segundo, o certo é que, como apuntábamos ao principio, a maioría do alumnado nestas idades declárase castelanfalante, co que un cincuenta por cento de nenos e nenas que ven o galego —tamén— como a súa lingua propia poderíase considerar un resultado moderadamente positivo.

Respecto á utilidade, vemos o resultado obtido como especialmente bo, xa que esta foi unha das cuestións que tivemos máis

8 Sobre isto, a avaliación pre-experimental mediante tests previos e posteriores da 2ª edición (2023-2024) confirmou un impacto positivo significativo do programa sobre o global das actitudes lingüísticas. Detectáronse variacións estatisticamente significativas nas relacións entre iguais ($\chi^2 = 7,286$; $p < 0,07$) e nas relacións coa xente de fóra de Galicia ($\chi^2 = 13,313$; $p < 0,001$).

presentes á hora de concretar a perspectiva ideolóxica do proxecto e, polo mesmo, eixe do deseño das actividades, as dinámicas e o contido do blog do programa de compromiso. Precisamente, o enfoque adoptado —a presentación de modelos alternativos de relacionarse coa lingua, a vinculación do galego co futuro e as novas tecnoloxías etc.— foi unha das cuestións máis distintivas e repetidamente aplaudidas polos docentes nas entrevistas:

E ver, pois eh... a problemática... ou sexa, ti cando explicas o galego, cando estás explicando os Séculos Escuros, todo deus está calado. Pois nós queremos ese impacto. E eu creo que co blog si que se conseguiu iso, esa chicha, non? Non sempre polo negativo, senón polo positivo. Ou sexa, ver unha rapaza da India que che fala galego coma ti e coma min, claro, os nenos quédanse coa boca aberta. Esa chicha hai que mantela, porque lle dá frescura ao programa. A min gústame moito iso, porque eu creo que se conseguiu sobradamente, eh. E bueno, xa cando sacaron os avatares [dixitais] e tal... A IA, é que me... me voou a min a cabeza, eh! Ou sexa... Que... que lle podes dicir a... porque eu nunca, nin OpenChat nin nada disto... Eu agora, non digo ir todas as semanas, [risas] [pero case] dende que... dende que saíu ese tema, é que che voa a cabeza! Entón, eu creo que iso se debe manter. Ou sexa, esa chicha paréceme que é... porque... incide directamente na motivación para a proposta. (Coordinador dun EDLG e titor, en entrevista)

Nesta liña, debemos dicir que os resultados do seguimento lonxitudinal que se veu facendo nas últimas dúas edicións confirman un impacto positivo significativo nas actitudes lingüísticas avaliadas, así como unha galeguización das prácticas e os contextos inmediatos do alumnado. Sobre isto último tamén se pronunciaron varios dos e das docentes entrevistados, que falaban dalgúns efectos inmediatos e mesmo aventuraron posibles cambios na conduta lingüística de alumnos e alumnas puntuais:

A ver, ao principio a min parecíame que era como algo demasiado puntual, que me parecía moi difícil que alguén cambiase a súa lingua materna... ou sexa, non materna, que moitos non é a súa lingua materna, pero cambiar a súa lingua con algo tan curto no tempo, non? É certo que durante o proxecto eles esforzáronse moitísimo e teño que valorar que dúas alumnas cambiaron a lingua: agora falan galego

comigo. Na casa non, pero comigo sempre falan galego. É certo que eu sempre lles falo galego, nunca lles falo castelán. Entón, eh... claro, tch... conseguín a dúas alumnas polo menos enganchalas. (Titora de 3º de EP, en entrevista)

Máis aló do anecdótico que poidan ser episodios coma estes,⁹ si cremos ir ben encamiñados no cumprimento dos obxectivos de diversificar as prácticas lingüísticas, fomentar unha maior facilidade para a converxencia dos castelanfalantes no medio e longo prazo e incrementar a seguridade do alumnado galegofalante para desenvolverse na súa lingua nas escolas. Respecto a isto, así se pronunciou outro rapaz na súa reflexión final:

A min, gustoume o reto, porque me gustan moito os retos e máis os do colexio. E eu si que aprendín algo novo, como por exemplo a non ter vergoña cando falas galego, porque é un idioma moi bonito e é o noso idioma. Eu creo que os meus compañeiros e eu cumprimos o reto porque... ao menos dentro do colexio, porque no recreo e iso todos falaban en galego. E logo fóra do colexio xa non sei, porque non... non estou en todo. E eu creo que si que vou falar máis galego a partir de agora, porque me gusta moito o galego, bueno, xa me gustaba, pero agora me gusta máis co do reto e xa estou máis acostumado. Eu si que me animaría a estender o compromiso, pero esta vez sen límite, porque eu creo que case todos o fariamos, porque xa estamos máis acostumbrados que antes. (Rapaz de primaria, nunha reflexión gravada)

Por outro lado, aínda que polo xeral o profesorado é o colectivo máis galeguizado da comunidade educativa, tamén se detectou un impacto positivo entre o persoal docente, posto que as persoas entrevistadas destacaron que a experiencia supuxo unha oportunidade para a reflexión daquel sector menos comprometido coa lingua:

Polo menos durante o tempo eh... eu ademais na reunión expliqueilles que era chocante que lles fixeramos aos nenos falar en galego se a nós

9 Volvendo á avaliación experimental da edición seguinte, un mes despois da experiencia o *Índice de presenza do galego* (de 0 a 1) pasou de 0,40 a 0,45 entre o alumnado na media de todos os contextos e axentes da socialización, destacando o aumento da presenza entre as amizades (0,21 a 0,31) e o uso do propio neno/a na casa (0,32 a 0,39).

nos escoitaban falar en castelán. Entón hai xente que xa sempre falamos en galego entón non houbo problema. Pero as que... as que falan en castelán, moitas tal. Eu no meu departamento teño algunha que fala en castelán que sempre lle digo “mira, non quero ser pesada, pero tes que... mellorar tal”. [...] Agora volven así a tal, pero bueno, eu fágolle como aos nenos, “Modo galego!” [risa]. (Coordinadora dun EDLG, en entrevista)

Para rematar, podemos engadir que un tema recorrente entre o profesorado foi o da limitación temporal da proposta e a necesidade de explorar maneiras de estender o efecto do programa de compromiso máis aló. Sobre estas afirmacións, temos que lembrar que este programa é só unha das actividades do proxecto, no que traballamos tamén na mellora xeral da xestión lingüística nos distintos espazos de socialización infantil. O que queremos salientar con isto é que cremos que calquera actividade realmente dinamizadora require de traballar en liñas diversas e a múltiples niveis, involucrar distintos axentes e pensar tamén no medio e longo prazo, procurando unha efectividade real e duradeira.

A valoración das cuestións organizativas

Se ben os resultados avaliados foron un criterio fundamental para o redeseño da actividade en cada edición, tívose tamén moi en conta a opinión compartida polo profesorado sobre os aspectos que cumpría manter ou mellorar. Como se pode deducir do *verbatim* reproducido ata o de agora, o programa recibiu unha valoración en xeral positiva. Considerouse especialmente así a dinámica de reto, o enfoque ideolóxico e a calidade das actividades e a programación. Na mesma liña, salientouse a estrutura e contido do blog e a súa idoneidade como plataforma para compartir recursos:

Mira, eu o blog vino fantástico. Unha, que os meus compañeiros dicían “que manteñan o blog, aínda que non siga todo isto!”. Porque nós sempre que queiramos facer algo pois temos ese recurso. Porque moitas veces, tch... en galego non hai todos os recursos que desexamos, ou fas algo ti pola túa conta ou se non non hai moito material. Porque incluso eu acórdome unha vez que substituí unha clase de segundo e quíxennlle

poñer un vídeo de ga... de... do aparato dixestivo en galego... tívenllo que poñer en castelán, porque non había. (Coordinadora dun EDLG, en entrevista)

Unha certa escaseza, descoñecemento ou pouca accesibilidade dos recursos en galego fora xa sinalada en repetidas ocasións polo profesorado nas distintas reunións de traballo que se foron facendo. Para solucionalo, no *Modo galego, activao!* baralláronse varias opcións —crear un repositorio en liña ou mesmo unha plataforma para compartir os materiais creados polo profesorado— todas elas complexas e, por distintos motivos, inviables polo de agora ao abeiro do proxecto. Por iso, decidimos aproveitar o blog para facer visible e accesible ao profesorado materiais e recursos de calidade xa dispoñibles en liña.

Outro acerto que se sinalou a miúdo foi a escolla do marco municipal como referencia das accións. Edición tras edición, podemos comprobar que isto xera por si mesmo unha sinerxía entre os distintos contextos de socialización infantil que reforza a efectividade da proposta, especialmente notoria nos días do compromiso lingüístico:

O bombazo dos vinte e un días foi bárbaro, porque todos estabamos a unha. [...] É dicir, estaba no Concello, estaba nos servizos complementarios, estaba... todo o mundo estabamos traballando na mesma liña [...]. É que aquí houbo incluso irmáns en secundaria [que non participaban nesta edición] que se engancharon ao Modo galego para axudar a irmás que estaban estudando aquí. Entón, claro, ese... esa... iso é top. Iso non se pode perder polo camiño, entón... [...] creo que xa o comentamos na... cando fixemos a valoración final, alí no... no pazo¹⁰ e tal. Eh... eu creo que... que sería moi interesante [manter] a reflexión e logo que vaíamos todos xuntos. (Coordinador do EDL dun centro, nunha das entrevistas de avaliación)

Polo seu lado, na parte negativa houbo dúas observacións fundamentais:

10 Refírese ao evento de peche da primeira edición do programa, a xa comentada “posta en común”.

1. *Eivas na comunicación e coordinación entre axentes.* A pesar dos esforzos realizados pola organización neste sentido, comenouse en varias ocasións que a información fora insuficiente ao inicio do programa. Isto explica, entre outras cuestións, que a incorporación fose tardía nalgúns centros e progresiva ao longo da primeira semana, como se representa na Figura 3.
2. *A carga global de traballo.* Aínda que se insistiu en que as aulas que quixesen participar só debían adscribirse á dinámica básica —asinar o compromiso e motivalo— considerouse que o plan de actividades optativas semanais e a propia profundidade das entradas do blog podían ter un efecto disuasorio para un sector do profesorado, en especial aquel que tivese un calendario moi axustado de antemán. Esta impresión reforzouse na segunda edición, na que o programa de compromiso coincidiu demasiado preto das avaliacións de fin de curso.

Ambas as dúas observacións foron tamén compartidas por nós, en especial a segunda, respecto ás nosas propias tarefas. En especial o blog, aínda que uniformemente ben valorado, supuxo unha carga de traballo demasiado grande para as persoas responsables da súa coordinación. Ademais, as seguintes experiencias apuntaron á dificultade de manter o enfoque dos contidos, en especial as cuestións técnicas, sen contar co asesoramento do Seminario de Sociolingüística da RAG, o que vai en contra da vontade de que a iniciativa poida estenderse no tempo de xeito autónomo sen perder o seu carácter.

Principais conclusións da avaliación e sucesivas modificacións do programa.

Froito desta avaliación e a da seguinte edición, introducíronse sucesivas modificacións ata chegar á proposta vixente. A continuación, presentamos os obxectivos específicos que guiaron o deseño actual da dinámica:

1. *Reducir a carga de traballo, mellorar a coordinación e reforzar o papel do Concello.* Na primeira edición e na segunda, a carga de traballo foi sen dúbida a principal obxección, ademais do máis comprometedor para a viabilidade futura da iniciativa. A programación de actividades foi o que máis se vinculou a isto, pero non é unha das cuestións máis relacionadas coa efectividade do programa. Por outro lado, aínda que coas edicións o profesorado se vai familiarizando co *Modo galego, actívao!*, a necesidade de anticipación e coñecemento dos pormenores da programación é unha demanda permanente dos e das docentes. A simplificación de todas as dinámicas, ademais de favorecer unha maior e máis consistente adhesión ao programa de compromiso, facilita a xestión de cada unha das edicións e contribúe a garantir a duración no tempo da iniciativa.
2. *Ampliar a participación e estender a duración.* Como expuxemos, o programa contou cunha ampla aceptación e participación en cada edición. Con todo, consideramos que sempre é algo no que se pode mellorar. Na primeira edición, a maior adhesión ao compromiso produciuse dentro das aulas e, en menor medida, nos servizos complementarios e nas familias. Nas seguintes edicións, buscamos integrar activamente estes axentes. Así mesmo, exploramos vías de estender a duración das actividades e os seus efectos máis aló das tres semanas, sen ter que alongar necesariamente o compromiso, a risco de obter o efecto contrario.
3. *Focalizar no que funcionou e estandarizar unha proposta con identidade propia.* Sen dúbida, o formato de desafío demostrou ser o punto forte do programa de compromiso dende a primeira edición. Neste sentido, nas seguintes edicións buscamos reforzar este compoñente, tratando que todas as aulas se incorporen dende o primeiro día e tratando de evitar eses vales nos que decae o compromiso. Por outro lado, no *Modo galego, actívao!* recorreremos a iniciativas xa existentes como punto de partida para a nosa investigación e avaliación, mais aplicando o aprendido edición tras edición o programa estase a constituír como unha iniciativa singular e con selo propio.

A programación actual

Na súa versión actual, o programa dura un mes —tres semanas de compromiso e unha máis de extensión das actividades e peche— e a súa estrutura é a seguinte:

- A semana previa, inician nos centros actividades de predisposición.
- O primeiro día asínase en todas as aulas o *Acordo de compromiso lingüístico*. Coa idea de fomentar a reflexión sociolingüística, a negociación motivadora entre alumnado e titor/a e o aumento da adhesión ao compromiso, a versión actual do acordo é modulable, con tres opcións:
 - › Empregar o galego o máximo posible mentres estean no colexio, durante o tempo que dura o reto.
 - › Empregar o galego o máximo posible, de luns a venres, dentro e fóra do colexio, durante o tempo que dura o reto.
 - › Empregar o galego o máximo posible todos os días (incluídas as fins de semana) durante o tempo que dura o reto.

Na negociación, espérase que as recompensas sexan acordadas ao grao do compromiso. Coma sempre, este acordo queda reflectido nun contrato asinado por todos e que continúa a colgarse na parede da aula como recordatorio.

- De aquí en diante cada día as aulas terán que visitar a páxina do programa. Para reducir a carga de traballo global, non hai xa programación semanal de actividades, senón que cada aula é libre de planificar as súas propias co gallo do programa de compromiso. Respecto ao blog, o que atoparán agora cada día é un reto relacionado co uso da lingua que terá que ser completado nas seguintes 24 horas, ou na fin de semana no caso dos venres.
 - › O alumnado que completou o reto, recibe cada xornada un adhesivo coleccionable que pode pegar nun álbum fornecido polo programa. O obxectivo con isto é que as

- nenas e nenos teñan presente o compromiso e reforcen diariamente a motivación.
- › O feito de dispoñer de 24 horas —ou a fin de semana— facilita e fomenta que as familias se involucren en moita maior medida na dinámica.
 - › Fronte ás edicións precedentes, as entradas no blog son moito máis breves, focalizadas na presentación do reto. Deste xeito a visita diaria convértese en algo máis levadío para o profesorado, o que favorece unha maior regularidade no acceso.
 - › Con todo, ademais do reto, continúan a compartirse recursos lúdicos e educativos para o alumnado, o profesorado, o monitorado e as familias, e a publicarse diariamente os vídeo-saúdos de persoas referentes, que presentan os retos e animan a manter o compromiso.
- Ao final do día, faise unha posta en común e cada alumno e alumna valora o seu grao de compromiso nesa xornada. Para organizar esta actividade, existe unha aplicación web chamada o *Activador do MGA!* Mediante esta aplicación, o alumnado pode rexistrar en liña o seu compromiso. Esta aplicación substituíu a *Folla de seguimento*.
- › Por unha banda, facer o rexistro en grupo e coa presenza da profesora ou profesor favorece un maior control nos datos introducidos.
 - › Por outra, o soporte web facilita un seguimento en directo da participación, permitindo detectar e resolver distintas eivas sobre a marcha.
 - › Ademais, cada semana preséntaselles na aplicación un misterio que só poderán resolver se o grao de activación da aula é elevado. Isto engade un elemento extra de motivación que conecta tamén a activación individual cos obxectivos grupais.
- Ao rematar o mes, celébrase o cumprimento do compromiso cunha enorme baila conxunta en todos os centros participantes.

A idea, que xurdiu dun dos centros educativos, permite poñer un peche festivo á vez que axuda a dar visibilidade á iniciativa fóra dos colexios.

Para rematar, cómpre engadir que os cambios na programación supuxeron tamén modificacións das metodoloxías de avaliación. Destacan a administración de enquisas ao profesorado, e de usos e actitudes ao alumnado previas e posteriores ao programa, para a valoración dos efectos dende unha perspectiva experimental. Os datos producidos están a ser agora mesmo analizados e agardamos que sirvan para confirmar a adecuación dos axustes introducidos ou sinalarnos novas vías de mellora para futuras edicións.

Reflexións finais

De maneira global, dende a organización valoramos moi positivamente a evolución do *Modo galego, actívaol!* e a dos resultados obtidos nesta e nas edicións seguintes. Coidamos que con cada iteración o proxecto se axusta máis aos seus obxectivos, e se encamiña pouco a pouco a acadalos. Confiamos en que as aprendizaxes que estamos a obter nos axuden a comprender mellor e expandir as posibilidades da dinamización lingüística nesta e noutras iniciativas futuras.

Centrándonos xa no programa de compromiso lingüístico, unha das cuestións que poñen de vulto os nosos resultados é a adecuación de traballar na activación lingüística de maneira inmersiva, primeiro para a posta en práctica das competencias, a mellora da autoconfianza e a diversificación dos usos, pero, sobre todo, como oportunidade para a visibilización e apoderamento dun alumnado galegofalante que, sen máis culpable que a presión que exerce o contexto, remata por abandonar a súa lingua propia durante a escolarización.

Por outra banda, é certo que a dinamización lingüística é unha tarefa complementaria que non pode substituír de ningunha maneira a planificación lingüística nos niveis superiores. Con todo, o *Modo galego, actívaol!* confirma a importancia do concello como marco territorial de referencia na socialización lingüística infantil (Monteagudo, Loredó, Vázquez-Grandío e Nandi 2021), e a capacidade

da política municipal para desenvolver accións efectivas, máis aló das eivas e atrancos da planificación lingüística xeral.

Neste sentido, cremos firmemente que o *Modo galego, activo!* é un proxecto cun gran potencial de crecemento, que constitúe un marco propicio para a experimentación, a posta a proba e avaliación de distintas ideas e, en xeral, a investigación na dinamización lingüística. Por iso, é a nosa vontade continuar con este traballo en Ames, innovando e reforzando ano tras ano a programación, así como estender, na medida das posibilidades, o proxecto a outros contextos.

Referencias bibliográficas

- Fernández Paz, Agustín; Lorenzo Suárez, Anxo M.; e Ramallo, Fernando (2007). *Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Francés García, Francisco J.; Alaminos Chica, Antonio; Penalva Verdú, Clemente; e Santacreu Fernández, Óscar A. (2015). *La investigación participativa: Métodos y técnicas*. Cuenca (Ecuador): Pydlos Ediciones.
- Goirigolzarri, Jone; Amorrortu, Estíbaliz; e Ortega, Ane (2019). Activación lingüística de jóvenes neohablantes de euskera en la universidad. En: Fernando Ramallo, Estíbaliz Amorrortu e Maite Puigdevall, eds. *Neohablantes de lenguas minorizadas en el Estado español*. Madrid: Iberoamericana Vervuert, pp. 23-46. DOI: 10.31819/9783964568830-002
- Loredo, Xaquín; Gómez, Lidia; e Baldomir, Elba (2018). *A lingua no CEIP Agro do Muíño*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.332
- Loredo, Xaquín e Silva Valdivia, Bieito, eds. (2020). *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.372
- Loredo, Xaquín; Vázquez-Grandío, Gabino S.; e López-Sáñez, María (2023). Evolución das destrezas orais bilingües galego/castelán ao final do ensino obrigatorio na última década e

- percepción do profesorado. En: Rosa Marta Gómez Pato e Alejandra Ulla Lorenzo, eds. *Oralidade(s)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 101-114.
- Monteagudo, Henrique; Loredó Gutiérrez, Xaquín; Vázquez-Grandío, Gabino S.; e Gómez Martínez, Lidia (2021). *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.380
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; e Vázquez-Grandío, Gabino S. (2024). *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023: Análise da enquisa sobre coñecemento e uso do idioma galego (2023) e da evolución sociolingüística de Galicia (1992-2023)*. A Coruña. Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.445
- Monteagudo, Henrique; Loredó, Xaquín; Vázquez-Grandío, Gabino S.; e Nandi, Anik (2021). *Prácticas lingüísticas na infancia: A xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.389
- Subiela, Xaime (2011). A procura da participación na planificación da política lingüística realizada desde as institucións. En: Paulo Martínez Lema e Goretti Sanmartín Rei, eds. *Unha outra guía para a intervención lingüística*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 67-74.
- Vaquero, Isabel (2012). *Traballarmos en dinamización lingüística (unha introdución)*. Documentos CTNL 2. Santiago de Compostela: Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua. Dispoñible en http://www.ctnl.org/upload/des/237-a-traballarmos-dinamizacion-lgca_isa-vaquero_docctnl2_2012.pdf
- Villasante, Tomás R.; Montañés Serrano, Manuel; e Martí, Joel, eds. (2000). *La Investigación social participativa*. Barcelona: El Viejo Topo.

UNHA PRIMEIRA APROXIMACIÓN AO LÉXICO DA PERSONALIDADE EN LINGUA GALEGA

Elena Rey García

elena.rey.garcia@rai.usc.es

ORCID: 0009-0005-6379-6654

Estrella Romero Triñanes

estrella.romero@usc.es

ORCID: 0000-0002-9239-2544

Paula Ganitsky Chemby

paula.ganitsky@rai.usc.es

ORCID: 0000-0003-4178-6831

Isabel Fraga Carou

isabel.fraga@usc.es

ORCID: 0000-0001-9346-6560

Instituto de Psicoloxía (IPsiUS)
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: O presente traballo ten como obxectivo explorar os descritores léxicos da personalidade en galego, cun enfoque émico, en que son os propios falantes os que achegan os termos atendendo ao seu propio contexto lingüístico. O marco de referencia adoptado foi o Modelo dos Cinco Grandes da personalidade, que propón cinco dimensións fundamentais: *extraversión*, *afabilidade*, *responsabilidade*, *neuroticismo* e *apertura á experiencia* (Goldberg 1981).

Realizouse un estudo de acceso léxico, identificando os adxectivos máis frecuentemente evocados polos falantes de galego ao describir trazos de personalidade, levouse a cabo a análise sobre a valencia afectiva e o nivel de activación emocional e realizouse a súa categorización segundo o Modelo dos Cinco Grandes. Para consultar a frecuencia dos termos no uso escrito da lingua, recorreuse ao corpus do *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG). Os resultados mostran un predominio de termos con valencia positiva, coincidindo con estudos previos noutras linguas romances. A clasificación segundo o Modelo dos Cinco Grandes revela unha maior representación das dimensións de *extraversión* e *afabilidade*.

Esta investigación constitúe unha primeira aproximación empírica ao léxico da personalidade en lingua galega e subliña a necesidade de desenvolver recursos específicos adaptados á realidade lingüística propia.

Palabras chave: acceso léxico, personalidade, Modelo dos Cinco Grandes, taxonomía, enfoque émico, lingua galega.

Title: An Initial Lexical Approach to Personality in the Galician Language.

Abstract: This study aims to explore the lexical descriptors of personality in Galician, using an emic approach, in which speakers themselves provide terms based on their own linguistic context. The Big Five Personality Model serves as the theoretical framework by proposing five fundamental aspects: extraversion, agreeableness, conscientiousness, neuroticism, and openness to experience (Goldberg 1981).

A lexical availability study was conducted in order to identify the most frequently evoked adjectives by Galician speakers when describing personality traits. An analysis was performed on the affective valence and arousal levels of the descriptors, which were categorized according to the Big Five Model. In order to examine the frequency of the terms in written language use, the *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* [Galician Language Electronic Database] (TILG) corpus was consulted. The results display a predominance of terms with positive valence, consistent with previous studies in other Romance languages. Classification according to the Big Five shows a greater representation of the dimensions of extraversion and agreeableness.

This research constitutes a initial empirical approach to personality-related lexicon in the Galician language, and highlights the need to develop specific resources adapted to the linguistic reality of Galicia.

Key words: lexical access, personality, Big Five Model, taxonomy, emic approach, Galician language.

1. Presentación

As linguas son un vehículo da comunicación, mais tamén son un reflexo da cultura e, en moitos sentidos, da personalidade dos individuos. A forma na que nomeamos o mundo, describimos os demais ou nos definimos está inevitablemente mediada polo léxico da nosa lingua.

O enfoque léxico da personalidade ten a súa orixe nos traballos de Allport (1937), quen defendeu que os aspectos máis relevantes da personalidade se codifican na linguaxe. Propuxo unha clasificación dos mesmos en trazos cardinais, centrais e secundarios baseándose na súa relevancia e consistencia no comportamento individual. Esta relación entre a fala e a personalidade reflíctese na chamada hipótese léxica (Goldberg 1990), que parte da premisa de que as persoas, mediante as súas interaccións sociais, se decatan das características da personalidade que teñen maior relevancia, pasando a codificarse na súa linguaxe común. Así mesmo, esta hipótese conta cun segundo postulado, segundo o cal os conceptos ou características máis relevantes terán con maior probabilidade unha palabra específica para nomealos (John, Angleitner e Ostendorf 1988). Esta idea exprésase mediante as chamadas palabras de clase aberta, é dicir, as categorías gramaticais de verbos, adverbios, substantivos e adxectivos.

Seguindo a hipótese léxica, xorde o “Modelo dos Cinco Grandes Factores da personalidade”. Trátase dunha estrutura de cinco dimensións da personalidade mediante as cales se podería describir como é unha persoa, independentemente do contexto ou a cultura á que esta pertenza; é, por tanto, un modelo que se describe como universal. Estas dimensións son *extraversión*, *neuroticismo*, *apertura á experiencia*, *afabilidade* e *responsabilidade* (Goldberg 1981).

O Modelo dos Cinco Grandes, que emerxeu a partir de estudos realizados en diferentes culturas, considérase o marco máis consensuado para o estudo da personalidade (Widiger e Crego 2019) e constitúe o exemplo máis representativo de como as investigacións léxicas influíron na teoría e na práctica psicolóxica actual; de feito, a estrutura dos cinco factores serviu de base para os máis importantes cuestionarios de avaliación da personalidade (Kajonius e Johnson 2019; McCrae e Costa 2010). Dentro da psicoloxía e das ciencias

afíns, o modelo mostrou amplamente a súa capacidade para predicir múltiples aspectos do comportamento humano nos campos educativo (Liu *et al.* 2022; Mammadov 2022), clínico (Hidalgo-Fuentes e Fernández-Castilla 2023) e social (Alderotti, Rapallini e Traverso 2023; Gerber *et al.* 2011; Soutter e Móttus 2021).

A partir do interese por estas aproximacións que conectan lingua e personalidade, realizáronse diversos estudos transculturais co propósito de identificar un núcleo de trazos común a todas elas (Ashton *et al.* 2004). Os resultados que se acadan nestas investigacións converxen en gran medida coas dimensións do Modelo dos Cinco Grandes. Non obstante, destas investigacións xorden tamén outras estruturas alternativas como a dos tres factores, formulada por De Raad *et al.* (2014). Estes autores propoñen unha estrutura cun núcleo común entre linguas que se define arredor do *dinamismo*, a *afiliación* e a *orde*. Este modelo demostrou ser replicable en varias linguas europeas, especialmente dentro das indoeuropeas, representando un avance significativo cara a unha comprensión intercultural da personalidade.

Convén salientar que o groso destes estudos se realizou con linguas maioritarias, o que presenta un nesgo importante na investigación transcultural. Ademais, a metodoloxía escollida parte, na súa maioría, dun enfoque *etic*, é dicir, baseado en categorías universais impostas dende fóra das culturas estudadas. As investigacións cun enfoque *émico*, que parten das categorías e significados propios dos falantes e da súa cultura así como do seu léxico dispoñible, seguen a ser escasas, especialmente no caso das linguas minorizadas. As linguas minorizadas non só están infrarrepresentadas na literatura científica, senón que tamén sofren unha exclusión simbólica na construción de modelos teóricos que aspiran a ser universais. A escaseza de estudos psicoléxicos centrados en linguas non dominantes contribúe a unha visión parcial e limitada e, por conseguinte, non reflicte a complexidade real das identidades lingüísticas e culturais. A pesar da existencia de traballos previos sobre o léxico dispoñible en galego, esta perspectiva psicoléxica centrada nos descritores da personalidade continúa inexplorada (Álvarez de la Granja e López Meirama 2014).

Este estudo en galego permite explorar como se articula a percepción dos trazos de personalidade nun contexto sociolingüístico caracterizado por un territorio bilingüe e diglósico, á vez que permite contrastar os resultados con outros estudos realizados en linguas próximas como o castelán ou o portugués (Ganitsky, Fraga e Romero 2023; Iraegui e Quevedo-Aguado 2002; Marques de Pinho e Guzzo 2003). Así, salientase a conexión da lingua coa cultura, a historia e a psicoloxía dos seus falantes, máis alá de considerala só un sistema formal de regras.

O presente traballo ten como obxectivo analizar os principais trazos de personalidade na lingua galega dende un enfoque psico-léxico, mediante unha tarefa de evocación léxica espontánea. Os termos obtidos clasifícaranse de acordo ao Modelo dos Cinco Grandes e realizarase unha análise afectiva baseada en dous parámetros da psicoloxía da emoción: a valencia, que indica o nivel de agrado ou desagrado percibido nun termo, e a activación emocional (do inglés, *arousal*), que fai referencia ao nivel de excitación fisiolóxica ou emocional asociado ao mesmo. Isto permite apprehender a connotación ou carga emocional asociada ás palabras evocadas, é dicir, recuperadas da memoria léxica polos propios falantes.

As investigacións previas, como as de Goldberg (1981) e De Raad *et al.* (2014), proporcionan unha base teórica sólida para a análise comparativa entre os diferentes sistemas lingüísticos. Neste sentido, a presente investigación segue unha metodoloxía émica, na que os propios falantes evocan de maneira espontánea os termos dispoñibles no seu léxico asociados aos trazos de personalidade. Este enfoque non pretende unicamente realizar unha descrición empírica destes descritores codificados na lingua galega, senón tamén abrir un espazo de reflexión crítica sobre os métodos e os discursos vixentes na psicoloxía da linguaxe actual.

2. Método

2.1. Participantes

A mostra inicial do estudo estaba composta por 95 participantes, aos cales se lles aplicaron criterios de selección de inclusión e exclusión previamente establecidos co fin de garantir a validez dos datos e o seu axuste aos obxectivos da investigación: i) ser estudante de grao non pertencente a Psicoloxía, ii) ter unha idade comprendida entre os 18 e os 40 anos e iii) empregar a lingua galega de forma habitual.

O criterio de exclusión de estudantes do grao de Psicoloxía responde á posibilidade de que puidesen levar a cabo inferencias relacionadas cos seus coñecementos académicos, introducindo así posibles nesgos durante a execución da proba.

Así mesmo, realizouse unha revisión das respostas achegadas co obxectivo de verificar o cumprimento dos requisitos da tarefa: produción dun número mínimo de termos, que estes correspondan con descritores da personalidade e que a achega se realizase en galego. Como resultado deste proceso, excluíronse 21 persoas da mostra inicial (catorce participantes por achegar un número insuficiente de termos e sete por incluír respostas que non se correspondían con termos descritores da personalidade, por exemplo, por empregar frases completas en lugar de palabras illadas ou por non comprender correctamente a tarefa).

Tras esta depuración, a mostra final quedou composta por un total de 74 estudantes universitarios, dos cales 59 eran mulleres (80 %), catorce homes (19 %) e unha persoa identificada con outra identidade de xénero (1 %).

En relación co criterio de uso habitual da lingua galega, incluíronse participantes que empregan o galego de forma regular, sen que isto implique que sexa a súa lingua de uso principal. A maioría dos participantes ($n=61$; 82 %) indicaron un uso predominante do galego fronte ao castelán.

2.2. *Materiais e procedemento*

O instrumento empregado para o presente estudo consistía nun cuestionario en liña de produción léxica libre. Foi desenvolvido para a investigación polo grupo de Procesos Cognitivos e Conduta (PCC) do Instituto de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (IPsiUS). O obxectivo principal deste instrumento era recoller de maneira directa os termos utilizados polos participantes para describir as características de personalidade, atendendo a un enfoque émico e psicoléxico.

En canto á súa composición, o cuestionario estaba formado por dúas partes: (a) perfil sociodemográfico e sociolingüístico, onde se recolleron datos relativos á idade, xénero, titulación que estaba a cursar, lingua adquirida na infancia, linguas utilizadas habitualmente (expresadas en porcentaxe) de cada participante; e (b) tarefa de produción léxica espontánea, na cal cada un deles debía expresar/escribir os primeiros sete termos descritores da personalidade “que lle viñesen á cabeza”. Convén precisar que se limitaron os termos introducidos a un número específico co obxectivo de facilitar a análise e comparación das respostas obtidas. Unha vez rexistradas, estas non podían ser modificadas, garantindo a súa natureza inmediata.

A primeira parte do cuestionario permítenos obter información sobre variables contextuais relevantes para a análise, como poden ser a idade ou o xénero, así como aplicar os criterios de inclusión e exclusión establecidos para o estudo. A segunda parte tiña como obxectivo acceder aos termos máis naturais e intuitivos que posúen os participantes en relación coa personalidade, de acordo coa hipótese léxica (Goldberg 1990), pola cal as características máis relevantes en relación coa personalidade estarán codificadas na linguaxe común, sendo as de maior relevancia as que —con maior probabilidade— terán un termo específico para seren nomeadas (John, Angleitner e Ostendorf 1988). Esta tarefa permítenos, por unha banda, identificar os termos máis accesibles e por outra distribuír posteriormente as palabras no espazo afectivo da valencia e a activación emocional partindo dos valores obtidos coa ferramenta *emoFinder* (Fraga *et al.* 2018).

A duración estimada era de entre dous e tres minutos, favorecendo a alta taxa de resposta e evitando xerar fatiga ou desinterese

por parte dos participantes. A elección do soporte dixital responde a criterios de rapidez, accesibilidade e anonimato para as persoas, sendo un medio cómodo tanto para a realización da tarefa coma para a recolleita de información, respectando ao mesmo tempo os principios éticos e metodolóxicos da investigación. Os datos almacenáronse nunha base de datos accesible para o equipo investigador. Estes non incluían información persoal identificable, garantindo o cumprimento dos principios de confidencialidade, anonimato e protección de datos. O presente traballo encádrase dentro dun proxecto máis amplo que recibiu o informe favorable da comisión de ética da Universidade de Santiago de Compostela.

2.3 *Análise*

Para levar a cabo a análise dos datos achegados polos participantes, realizouse previamente un proceso de depuración, no que só se conservaron os termos que cumprían dous criterios: a) que fose un adxectivo descritor da personalidade e b) que se atopase recollido no *Dicionario da Real Academia Galega*. Deste xeito, descartáronse os termos que non reunían estes requisitos, o que incluíu castelanismos, formas non normativas e formas non adxectivas.

Optouse por atender á norma oficial da lingua galega, tomando como referencia o *Dicionario da Real Academia Galega* (DRAG) para a validación dos termos. Deste modo, descartáronse os castelanismos e as formas non recollidas no DRAG, co fin de garantir a consistencia normativa da análise. Non obstante, estas respostas foron previamente contabilizadas para estimar o seu peso no conxunto total, representando aproximadamente un 15 % dos descritores achegados.

Así mesmo, de cara á análise léxica, consideráronse unicamente os adxectivos por seren a categoría gramatical máis representativa dos trazos de personalidade (Ganitsky, Fraga e Romero 2023). Esta elección responde á súa capacidade descritiva e á súa relevancia como prototipo na codificación dos trazos persoais (Saucier, Ostendorf e Peabody 2001). Outras categorías gramaticais (substantivos, verbos ou adverbios) presentes nalgunhas respostas foron excluídas seguindo a literatura previa neste campo.

A análise estatística dos descritores recollidos levouse a cabo mediante o programa JASP na versión 0.19.3. Así mesmo, analizouse a frecuencia dos termos finais mediante a consulta do corpus do *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG). Trátase dun corpus do galego onde se recompilan máis de 3 000 textos producidos entre 1612 e 2013 procedentes de distintos xéneros e ámbitos, formando un conxunto de arredor de 30 millóns de formas gráficas, lematizadas e anotadas con etiquetas morfosintácticas (Santamarina, González Seoane e Álvarez de la Granja 2012-2013). Esta análise permite observar se as palabras máis nomeadas polos participantes se corresponden coas máis frecuentes na lingua galega; os resultados permiten valorar relacións entre a frecuencia lingüística e a relevancia dos termos como descritores da personalidade segundo os seus falantes.

3. Resultados

A análise dos termos permitiu obter información relevante acerca dos descritores da personalidade evocados polos participantes falantes de lingua galega. Tras levar a cabo un proceso de depuración segundo os criterios comentados con anterioridade, seleccionáronse os adxectivos entre as respostas achegadas, obténdose un total de 389 formas distintas. Posteriormente, procedeuse á unificación das variantes flexivas (por exemplo, *tímida* por *tímido*), co fin de computalas como unha única forma léxica. Deste conxunto, identificáronse finalmente 162 descritores únicos.

Mediante o programa JASP levouse a cabo unha análise das frecuencias dos mesmos para identificar os máis nomeados. Os resultados mostran unha distribución marcadamente asimétrica. Segundo a proba multinomial, a frecuencia esperada para cada un dos termos sería aproximadamente o 0,6 % para unha distribución uniforme. Non obstante, certos termos presentan proporcións superiores, o que suxire unha maior facilidade de recuperación entre os seus falantes, como se pode observar na Táboa 1.

Táboa 1. Frecuencia e valencia dos descritores máis nomeados. Creación propia

Descritor	Frecuencia (%)	Valencia
Amable	4,1 %	8,5
Simpático	4,1 %	7,83
Tímido	4,1 %	4,48
Agradable	3,6 %	8,00
Introvertido	2,8 %	—
Extrovertido*		
Alegre	2,6 %	8,5
Divertido	2,6 %	—
Empático		
Sociable	2,1 %	7,43
Traballador	2,1 %	6,65
Tranquilo	2,1 %	7,15
Xeneroso	2,1 %	7,60
Cariñoso	1,8 %	8,03
Gracioso	1,8 %	8,45
Intelixente	1,8 %	7,80
Egoísta	1,3 %	2,13
Leal	1,3 %	7,80
Sensible	1,3 %	5,85
Sincero	1,3 %	8,05
Terco*	1,3 %	3,30

Notas. Na táboa recóllense os descritores que amosaron unha frecuencia superior ao 1% respecto ao total de termos evocados. A porcentaxe de frecuencia refírese á proporción de aparición respecto ao total de termos recollidos e non ao número de participantes que o mencionaron. A valencia afectiva foi obtida mediante *emoFinder*. Para a súa consulta, os termos traducíronse previamente do galego ao castelán mediante o tradutor Gaio. Os datos de *emoFinder* van nunha escala de 1 a 9. As palabras cun valor entre 1 e 3,99 considéranse negativas; entre 4 e 5,99, neutras; aquelas cun valor superior a 6 estímanse positivas. As celas baleiras indican termos

sen datos dispoñibles en *emoFinder*. Os termos marcados cun asterisco (*) corresponden a formas castelanizadas. Inclúense unicamente a título informativo, situados na posición que ocuparían segundo a súa frecuencia relativa, sen computárense na análise principal.

A proba multinomial revelou a existencia de diferenzas estatisticamente significativas entre a distribución dos descritores observada respecto á distribución uniforme teórica ($\chi^2 = 546.423$; $gl = 161$; $p < 0,001$). Os datos mostran nesta distribución unha tendencia cara a certos termos, predominando os que presentan unha valencia positiva segundo os valores extraídos do programa *emoFinder*. Moitos destes termos fan referencia a unha dimensión de tipo social (*simpático, leal, xeneroso*) ou emocional (*alegre, cariñoso, sensible*).

Para realizar unha interpretación psicolóxica dos termos máis frecuentemente mencionados no estudo, estes clasificáronse atendendo ao Modelo dos Cinco Grandes Factores da personalidade (Goldberg 1981) tomando como referencia as definicións teóricas de cada dimensión (Bermúdez, Pérez e Sanjuán 2017). Esta clasificación dos adxectivos máis representativos recollidos no estudo facilita a análise da súa relación coa percepción social dos trazos de personalidade en lingua galega.

A primeira das dimensións, *extraversión*, faría referencia ás características asociadas á sociabilidade e á expresión emocional; aquí encadramos algúns dos termos máis reiterados polos participantes, como *divertido, alegre, falador, sociable* ou *simpático*. Na dimensión de *afabilidade*, que faría referencia á disposición prosocial, cooperación e empatía, atoparíanse termos como *amable, agradable, cariñoso* ou *xeneroso*.


A dimensión *responsabilidade* relaciónase coa organización, o compromiso e o cumprimento de normas; aquí atopamos os termos *traballador, responsable* e *serio*. En canto á dimensión de *neuroticismo*, que indica tendencias relacionadas con dificultades emocionais ou interpersoais, atopamos termos como *tímido*. A última das dimensións, *apertura á experiencia*, vincúlase con características como a creatividade, a sensibilidade ou a reflexión persoal; encádranse aquí os descritores *intelixente* ou *gracioso*.

Co obxectivo de ampliar o estudo dos descritores, levouse a cabo unha análise dos valores de valencia e activación emocional consultados en *emoFinder* (Fraga *et al.* 2018). Actualmente non se dispón dunha base de datos ou corpus de palabras emocionais en galego, polo que foi necesaria a tradución dos termos achegados ao castelán para realizar a análise afectiva mediante esta ferramenta, a cal está limitada á lingua castelá. Estimamos que os valores de valencia e activación emocional non difiren substancialmente entre ambas as linguas, o que permitiu asumir unha equivalencia interpretativa mediante a tradución dos termos. Así mesmo, a base de datos *emoFinder* estase a ampliar progresivamente mediante a incorporación de novas fontes; por iso, aínda hai termos dos que non se puideron obter as estimacións de valencia ou activación emocional.

Respecto aos dezanove termos máis nomeados polos participantes, a maioría sitúanse en puntuacións elevadas de valencia, o que sinala unha tendencia cognitiva polos trazos positivos. En canto á activación emocional, obsérvase unha maior variabilidade, o que permite distinguir entre termos de activación emocional alta (como *gracioso*, *alegre* e *divertido*) e outros máis baixa (como *tranquilo*, *sensible* e *amable*), como se observa na Figura 1. Isto achega datos sobre a natureza emocional dos marcadores léxicos na lingua galega.

Para coñecer a carga afectiva dos descritores dos cales podiamos estimar datos en *emoFinder*, analizáronse as medidas de valencia e activación emocional. Dos 88 termos dos que puidemos obter datos, a valencia media para os mesmos foi de 5,48 (DT = 2,08). Isto suxire que a maioría dos termos teñen unha valencia lixeiramente positiva, pero con bastante variabilidade, incluíndo algúns neutros e negativos. En cambio, a activación emocional presenta unha media moderada (M = 5,36, DT = 1,37), cunha dispersión menor, mostrando unha resposta emocional máis homoxénea entre os termos.

Figura 1. Valencia afectiva e activación emocional dos termos máis nomeados. Creación propia



Notas. Segundo os valores numéricos da valencia afectiva, as palabras cualifícanse como negativas (1-3,99), neutras (4-5,99) ou positivas (6-9). Os valores da activación emocional indican o nivel de excitación: valores baixos (1-3) reflicten estados de calma ou relaxación, valores medios (4-6) indican unha activación moderada ou alerta tranquila e valores altos (7-9) representan alta activación, excitación ou tensión. Os datos obtivéronse mediante *emoFinder*. Para a súa consulta, os termos traducíronse previamente do galego ao castelán mediante o tradutor Gaio.

Así mesmo, co obxectivo de contrastar os resultados obtidos a partir das respostas dos participantes co uso escrito da lingua, realizouse unha busca da frecuencia das palabras máis mencionadas no TILG, unha ferramenta que permite examinar a presenza real dos termos na produción escrita. Para cada termo recolleuse o número absoluto de aparicións e a frecuencia calculada por cada millón de palabras. Isto permite observar se os termos máis dispoñíbles no léxico mental dos participantes coinciden cos máis frecuentes na lingua escrita, como se recolle na Táboa 2.

Táboa 2. Frecuencia léxica no corpus TILG para os termos máis nomeados.
Creación propia

Descritor	Frecuencia (%)	TILG	TILG (freq. / millón)
Amable	4,1 %	325	9
Simpático	4,1 %	471	14
Tímido	4,1 %	252	8
Agradable	3,6 %	340	10
Introvertido	2,8 %	45	1
Alegre	2,6 %	1447	42
Divertido	2,6 %	354	10
Sociable	2,1 %	18	0
Traballador	2,1 %	2169	63
Tranquilo	2,1 %	1587	46
Xeneroso	2,1 %	978	29
Cariñoso	1,8 %	268	8
Gracioso	1,8 %	590	17
Intelixente	1,8 %	746	21
Egoísta	1,3 %	160	5
Leal	1,3 %	314	9
Sensible	1,3 %	367	11
Sincero	1,3 %	264	8


Notas. A porcentaxe de frecuencia refírese á proporción de aparición respecto ao total de termos recollidos e non ao número de participantes que o mencionaron. A frecuencia por millón refírese ao número de aparicións no TILG, dividido entre o total de palabras da base de datos (34.222.897). Para obter os datos, os termos introducíronse sen restricións de maiúsculas e acentos, e computáronse conxuntamente as variantes de xénero e número.

Os resultados revelan variabilidade entre a frecuencia mostrada no estudo e a amosada no corpus. Adxectivos como *alegre*, *traballador* ou *tranquilo* (con frecuencias de 42, 63 e 46 por millón, respectivamente), presentan unha elevada representación en

comparación á frecuencia de produción da palabra por parte dos participantes. En contraposición, os termos *introvertido*, *sociable* ou *terco* (castelanismo, do galego *teimudo*) presentan unha frecuencia escasa no corpus, pese a atoparse entre os descritores máis frecuentes do estudo.

Así mesmo, realizouse unha análise de correlación de Pearson entre a frecuencia coa que os participantes nomearon as palabras e a frecuencia destes mesmos termos no corpus TILG. O resultado ($r = -0.047$, $p = 0.848$) indica a ausencia de relación significativa entre ambas as variables, como se observa na Figura 2. Esta discrepancia suxire que o acceso léxico non sempre garda unha relación directa coa frecuencia real na escrita, polo que é posible que determinados termos, pese a atoparse máis dispoñibles para os seus falantes, se utilicen en menor medida nos textos.

Figura 2. Correlación entre a frecuencia dos descritores máis nomeados na tarefa de recuperación léxica e a frecuencia no corpus TILG. Creación propia.



Nota. O eixo horizontal representa a frecuencia coa que os termos foron evocados polos participantes. O eixo vertical indica a frecuencia de aparición dos mesmos no corpus do TILG, tomando como dato a frecuencia por millón. Cada punto representa un descriptor de personalidade. A liña mostra a tendencia xeral entre ambas as variables.

4. Discusión

Para realizar un estudo da personalidade dende unha perspectiva léxica, resulta necesario coñecer a extensión e organización do léxico nos falantes dunha lingua. O *Dicionario da Real Academia Galega*, como principal fonte normativa, recolle un total de 57 547 entradas (DRAG 2025), das cales 13 610 corresponden á categoría gramatical de adxectivo, representando un 23 % do peso total. Os adxectivos constitúen un elemento relevante para o estudo da personalidade, permitíndonos identificar os trazos máis salientables para os seus falantes. Por isto, centrámonos nesta categoría gramatical ao considerarse o prototipo da sedimentación das diferenzas máis importantes para a linguaxe común (Otero 2001) e debido á súa relevancia nos estudos psicoléxicos (Ganitsky, Fraga e Romero 2023).

O presente traballo tivo como obxectivo achegar unha primeira descrición empírica sobre os adxectivos relativos á personalidade máis accesibles para os propios falantes de lingua galega. A metodoloxía utilizada foi a da evocación libre de descritores da personalidade. Nos datos obtidos obsérvase unha tendencia cara a termos de valencia positiva e cun contido social e emocional marcado. Isto concorda con outros estudos realizados en linguas romances, como o castelán e o portugués (Iraegui e Quevedo-Aguado 2002; Marques de Pinho e Guzzo 2003), o que pode indicar a existencia de certos padróns ou concordancias na percepción e descrición da personalidade entre linguas próximas.

Debido á falta dunha base de datos onde se recolla a valencia e a activación emocional para os termos en galego, utilizouse o programa *emoFinder*. Para poder extraer os datos, previamente traducíronse os descritores ao castelán. É preciso aclarar que as traducións non sempre achegan unha equivalencia exacta, polo que os datos presentados deben tomarse con cautela. Algúns dos termos (como *amable*, *simpático* ou *alegre*) destacan polos seus altos niveis de valencia, o que mostra unha tendencia positiva na descrición da personalidade. Os valores de valencia e activación emocional mostran unha maior densidade de termos no cuadrante positivo, con niveis diversos de activación emocional. A valencia media dos termos foi moderadamente positiva; a activación emocional presentou unha maior variabilidade, algo habitual nestes estudos, xa que os

trazos positivos non sempre indican altos niveis de activación emocional. Aínda que se observa certa variabilidade, predomina unha activación emocional neutra ou moderada, un resultado salientado no estudo en castelán de Ganitsky, Fraga e Romero (2023). En canto ás palabras máis frecuentemente evocadas, atopamos varias que fan referencia a unha dimensión de carácter social ou emocional. Cómpre lembrar que a valencia e o contido social ou emocional son dimensións distintas, aínda que poidan coincidir nos termos máis frecuentes deste estudo. Este padrón coincide cun fenómeno descrito na psicoloxía da linguaxe coñecido como efecto Pollyanna ou nesgo positivo da linguaxe, segundo o cal as persoas tenden a empregar termos con carga positiva. Este efecto tense identificado no léxico dispoñible de diversas linguas, confirmando o predominiño dos termos con valencia positiva fronte aos negativos (Blanco Canales 2024).

Respecto á distribución da frecuencia dos termos, esta presenta un carácter asimétrico. A proba multinomial evidencia que certos adxectivos son evocados cunha frecuencia superior á dunha distribución uniforme. Varios dos descritores máis frecuentemente evocados neste estudo en galego coinciden directamente cos observados en castelán por Ganitsky, Fraga e Romero (2023). Aínda que se atopan diferenzas nos valores de frecuencia, a maioría dos termos coinciden en ambas as linguas, o que suxire a existencia de núcleos léxicos comúns na concepción da personalidade entre os seus falantes. Esta semellanza podería explicarse asemade pola situación de contacto estreito co castelán na que se atopa actualmente a lingua galega, o que pode influír tanto no repertorio dispoñible coma nas preferencias descritivas dos falantes. Cómpre ter en conta, ademais, que a mostra do presente estudo está composta integramente por estudantes universitarios, maioritariamente socializados en contextos urbanos caracterizados por unha maior presenza do castelán, o que podería repercutir na elección dos termos escollidos para a descrición da personalidade. Isto pode observarse nos termos achegados, a maioría coincidentes formalmente co castelán ou ben cun cognado moi próximo (por exemplo, *traballador*).

O modelo dos Cinco Grandes Factores da personalidade (Goldberg 1981) serviu como marco teórico para a clasificación dos

termos. Observouse unha maior representatividade das dimensións de *extraversión* e *afabilidade* entre os termos máis frecuentemente nomeados polos participantes; outros, como a *apertura á experiencia* ou o *neuroticismo*, ligados a procesos internos, atópanse menos representados. Isto coincide cos resultados do estudo en castelán de Ganitsky, Fraga e Romero (2023), tamén cun enfoque émico, no que se sinala que *extraversión* e *afabilidade* son os dominios cunha maior proporción de trazos evocados, o que reforza a consistencia dos resultados obtidos entre linguas próximas. A maior representatividade dos trazos que fan referencia a características interpersoais tense atopado tamén noutras linguas (Tupes e Christal 1961). Este padrón podería responder, por unha parte, á maior visibilidade do comportamento social en comparación con trazos máis internos ou intrapersoais (como o *neuroticismo* ou a *apertura á experiencia*) e, por outra, á relevancia dos trazos interpersoais na predición e regulación das relacións humanas (Wiggins 1980). Non obstante, debe terse en conta que a clasificación se realizou de maneira manual, con base na definición teórica das dimensións, polo que implica certa subxectividade interpretativa. A dificultade para realizar esta clasificación dunha forma máis rigorosa dende o punto de vista científico débese ás barreiras atopadas á hora de levar a cabo este estudo sobre a lingua galega. As bases de datos e a información da que dispoñemos atópanse na súa maioría en inglés e a tradución dos termos achegados a este estudo non presenta unha equivalencia clara que nos permita efectuar a clasificación rigorosamente.

Outro resultado inesperado é a relativa discordancia entre os termos altamente dispoñibles para os falantes e a súa frecuencia escrita segundo o corpus do TILG, onde observamos diferenzas relevantes entre o acceso léxico e o uso da lingua. Non obstante, aquí atópase outra das barreiras do estudo, xa que este corpus recolle producións escritas que presentan un certo grao de elaboración, fronte á espontaneidade e inmediatez das tarefas de produción libre, o que limita a comparabilidade entre ambas as fontes.

En definitiva, mediante a análise dos termos achegados polos propios falantes da lingua, realizouse unha primeira aproximación ao estudo dos descritores léxicos da personalidade en lingua galega. A metodoloxía empregada segue unha perspectiva cualitativa e un

enfoque émico. Trátase, por tanto, dun punto de partida para futuras investigacións lingüísticas ou sociolingüísticas no ámbito do galego. A integración do modelo dos Cinco Grandes e de ferramentas como o *emoFinder* ou o corpus do TILG reflicte a viabilidade e os beneficios potenciais dun enfoque interdisciplinario entre a psicoloxía da personalidade e a lingüística.

En conxunto, o estudo achega evidencias sobre as unidades léxicas máis accesibles para os falantes no que respecta á linguaxe da personalidade en galego. Con todo, debe atenderse ás limitacións metodolóxicas anteriormente indicadas, que dificultan a investigación dende unha perspectiva lingüística e cultural situada neste contexto. Os resultados recollidos poden ser de utilidade na elaboración de instrumentos para a investigación no ámbito da psicoloxía adaptados á realidade lingüística galega. A presenza da nosa lingua en contextos académicos e científicos, así como en ferramentas para estes usos, é escasa. A través desta liña de investigación ábrese a posibilidade de achegar novos datos sobre a percepción e a representación da personalidade en galego.

5. Referencias bibliográficas

- Alderotti, Giammarco; Rapallini, Chiara; e Traverso, Silvio (2023). The Big Five Personality Traits and Earnings: A Meta-Analysis. *Journal of Economic Psychology*. 94, 102570. DOI: 10.1016/j.joep.2022.102570
- Allport, Gordon W. (1937). *Personality: A psychological interpretation*. New York: Holt.
- Álvarez de la Granja, María e López Meirama, Belén (2014). *Léxico dispoñible do galego*. Serie 71 *Verba: Anuario Galego de Filoloxía. Anexos*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. DOI: 10.15304/9788415876687
- Ashton, Michael C.; Lee, Kibeom; Perugini, Marco; Szarota, Piotr; de Vries, Reinout E.; Di Blas, Lisa; Boies, Kathleen; e De Raad, Boele (2004). A Six-Factor Structure of Personality-Descriptive Adjectives: Solutions From Psycholexicalexical Studies in Seven Languages. *Journal of Personality and Social Psychology*. 86 (2), 356-366. DOI: 10.1037/0022-3514.86.2.356

- Bermúdez Moreno, José; Pérez García, Ana María; e Sanjuán Suárez, Pilar (2017). *Psicología de la personalidad: Teoría e investigación*. Madrid: Editorial UNED.
- Blanco Canales, Ana (2024). Propiedades afectivas del léxico básico del español como segunda lengua y su relación con factores léxico-semánticos y gramaticales. *Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación*. 99, 263-281. DOI: 10.5209/clac.85259
- De Raad, Boele; Barelds, Dick P. H.; Timmerman, Marieke E.; De Roover, Kim; Mlačić, Boris; e Church, Timothy A. (2014). Towards a Pan-Cultural Personality Structure: Input from 11 Psycholinguistic Studies. *European Journal of Personality*. 28 (5), 497-510. DOI: 10.1002/per.1953
- DRAG = González González, Manuel, dir. (2012). *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en <https://academia.gal/diccionario>
- Fraga, Isabel; Guasch, Marc; Haro, Juan; Padrón, Isabel; e Ferré, Pilar (2018). EmoFinder: The meeting point for Spanish emotional words. *Behavior Research Methods*. 50 (1), 84-93. DOI: 10.3758/s13428-017-1006-3
- Ganitsky, Paula; Fraga, Isabel; e Romero, Estrella (2023). *Actualización taxonómica del léxico de personalidad en español: primeras fases del estudio PersoLex*. Póster presentado nas XII Jornadas de la Asociación Iberoamericana para el Estudio de las Diferencias Individuales (AIIDI). 7 e 8 de setembro de 2023, Facultade de Psicoloxía da Universidade de Sevilla.
- Gerber, Alan S.; Huber, Gregory A.; Doherty, David; e Dowling, Conor M. (2011). The Big Five Personality Traits in the Political Arena. *Annual Review of Political Science*. 14, 265-287. DOI: 10.1146/annurev-polisci-051010-111659
- Goldberg, Lewis R. (1981). Language and individual differences: The search for universals in personality lexicons. En: L. Wheeler, ed. *Review of Personality and Social Psychology*. Beverly Hills, CA: Sage, vol. 2, pp. 141-165.
- Goldberg, Lewis R. (1990). An Alternative "Description of Personality": The Big-Five Factor Structure. *Journal of Personality and Social Psychology*. 59, 1216-1229.

- Hidalgo-Fuentes, Sergio e Fernández-Castilla, Belén (2023). Problematic Internet Use and the Big Five Personality Model: An Updated Three-Level Meta-Analysis. *Behaviour & Information Technology*. 43 (14), 3537-3560. DOI: 10.1080/0144929X.2023.2283201
- Iraegui, Ana e Quevedo-Aguado, M. Paz (2002). Aproximación psicolingüística al estudio de la personalidad en español: Una propuesta taxonómica. *Iberpsicología: Revista Electrónica de la Federación española de Asociaciones de Psicología*. 7 (1).
- JASP = JASP Team (2024). *JASP (VERSIÓN 0.19.3)* [Programa informático]. Recuperado de <https://jasp-stats.org/>
- John, Oliver P; Angleitner, Alois; e Ostendorf, Fritz (1988). The lexical approach to personality: A historical review of trait taxonomic research. *European Journal of Personality*. 2 (3), 171-203. DOI: 10.1002/per.2410020302
- Kajonius, Petri J. e Johnson, John A. (2019). Assessing the Structure of the Five Factor Model of Personality (IPIP-NEO-120) in the Public Domain. *Europe's Journal of Psychology*. 15 (2), 260-275. DOI: 10.5964/ejop.v15i2.1671
- Liu, Ziyang; Yingnan, Li; Wenying, Zhu; Yuanping, He; e Dongbin, Li (2022). A Meta-Analysis of Teachers' Job Burnout and Big Five Personality Traits. *Frontiers in Education*. 7, 822659, 110-126. DOI: 10.3389/educ.2022.822659
- Mammadov, Sakhavat (2022). Big Five personality traits and academic performance: A meta-analysis. *Journal of personality*. 90 (2), 222-255. DOI: 10.1111/jopy.12663
- Marques de Pinho, Cristina e Guzzo, Raquel (2003). Construction of a Brazilian taxonomy of personality-descriptive terms. *Estudos de Psicologia* (Campinas). 20(3), 13-23.
- McCrae, Robert R. e Costa, Paul T. Jr. (2010). *The NEO Inventories: Professional Manual*. Lutz, FL: Psychological Assessment Resources.
- Otero Gil, Alicia (2001). *Teorías implícitas de personalidad en la infancia. Análisis empírico a partir del modelo de los cinco grandes*. Tese de doutoramento. Salamanca: Universidad Pontificia de Salamanca

- Saucier, Gerard; Ostendorf, Fritz; e Peabody, Dean (2001). The Non-Evaluative Circumplex of Personality Adjectives. *Journal of Personality*. 69 (4), 537-582. DOI: 10.1111/1467-6494.694155
- Soutter, Alistair Raymond Bryce e Móttus, René (2021). Big Five facets' associations with pro-environmental attitudes and behaviors. *Journal of Personality*. 89 (2), 203-215. DOI: 10.1111/jopy.12576
- TILG = Santamarina, Antón, dir.; González Seoane, Ernesto e Álvarez de la Granja, María (2012-2013). *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela / Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/TILG/>
- Tupes, Ernest C. e Christal, Raymond E. (1961). *Recurrent personality factors based on trait ratings*. Informe técnico ASD-TR-61-97. Lackland Air Force Base, Texas: U.S. Air Force. DOI: 10.21236/AD0267778
- Widiger, Thomas A. e Crego, Cristina (2019). The Five Factor Model of Personality Structure: An Update. *World Psychiatry*. 18 (3), 271-272. DOI: 10.1002/wps.20658
- Wiggins, Jerry S. (1980). Circumplex models of interpersonal behavior. En: L. Wheeler, ed. *Review of personality and social psychology*. Beverly Hills: Sage, vol. 1, pp. 265-294.
- Xunta de Galicia: *Tradutor Gaio*. Disponible en <http://tradutorgaio.xunta.gal/TradutorPublico/traducir/index>

A VARIABLE XÉNERO NA PRÁCTICA LINGÜÍSTICA DOCENTE: ANÁLISE EMPÍRICA E CONTRASTE INTERPRETATIVO

María López-Sáñez

Real Academia Galega

maria.sandez@usc.gal

ORCID: 0000-0002-8335-1687

Alejandro Doval Casas

Universidade de Santiago de Compostela

alejandrodval.casas@usc.gal

ORCID: 0000-0001-6888-3661

Resumo: Este artigo analiza a influencia da variable xénero nas prácticas lingüísticas do profesorado galego a partir do contraste dos datos contidos e analizados no traballo *Lingua e xénero en Galicia: estado da cuestión* (López-Sáñez, Loredó e Vázquez-Grandío 2022) e nunha investigación empírica baseada en 241 enquisas administradas a docentes de matemáticas de ensino secundario. Os resultados permiten validar algunhas das hipóteses formuladas previamente, como a maior tendencia das mulleres á converxencia lingüística e á acomodación comunicativa, así como un posible cambio nas xeracións máis novas no que atinxe á identificación co galego. Ao tempo, desbotan ou matizan outras, confirman a relevancia de incorporar a perspectiva de xénero nas investigacións sociolingüísticas e subliñan a necesidade de continuar explorando a intersección entre lingua, identidade e xénero en contextos educativos.

Palabras chave: xénero, interseccionalidade, educación, linguas, sociolingüística, acomodación lingüística.

Title: The gender variable in teaching linguistic practice: empirical analysis and interpretive contrast.

Abstract: This article explores the impact of gender on the linguistic practices of Galician teachers through a comparative analysis. It draws on data from the study *Lingua e xénero en Galicia: estado da cuestión* (López-Sáñez, Loredó & Vázquez-Grandío 2022) and a new empirical study based on 241 surveys administered to

secondary school mathematics teachers. The findings validate several previously proposed hypotheses —such as the greater tendency among women toward linguistic convergence and communicative accommodation— as well as indications of shifting attitudes among younger generations regarding identification with the Galician language. At the same time, other hypotheses are either qualified or challenged. These results underscore the importance of integrating a gender perspective into sociolinguistic research and highlight the need for continued investigation into the intersections between language, identity, and gender within educational contexts.

Key words: gender, intersectionality, education, languages, sociolinguistics, linguistic accommodation.

1. Introducción

A relación entre lingua e xénero constitúe un campo de análise que ten adquirido unha relevancia crecente nas últimas décadas, tanto desde a sociolingüística coma desde os estudos de xénero. No contexto galego, onde a lingua e o xénero comparten unha historia de subalternidade e exclusión simbólica, a súa intersección resulta especialmente relevante para comprender as dinámicas culturais, educativas e identitarias contemporáneas.

No traballo *Lingua e xénero en Galicia: estado da cuestión* (López-Sández, Loredó e Vázquez-Grandío 2022), realizouse unha ampla revisión das fontes dispoñibles para formular unha serie de hipóteses sobre como a variable xénero está a influír nas prácticas, competencias e actitudes lingüísticas. Entre as conclusións destaca unha fenda de arredor de catro puntos porcentuais a favor dos homes no uso da lingua propia, a maior tendencia das mulleres á converxencia lingüística, unha autopercepción competencial máis crítica por parte destas e a relevancia do xénero na transmisión interxeracional. O traballo tivo como un dos seus obxectivos centrais integrar os estudos sociolingüísticos galegos nun marco interpretativo sustentado na noción de interseccionalidade (Crenshaw 1991; Hill Collins e Bilge 2016) e xa apuntaba a necesidade de levar a cabo máis investigacións de natureza empírica que permitisen afondar na

intersección entre lingua e xénero en Galicia (López-Sández, Loredo e Vázquez-Grandío 2022, p. 10).

Co obxectivo de validar algunhas das hipóteses derivadas das conclusións da investigación sociolingüística previa, presentamos neste traballo os resultados dunha investigación baseada en 241 enquisas a docentes de matemáticas de centros de ensino secundario de Galicia. A análise da variable xénero neste corpus permite contrastar e matizar as observacións formuladas no ensaio anterior, proporcionando unha visión máis precisa sobre o papel que desempeña esta categoría nas prácticas lingüísticas de modo global e especificamente no ámbito docente.

A elección do profesorado de matemáticas como universo para o estudo engade, ademais, unha capa de interese. É unha materia que se viu afectada profundamente pola regulamentación das políticas educativas, pasando de ser impartida en galego a explicitarse a obrigada vinculación á lingua castelá no ensino obrigatorio, nun cambio profundo e rápido no tempo, a partir da promulgación do *Decreto 79/2010, do 20 maio, para o plurilingüismo no ensino non obrigatorio* (DOG 97 do 25/V/2010), coñecido como *Decreto do Plurilingüismo*, que veu substituír o *Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo*. Esta circunstancia iniciou un proceso complexo no propio colectivo de docentes de matemáticas en Galicia no que se viron cominados a mudar a lingua na que viñan exercendo a docencia, o que propiciou procesos de resistencia, posicionamento explícito e toma de conciencia.

2. Marco teórico

A análise da intersección entre lingua e xénero parte, no contexto galego, dunha constatación reiterada: ambos os dous parámetros funcionan como marcadores sociais fortemente xerarquizados e cargados de valores axiolóxicos. Esta perspectiva permite analizar a lingua e o xénero como categorías que, lonxe de operar de forma illada, se interpretan e condicionan mutuamente na configuración das identidades, usos e valores sociais.

No caso galego, os estudos dispoñibles (Queizán 1977; Moure 2010; Hermida 2010; García Negro 2010; Castro Vázquez 2010; Suárez Fernández 2010) suxiren que a categoría xénero exerce unha influencia significativa en diversas dimensións sociolingüísticas, tales como a maior tendencia das mulleres á converxencia lingüística, adaptando a súa lingua á do interlocutor en situacións de contacto bilingüe (Trudgill 1972; Wertheim 2012). Este comportamento pode explicarse como unha estratexia de diplomacia comunicativa asociada aos roles de xénero tradicionais, pero tamén pola maior presión simbólica exercida sobre as mulleres para manter normas de cortesía e adecuación. Outro aspecto relevante é a distancia entre as competencias lingüísticas reais e as autopercebidas. Malia acadar mellores resultados nas avaliacións formais, as mulleres tenden a valorar máis modestamente as súas destrezas lingüísticas (Loredó e Silva 2020; López-Sández, Loredó e Vázquez-Grandío 2022, p. 15). Este fenómeno suxire unha autopercepción máis crítica das mulleres, que podería estar relacionada coa interiorización de discursos de subalternidade.

A literatura sinala, ademais, unha carga simbólica diferencial e complexa na representación do galego e do castelán: (a) o primeiro asóciase ao mundo rural, tradicional e doméstico, habitualmente relacionado simbolicamente coas mulleres; (b) o segundo, ao espazo urbano, á modernidade e á esfera pública, en nexo simbólico tradicional coa masculinidade (Suárez Fernández 2010); mais certas percepcións operan en sentido inverso, tales como o maior refinamento tradicionalmente atribuído e esixido ás mulleres e vencellado ao uso do castelán. Estes valores connotativos das linguas poderían influír nas eleccións lingüísticas non só como actos comunicativos, senón como expresións identitarias. Malia todo, a variable xénero foi tratada de maneira marxinal nos estudos sociolingüísticos galegos, maioritariamente minimizouse a súa relevancia como parámetro analítico e aínda son escasos os traballos que a sitúan no centro da análise (Mosquera Carregal 2010). Esta ausencia dificulta a identificación de patróns ou regularidades con suficiente base empírica, o que fai preciso desenvolver investigacións orientadas a validar, matizar ou cuestionar as conclusións previas. Este é precisamente o obxectivo do presente traballo.

3. Metodoloxía

Para cumprir co obxectivo xa sinalado, deseñouse unha enquisa destinada ao profesorado de matemáticas dos niveis de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional básica en Galicia. A elección deste colectivo responde ao interese por observar as prácticas lingüísticas nun campo de tanta relevancia para a transmisión da lingua como é o educativo e nunha materia afectada polo cambio na regulamentación lingüística educativa co Decreto 79/2010 (DOG 97 do 25/V/2010). A súa aprobación constituíu un punto de inflexión e a fonte dun debate intenso na comunidade educativa, porque supuxo un retroceso da presenza do galego no ensino. No caso concreto da materia de matemáticas, pasouse da obriga previa de impartila en galego tanto na primaria coma na ESO, á obriga de facelo en castelán. No bacharelato, pola contra, non se fixa na normativa a lingua de cada unha das materias, quedando a criterio dos centros a decisión sobre os idiomas nos que impartilas. O cambio neste nivel supuxo mudar a garantía dun mínimo da metade da docencia en galego pola dunha mesma porcentaxe en galego e castelán.

O instrumento empregado para a obtención dos datos foi un cuestionario de 26 ítems centrado nas percepcións do profesorado de matemáticas sobre a situación sociolingüística nos centros e nas aulas, así como as súas opinións acerca de como debería ser a regulación legal dos usos lingüísticos. A ferramenta de recollida de datos foi revisada e validada por varios expertos (Xaquín Loredó, Henrique Monteagudo e Bieito Silva). Tras unha pilotaxe inicial a cargo de dous informantes coñecidos para introducir posibles melloras, a enquisa foi difundida por dúas vías complementarias. Inicialmente, empregouse o procedemento “bóla de neve”, enviando o enlace ao cuestionario persoas coñecidas con contacto con docentes de secundaria, pedindo que á súa vez o compartisen. Deste xeito, foi posible superar en poucos días unha centena de respostas. Unha semana despois, xa esgotada esta vía, decidimos enviar aos correos electrónicos dos centros de secundaria¹ unha petición de difusión aos seus

1 Consultados no seguinte enderezo web o 25/III/2025: <https://www.edu.xunta.gal/centro-seducativos/BuscaCentros.do>

departamentos de matemáticas. Tras isto, o número de respostas creceu ata as 241 definitivas, das cales 161 corresponden a mulleres, 74 a homes, unha a unha persoa non binaria e cinco a persoas que preferiron non manifestar o seu xénero. O emprego do segundo método sen dúbida contribuíu a compensar o nesgo potencial do procedemento de bóla de neve, que pode inevitablemente implicar a maior participación de profesorado cun determinado posicionamento afín aos informantes iniciais que á súa vez difunden o cuestionario. Tamén é un factor compensador dese posible nesgo a mostra lograda, que atinxe —no que respecta aos docentes de centros públicos— un 17,28 % do total dos docentes de matemáticas na educación secundaria no sistema educativo galego.

No tocante á idade do profesorado da mostra, a media sitúase arredor dos 48 anos (DT = 9,82 anos), variando as datas de nacemento entre 1957 e 1999. Boa parte da mostra presenta unha ampla traxectoria profesional: un 27,2 % conta con entre 21 e 30 anos de experiencia. Porén, tamén se observa que o 37,8 % de docentes levan menos de dez anos en exercicio, polo que comezaron a traballar tras a aprobación do Decreto 79/2010. Por xénero, percíbese unha maior concentración do profesorado masculino nos tramos de maior antigüidade, cun 23 % dos homes superando os 30 anos de experiencia, fronte a un escaso 14,9 % de mulleres.

Das 241 respostas totais ao cuestionario, 226 (un 93,78 %) corresponden a profesorado que di traballar en centros públicos de Galicia e tan só quince (un 6,22 %) corresponden a profesorado de centros privados (salvo un caso, todos concertados). Consideramos que o baixo número de respostas de docentes do ensino privado non nos permite sacar neste estudo ningunha conclusión sobre posibles diferenzas en función da titularidade do centro. Pola contra, sabemos que as 226 respostas correspondentes a persoal de centros públicos representan aproximadamente un 17,28 % do número total de docentes que traballan actualmente en Galicia nestes centros, o que constitúe unha mostra importante.

O número de docentes dos centros públicos foinos facilitado polo servizo de Persoal de Secundaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, así como a súa distribución por xénero: 901 profesoras e 494 profesores, é dicir, un

64,59 % de profesoras de matemáticas fronte a un 35,41 % de profesores. Se comparamos esta distribución por xénero coa dos xéneros cos que se identifican as docentes de matemáticas de centros públicos que responden á nosa enquisa, podemos ver que as porcentaxes de homes e mulleres da mostra son similares aos da poboación, o que é sen dúbida un bo sinal de cara á validez externa da mesma: 68,18 % de mulleres e 31,82 % de homes.

O obxectivo central desta fase da investigación era, pois, comprobar ata que punto as observacións interpretativas formuladas con anterioridade atopan confirmación nos datos recollidos nunha mostra profesional concreta, o que permite valorar a súa consistencia empírica. Ao tempo, esta aproximación contribúe a visibilizar a pertinencia da análise de xénero no campo da sociolingüística aplicada ao ensino, un ámbito onde as relacións entre lingua, poder e identidade poden facerse especialmente visibles.

4. Resultados

Un dos primeiros resultados relevantes que pode extraerse da enquisa ten que ver coa lingua empregada fóra do centro. Percíbese unha fenda que ratifica o observado en estudos sociolingüísticos previos segundo a cal hai unha maior tendencia ao uso monolingüe do galego en homes (39,2 % fronte a 34,8 % de mulleres, +/- 4,4 %), e inversamente unha maior porcentaxe de mulleres monolingües en castelán (20,5 % fronte a 17,6 % de homes, +/- 2,9 %). Esta diferenza non implica unha fenda lingüística radical, pero está en consonancia coas observacións de estudos sociolingüísticos previos, nos que esta diferenza no uso amosa unha notable consistencia e persistencia no tempo (Figura 1).

Resulta especialmente relevante contrastar estes datos de uso lingüístico fóra da aula cos manifestados para a práctica docente (Figura 2).

Figura 1. Lingua que fala o profesorado de matemáticas de Galicia fóra do centro educativo segundo xénero.





Figura 2. Lingua que fala o profesorado de matemáticas na aula dos centros educativos en Galicia segundo xénero.



O notable incremento do uso do castelán no exercicio profesional do ensino das matemáticas, tanto en homes coma en mulleres, responde sen dúbida á regulamentación lingüística que a partir do Decreto 79/2010 fixa o castelán como lingua de ensino desta materia na ESO. Isto reflíctese en que, entre as mulleres, as que din impartir a materia exclusivamente en castelán practicamente duplican as monolingües en castelán na súa vida diaria, pasando de 20,5 % a 39,1 %. O efecto é aínda máis marcado nos homes, que pasan dun 17,6 % a un 44,6 %. Isto cuestiona a presunción dunha maior resistencia ás normas por parte dos homes. Con todo, cómpre considerar o elevado número de mulleres (21,1 %) que optan pola resposta non categórica “máis castelán ca galego”, que pode responder á mesma intención de enmarcarse dentro do establecido no marco legal desde posicionamentos menos categóricos ou marcados pola diplomacia ou converxencia lingüística. Se unimos nunha mesma categoría as persoas que manifestan “sempre ou case sempre castelán” ou “máis castelán” atopamos que o 60,2 % das mulleres e o 55,4 % dos homes se decantan polo castelán. Por outra banda, un 41,6 % das mulleres participantes na enquisa afirma empregar ambas as linguas (galego e castelán) na docencia, fronte a un 32,4 % no caso dos homes. Esta diferenza, aínda que non extrema, é suficientemente importante como para confirmar a hipótese sobre a maior tendencia das mulleres á converxencia ou acomodación lingüística.

Este comportamento pode interpretarse como expresión dunha dispoñibilidade máis acusada por parte das mulleres para adaptarse á lingua do interlocutor ou ao contexto, xa sexa por consideracións pedagóxicas, sociais ou identitarias. A dimensión fática e apelativa da linguaxe, á que diversos estudos (West e Zimmerman 1987; Tannen 1996) atribúen unha maior presenza nas prácticas femininas —malia que sexa un tema aínda obxecto de debate— semella atopar aquí unha plasmación concreta na aula: as docentes parecen priorizar o vínculo comunicativo e a accesibilidade sobre a uniformidade idiomática.

Non cabe dúbida, en todo caso, da influencia da regulamentación lingüística, que sen chegar a un seguimento cego e completo da norma por parte do profesorado de matemáticas, determina que unha porcentaxe importante de mulleres e homes galegofalantes

empreguen o castelán como lingua única ou dominante das súas prácticas docentes. Estas dinámicas vense reflectidas nos seguintes diagramas de fluxo, que recollen os cambios lingüísticos entre as prácticas persoais e os contextos educativos segundo o xénero (Figura 3, Figura 4).

Á súa vez, podemos observar como existe unha gradación entre os usos lingüísticos no ámbito persoal, no contexto educativo máis informal e nos ámbitos máis académicos e formais, reflectidos nos seguintes diagramas de fluxo (Figura 5, Figura 6).

Ao analizar os fluxos lingüísticos entre o espazo privado e o profesional, as mulleres amosan unha maior diversidade de transicións entre galego e castelán ao pasar dos usos fóra do centro aos usos dentro da aula, mentres que entre os homes predomina unha maior coherencia entre ambos os espazos. Este tipo de adaptación pode estar motivado por razóns pragmáticas, pero tamén pode entenderse como consecuencia da presión social adicional que pesa sobre as mulleres (Figura 5, Figura 6).

Figura 3. Fluxo de usos lingüísticos fóra da aula – na aula nas mulleres.




Figura 4. Fluxo de usos lingüísticos fóra da aula – na aula nos homes.




Figura 5. Fluxo de usos lingüísticos fóra da aula – no centro (fóra da aula) – na aula nas mulleres.






Figura 6. Fluxo de usos lingüísticos fóra da aula – no centro (fóra da aula) – na aula nos homes.



Neste sentido, resulta relevante analizar as diferenzas nas motivacións que se dan entre profesoras e profesores para o cambio lingüístico (Figura 7).

Partindo do feito de que os homes cambian menos de lingua, resulta relevante apreciar a notable diferenza no cambio lingüístico determinado pola lingua do interlocutor, razón que se dá co dobre de frecuencia nas mulleres (Acomodación lingüística - muller: 19,3 %) que nos homes (Acomodación lingüística - home: 9,5 %). Este conxunto de datos confirma, en boa medida, as interpretacións teóricas segundo as cales a identidade de xénero inflúe non só nas escollas lingüísticas explícitas, senón tamén nos patróns implícitos de comportamento lingüístico, especialmente en contextos de contacto e cooficialidade como o do galego.

Figura 7. Motivacións para cambiar de lingua segundo xénero.



Unha das achegas máis suxestivas da análise é a que afecta á distribución dos usos lingüísticos por franxas de idade. En primeiro lugar, reparamos nos datos de usos lingüísticos fóra dos centros educativos. Contra o que se podería esperar se se mantivese o patrón tradicional, os datos amosan que as docentes máis novas son as únicas que superan en porcentaxe de monolingües en galego os seus homólogos varóns na mesma franxa de idade. Porén, cómpre manter a cautela, pois sumando as porcentaxes correspondentes a “sempre ou case sempre galego” e “máis galego”, a diferenza a favor dos homes (+/- 13 %) supera a observable nas xeracións previas. No paso ao interior das aulas, esta última diferenza acórtase, especialmente polas diferentes diminucións nas porcentaxes de homes e mulleres monolingües en galego nesta franxa de idade: no caso dos homes, a porcentaxe baixa dun 15,4 % a un 7,7 %, reducíndose á metade; nas mulleres, pola contra a baixada é máis sostida, dun 31,8 % fóra dos centros a un 22,7 % nas aulas.

A mostra na franxa de idade do profesorado máis novo é pequena —once mulleres e trece homes—, pero o dato resulta revelador como indicio dunha posible inflexión nas tendencias, especialmente tendo en conta que isto non significa que non sexa representativa, dado o reducido número total de docentes nados a

partir de 1990 en relación ás xeracións previas debido á diferenza nas oportunidades de acceso. (Figura 8, Figura 9)

Figura 8. Lingua que falan fóra do centro por idade e xénero.





Figura 9. Lingua que falan na aula por idade e xénero.



Estas observacións relativas ao grupo de menor idade poderían poñer en cuestión a maior castelanización das mulleres como efecto da súa maior exposición á educación formal e ao ámbito urbano. Os datos da enquisa suxiren, en cambio, que nas novas xeracións docentes esta tendencia pode estar reverténdose, o que podería indicar un cambio nas dinámicas identitarias asociadas ao xénero e á lingua. O que antes operaba como un mecanismo de adaptación ao sistema (escollo do castelán como lingua de prestixio ou ascenso social) podería estar sendo substituído por novas formas de identificación co galego, especialmente entre as mulleres que acceden á docencia. Este fenómeno, se se consolida, podería ter consecuencias significativas para os procesos de transmisión e normalización do galego, tendo en conta o peso demográfico e simbólico das mulleres no ensino, especialmente nas etapas obrigatorias.

Outro resultado de interese atinxe á autoconfianza, regulación e elección lingüística. Ao preguntar aos e ás docentes cal sería a lingua escollida se a decisión dependese exclusivamente delas, sen condicionantes externos, a maioría absoluta en ambos os grupos —máis do 70 %— decántase polo galego. Non se observan diferenzas significativas entre homes e mulleres nesta resposta, o que indica unha homoxeneidade ideolóxica nas preferencias declaradas.

Esta disociación entre desexo e comportamento pode interpretarse, no caso das docentes mulleres, como consecuencia dunha percepción máis complexa da aula como espazo de xestión da diversidade e non simplemente como lugar de aplicación normativa. A súa maior dispoñibilidade para acomodarse á lingua do alumnado, xa sinalada no punto anterior, suxire que a escollo do galego como lingua ideal non implica necesariamente o seu uso sistemático, senón que convive cunha praxe profesional na que a lingua flutúa en función de múltiples parámetros.

En relación coas opinións sobre a regulación lingüística que preferirían, os datos dispoñibles mostran en xeral grande acordo entre ambos os xéneros na meirande parte dos ítems. Ante a cuestión de que factores deberían determinar a lingua a empregar nas aulas, a maioría móstrase favorable a que dependa da lingua propia do territorio, e contraria a que o faga das preferencias das familias e do alumnado. En último lugar, nin entre os homes nin entre as

mulleres hai consenso sobre se debería depender das preferencias do profesorado ou da lingua predominante no contexto. Tampouco hai diferenzas significativas nas opinións sobre o camiño a seguir para acadar a competencia do alumnado en ambas as linguas. A maioría de docentes concordan na necesidade de centrar a regulación lingüística na promoción do galego, cunha presenza mínima garantida, superior á esixida para o castelán. Porén, as mulleres parecen lixeiramente máis favorables a que se garanta unha presenza equitativa de ambas as linguas.


Si existen algunhas diferenzas significativas por xénero en dúas cuestións relativas aos usos lingüísticos nas materias científicas. En xeral, o profesorado de ambos os xéneros inclínase en maior número por impartir estas materias en galego, ao tempo que se opón a que deba facerse en castelán, e aínda máis a que se faga en inglés. As diferenzas entre homes e mulleres son significativas en dous ítems, coas profesoras máis a favor que os profesores en ambos os casos: “as materias científicas [...] deberían asegurar que o alumnado domine a terminoloxía propia en ambas as linguas oficiais” ($t = 3,177$; $p = 0,002$; $d = 0,45$) e “dá igual que se impartan nunha ou noutra lingua, sempre que o repartimento da presenza das dúas linguas na totalidade de materias sexa o axeitado” ($t = 2,206$; $p = 0,002$; $d = 0,31$; Figura 10).

Non obstante, a forma de enunciar as preferencias na sección de comentarios suxire que, cando se introducen matices ou reflexións sobre a normativa, son maioritariamente mulleres as que o fan, o que podería interpretarse como un maior grao de implicación discursiva na reflexión sobre a lingua e as políticas lingüísticas.

Na táboa recóllense aqueles ítems nos que se dá unha maior distancia nas respostas entre homes e mulleres, mais cómpre ter en conta que estas diferenzas se dan nun marco xeral no que a maioría dos informantes, tanto homes coma mulleres, están de acordo en priorizar o galego.

A distribución do profesorado por niveis educativos permite explorar a posibilidade da existencia dun “teito de cristal” profesional, é dicir, a idea de que as mulleres, mesmo sendo maioría na docencia, tenden a ocupar espazos de menor responsabilidade. Porén, os datos da enquisa non confirman esa hipótese. As porcentaxes

Figura 10. Opinións do profesorado de matemáticas sobre a impartición das materias científicas segundo o xénero. Presentación dos ítems onde se obtiveron diferenzas significativas.



de homes e mulleres que imparten docencia no bacharelato son practicamente idénticas: 64,86 % no caso dos homes e 66,46 % no caso das mulleres. Tampouco se observan grandes diferenzas na FP básica ou na ESO, onde a presenza feminina é igualmente maioritaria, pero en proporcións coherentes coa composición xeral do profesorado. Si se aprecia unha lixeira sobrerrepresentación masculina entre o reducido número de docentes que imparten exclusivamente no bacharelato (8,11 % dos homes fronte ao 3,73 % das mulleres), mais a mostra nese subgrupo é tan pequena (doce persoas en total) que calquera conclusión sería arriscada. En calquera caso, o conxunto dos datos non permite afirmar que existan barreiras estruturais por razón de xénero no acceso aos niveis superiores da docencia neste colectivo concreto.

A percepción do conflito lingüístico —entendido como desacordo, tensión ou observación dunha transgresión das normas de uso vixentes no centro— foi tamén recollida na enquisa. Un 26,1 %

das mulleres e un 28,4 % dos homes afirman ter coñecemento dalgunha situación deste tipo. A diferenza non é significativa e non parece responder a ningún patrón de fondo. Ademais, nas respostas abertas non se recollen alusións específicas á relación entre o xénero da persoa que transgrede a norma e a intensidade ou natureza da reacción por parte do alumnado ou do claustro. Este dato matiza a hipótese, formulada na literatura previa (Labov 1966), de que as mulleres poderían ser máis penalizadas cando se afastan da norma esperada —neste caso, o uso do castelán— e consecuentemente tenderían en maior medida a adoptar as formas normativas da lingua ou, en contextos plurilingües, a lingua con maior apoio social. Na presentación do volume *Lingua e Xénero. VI Xornadas sobre lingua e usos* (Mosquera Carregal 2010), Goretti Sanmartín lembraba os versos de Pondal nos que apela ás “miniñas de Cruña” para conminalas a falar galego e o traballo de García Negro (2010) preguntábase polos mecanismos que poderían servir para que as mulleres de clase media se expresasen en galego. Figuras como María Xosé Queizán (1977) ou Pilar García Negro (2010) referíronse á “dobre represión” sufrida polas mulleres galegofalantes. Mais neste estudo, polo menos no plano declarado, non se detectan indicios dunha maior vixilancia ou xuízo diferencial sobre as prácticas lingüísticas femininas no contexto docente.

5. Discusións

Os datos recollidos permiten retomar e reconsiderar, desde unha nova perspectiva, algunhas das hipóteses formuladas no traballo teórico previo arredor da influencia da variable xénero nos usos lingüísticos en Galicia. A posibilidade de contar cun corpus empírico específico, dirixido ao estudo desta dimensión e aplicado a un colectivo profesional concreto, introduce matices reveladores que contribúen a consolidar, reformular ou mesmo relativizar aquelas interpretacións.

Un dos puntos máis claramente confirmados é a maior tendencia das mulleres á converxencia lingüística, xa que non só declaran empregar ambas as linguas na aula nunha porcentaxe notablemente superior aos homes, senón que tamén presentan maior

diversidade de perfís lingüísticos atendendo aos cambios entre os espazos persoal e profesional. Este comportamento, lonxe de ser anecdótico, apunta a unha disposición máis marcada á adaptación comunicativa, que pode entenderse tanto como resultado dunha interiorización de expectativas sociais vinculadas ao xénero, coma tamén como expresión dunha concepción máis relacional da aula, na que a eficacia comunicativa e os elementos pragmáticos priman sobre a coherencia normativa.

Así mesmo, resulta significativo observar que esa maior flexibilidade práctica das mulleres non supón unha menor identificación simbólica co galego. De feito, cando se lles pregunta pola lingua que empregarían se a decisión dependese exclusivamente delas, as porcentaxes de escolla do galego son practicamente idénticas entre homes e mulleres. Esta coincidencia nas preferencias declaradas, fronte á diferenza nas prácticas reais, introduce unha clave de lectura relevante: a maior acomodación por parte das docentes non debe interpretarse como falta de compromiso co idioma, senón como mostra dunha mediación que as leva a incorporar criterios de oportunidade, accesibilidade e adecuación social no exercicio da súa praxe lingüística. Desde esta perspectiva, poderíase dicir que a converxencia non funciona tanto como renuncia, senón como estratexia.

En contraste, outras hipóteses non atopan confirmación empírica. É o caso da suposta penalización diferencial polo uso do castelán, que segundo algúns estudos e testemuños recollidos no traballo teórico, podería recaer con máis forza sobre as mulleres. A enquisa, porén, non recolle indicios dunha maior presión ou xuízo sobre elas neste sentido, e as diferenzas entre homes e mulleres na percepción de conflitos relacionados coa lingua son practicamente inexistentes. Isto pode deberse, en parte, ao feito de que o profesorado de matemáticas non constitúe un ámbito especialmente mediatizado polo debate lingüístico, mais tamén podería indicar unha evolución nas actitudes sociais que desfai, polo menos no espazo docente, certos estereotipos de vixilancia diferencial. Cómpre, en todo caso, ter en conta que non se lles preguntaba por conflitos nos que eles ou elas estivesen involucrados, senón por conflitos dos que tivesen coñecemento.

No que atinxe á distribución por niveis educativos, os datos tampouco apoian a existencia dun “teito de cristal” lingüístico ou profesional. A presenza feminina nos niveis superiores da docencia é equivalente á masculina, e a lixeira sobrerrepresentación de homes no grupo que imparte docencia exclusivamente no bacharelato non é suficiente, pola súa escasa dimensión, para sustentar unha interpretación estrutural. Este resultado, aínda que non era central na hipótese inicial, serve para matizar a idea dunha posible desigualdade vertical por razón de xénero nas prácticas docentes, cando menos no eido do ensino das matemáticas en Galicia.

A conxunción de todos estes factores convida a interpretar os usos lingüísticos do profesorado non como decisións illadas ou mecánicas, senón como expresión dunha negociación constante entre identidade, contexto e responsabilidade profesional. As mulleres, segundo se desprende desta análise, participan desa negociación cunha intensidade particular, marcada tanto por unha maior dispoñibilidade para a adaptación coma por unha relación simbólica co galego tan sólida como a dos homes, malia traducirse con maior frecuencia en prácticas aparentemente híbridas. O xénero, así entendido, non actúa como variable externa que determine de maneira unívoca os usos lingüísticos, senón como categoría que modula o xeito en que se xestionan as tensións entre norma, afecto, autoridade e comunicación.

6. Conclusións

A combinación dunha análise teórica previa cunha investigación empírica centrada no profesorado de matemáticas en Galicia permitiu contrastar con maior precisión o papel que desempeña a variable xénero nas prácticas lingüísticas docentes. Os resultados obtidos confirman, en boa medida, a maior tendencia das mulleres á converxencia lingüística e á acomodación nas súas prácticas docentes. Esta disposición non supón, porén, unha menor identificación co galego como lingua propia nin como lingua de prestixio, senón que parece formar parte dunha estratexia de xestión comunicativa e afectiva na aula. A escolla do galego como lingua ideal é compartida maioritariamente por homes e mulleres, o que reforza a idea de que

a flexibilidade non é renuncia, senón posiblemente o xeito no que estes docentes compatibilizan un marco normativo que establece o castelán como lingua de ensino cun compromiso maioritario coa lingua galega.

A análise conxunta da lingua e o xénero, en diálogo coa interseccionalidade, permite comprender que as prácticas docentes non responden a eleccións illadas, senón a posicións sociais cruzadas por factores de poder, identidade e regulación institucional. O caso do profesorado de matemáticas amosa que as dinámicas lingüísticas se producen precisamente nesas interseccións, onde o normativo e o afectivo se negocian de maneira constante.

No contexto actual de retroceso nos niveis de uso do galego, especialmente entre as xeracións máis novas, a preferencia expresada pola maioría do profesorado de matemáticas polo galego como lingua na que lle gustaría impartir docencia, así como a constatación do peso da regulamentación lingüística á hora de impedilo, poñen de relevo a necesidade de revisar o modo en que se empregan as linguas no ensino e de repensar a súa regulación. No actual contexto sociolingüístico de Galicia non debería desaproveitarse o potencial dun corpo de profesionais competentes e dispostos a utilizar a lingua propia no ensino dunha materia de alto prestixio social como son as matemáticas. Consideramos, de feito, que esta é probablemente a conclusión principal do estudo, que transcende a análise estrita do parámetro de xénero.

Cómpre continuar con análises que incorporen tamén a variable de clase social, a localización dos centros e o tipo de materia, para entender mellor as relacións entre xénero, ideoloxía e prácticas lingüísticas. A comparación con outros ámbitos docentes permitiría avaliar se os patróns observados no ensino das matemáticas se repiten ou diverxen noutros contextos curriculares. Con todo, o que esta investigación pon de manifesto con claridade é a necesidade de seguir incorporando a perspectiva de xénero como categoría analítica nas investigacións sociolingüísticas. Non só para detectar diferenzas cuantificables, senón para comprender mellor os procesos simbólicos e afectivos que condicionan as prácticas lingüísticas en contextos de contacto. O feito de que moitas das diferenzas detectadas sexan sutís ou se manifesten máis na variabilidade ca na escolla

explícita revela precisamente a complexidade da interacción entre lingua e xénero, e confirma a utilidade dunha análise que vaia máis alá dos binarismos clásicos.

O presente estudo abre, así, unha vía de investigación que pode e debe ser continuada noutras disciplinas e con ferramentas metodolóxicas cada vez máis refinadas. A intersección entre xénero, lingua e profesión constitúe un espazo fértil para explorar as formas en que o poder, a identidade e a comunicación se entrecruzan, configurando paisaxes sociolingüísticas nas que o persoal é, tamén, político.

Referencias bibliográficas

- Castro Vázquez, Olga (2010). Galego+non sexista: como e por que avanzarmos cara a unha outra representación de xénero na lingua. En: Xesús M. Mosquera Carregal, ed. *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, 33-62.
- Crenshaw, Kimberle (1991). Mapping the Margins: Intersectionality, Identity Politics, and Violence against Women of Color. *Stanford Law Review*. 43(6), 1241-1299. DOI: 10.2307/1229039
- García Negro, M.^a Pilar (2010). Dúas subordinacións en paralelo: mulleres e lingua galega. En: Xesús M. Mosquera Carregal, ed. *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, 79-88.
- Hermida Gulías, Carme (2010). Lingua e sexismo en dicionarios de galego. En: Xesús M. Mosquera Carregal, ed. *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, 89-114.
- Hill Collins, Patricia e Bilge, Sirma (2016). *Intersectionality*. Cambridge, UK: Polity Press.
- Labov, William (1966). *Principios del cambio lingüístico*. Madrid: Gredos.
- López-Sández, María; Loredó, Xaquín; e Vázquez-Grandío, Gabino S. (2022). *Lingua e xénero en Galicia: estado da cuestión*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.414

- Loredó, Xaquín e Silva Valdivia, Bieito (2020). *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.372
- Mosquera Carregal, Xesús M. (2010). *Lingua e xénero. VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña. http://www.udc.es/export/sites/udc/snl/_galeria_down/documentospdf/Libro_Lingua_e_Xenero.pdf
- Moure, Teresa (2010). Falarmos galego as mulleres, por que non? En: Xesús M. Mosquera Carregal, ed. *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, 147-169. Dispoñible en <http://hdl.handle.net/2183/8868>
- Queizán, María Xosé (1977). *A muller en Galicia: a muller na sociedade galega, a lingua galega e a muller (análise estrutural de dous métodos represivos)*. Sada: Edicións do Castro.
- Sanmartín Rei, Goretti (2010). Presentación. En: Xesús M. Mosquera Carregal, ed. *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, 15-18.
- Suárez Fernández, Isabel (2010). Presentación de datos sociolingüísticos desde a perspectiva de xénero. En: Xesús M. Mosquera Carregal, ed. *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, 19-32.
- Tannen, Deborah (1996). *Gender and discourse*. Nova York: Oxford University Press.
- Trudgill, Peter (1972). Sex, covert prestige and linguistic change in the urban British English of Norwich. *Language in Society*. 1 (2), 179-195. DOI: 10.1017/S0047404500000488
- Wertheim, Suzanne (2012). Gender, nationalism, and the attempted reconfiguration of sociolinguistic norms. *Gender and Language*. 6 (2), 261-289. DOI: 10.1558/genl.v6i2.261
- West, Candance e Zimmerman, Don H. (1987). Doing Gender. *Gender and Society*. 1(2), 125-151. <http://www.jstor.org/stable/189945>

NORMAS DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN

1. Os *Cadernos de Lingua* están dedicados á publicación de traballos de investigación sobre calquera aspecto da lingua galega, así como á difusión de notas e informacións lingüísticas relevantes para o coñecemento e a promoción da lingua na sociedade. Tamén se publican recensións de obras de interese para eses mesmos fins.
2. A lingua de publicación é o galego, aínda que excepcionalmente poderán aparecer traballos escritos en portugués ou noutras linguas.
3. Os traballos deberán conter material non publicado nin presentado para a súa publicación en ningún outro medio de difusión.
4. Para poder enviar traballos en liña, e para poder comprobar o estado dos traballos enviados, o autor debe rexistrarse previamente cubrindo o formulario pertinente no seguinte enderezo: <https://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/index/user/register> Unha vez rexistrado poderá acceder á revista co seu nome de usuario e o contrasinal.
5. O texto será sometido a revisión por pares, polo que debe vir sen marcas de autoría. Debe cubrirse separadamente un formulario complementario co título, nome de autor(es), información sobre adscrición institucional, enderezo de contacto, que se atopa na plataforma da revista. A decisión final sobre a publicación correspóndelle ao Consello de Redacción.
6. O proceso de avaliación, desde a recepción do orixinal ata a resposta ao autor ou autora, non durará máis de dous meses. No caso de que o traballo precise correccións, á vista dos informes, o autor ou a autora disporá do prazo de un mes para devolver o orixinal corrixido.
7. A entrega dos traballos para a publicación en *Cadernos de Lingua* implica a cesión do seu dereito de explotación e copia. Esta cesión ten por finalidade a protección do interese común de autores e editores.
8. O texto deberá entregarse en versión definitiva. Unha vez recibidos os orixinais non se permitirá facer modificacións nin engadidos que afecten significativamente ao proceso de edición.
9. O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 11, con entreliñamento sinxelo e cunha extensión dun mínimo de 20.000 e un máximo de 40.000 caracteres por artigo.
10. O artigo virá acompañado dun resumo (que non debe exceder as dúscentas palabras) e das palabras chave (máximo oito) ambos en galego e en inglés.

11. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente (1., 2., 3., 4. / 1.1., 1.2., 1.3., 1.4./ 1.1.1., 1.2.1., 1.3.1., 1.4.1 etc.) segundo o seu nivel na xerarquía.
12. As referencias á bibliografía no texto faranse conforme o modelo de citación internacional:
 - Dentro do texto e das notas, as referencias bibliográficas faranse de xeito abreviado, por medio do apelido do autor ou autores, o ano e, de ser o caso, o número da páxina, coma nestes exemplos: (Ferreira 1989, p. 47), (Ferreira e Amoedo 1999, p. 17n), (Ferreira 1996b). A referencia completa reservarase para a bibliografía final.
 - Ao final, incluíranse por extenso as referencias bibliográficas das obras citadas ao longo do texto. Exemplos:

Kabatek, Johannes (1996). *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz-und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer.

González González, Manuel e Regueira, Xosé Luís (2016). Galicia en los inicios de los estudios de fonética acústica dentro del estado español. En: Ana María Fernández Planas, ed., *53 reflexiones sobre aspectos de la fonética y otros temas de lingüística*. Barcelona: Universitat, 373-382.

Cabré, M. Teresa (2009). Technologie et terminologie : changements méthodologiques et épistémologiques. *Cahiers de lexicologie*. 94, 31-56.

TILG = Santamarina, Antón (dir.) (2013-). *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://www.ti.usc.es/TILG/> [consulta en maio-setembro 2011].
13. As citas textuais que se fagan dentro do texto principal deberán adoptar dous formatos diferentes: se non superan as cinco liñas, irán dentro do parágrafo, co mesmo tipo de letra, entre comiñas; as citas máis longas pónense en parágrafo á parte, sen comiñas, con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. En ningún caso se empregarán as cursivas.
14. As notas do texto principal situaranse ao pé e estarán numeradas de xeito correlativo, en corpo 10. Non se incluírán aquí as referencias bibliográficas por extenso, para evitar a proliferación de notas no rodapé.
15. Táboas/cadros. Realizaranse utilizando o comando específico de “edición de táboas”. As táboas ou cadros deben cumprir as seguintes normas: 1) irán numerados correlativamente (Táboa 1, Táboa 2 etc.); 2) levarán un encabezamento conciso. Farase referencia ás táboas ou cadros no texto principal. Exemplo: (Véxase táboa 1).

16. Gráficos. Presentaranse orixinais con calidade para seren dixitalizados. No seu caso, tamén se poden presentar nun arquivo informático (preferentemente Excel). Neste caso recoméndase incluír na mesma páxina o gráfico e mais a táboa de datos. Sempre irán numerados de xeito correlativo (Gráfico 1, Gráfico 2 etc.). Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. gráfico 1).
17. Fotografías, ilustracións, mapas, planos. Poderán presentarse orixinais con calidade para seren dixitalizados. Se o autor prefire presentar arquivos informáticos, recoméndase cumprir os seguintes parámetros:
 - *Mapas, debuxos, planos, gravados*: a dixitalización farase en “modo liña” ou “mapa de bits” (non se recomenda o modo “escala de grises”); a resolución será de 1.200 ppp.
 - *Fotografías*: dixitalizaranse cunha resolución de 300 ppp. Resolucións inferiores a 225 ppp non son recomendables.Recoméndanse os seguintes formatos de arquivo: .TIFF, .EPS, .JPG.
Irán numerados de xeito correlativo (Fig. 1, Fig. 2 etc.) con números arábigos.
Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Véxase Fig.1).
18. Os materiais complementarios (táboas, gráficos, imaxes, mapas...) deben acompañarse do recoñecemento da fonte e da autoría, e, no seu caso, dos correspondentes permisos de uso e reprodución.
19. Os autores poden solicitar que se lles envíen as primeiras probas para corrixir. Admitiranse só correccións tipográficas e ortográficas e, sempre a xuízo dos editores, aqueles engadidos ou eliminacións de texto que non afecten á maqueta da publicación.
20. Os orixinais que non se suxeiten ás anteriores normas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección.

Notas

Seguiranse os mesmos criterios ca para os artigos, pero a extensión deberá estar comprendida entre 7.000 e 20.000 caracteres.

Recensións

As recensións deben levar a referencia bibliográfica completa. A extensión máxima dunha recensión será de 10.000 caracteres. Deben presentarse en Times New Roman, corpo 11, espazo simple.



CONTIDO

- 7 Henrique Monteagudo
A situación sociolingüística do galego
segundo os datos do IGE-2023
e a evolución nas últimas décadas
- 43 Martín Vázquez Fernández
Mapa sociolingüístico escolar
de Santiago de Compostela:
lingua, mobilidade e territorio
- 83 Gabino S. Vázquez Grandío
e Rosa Moreiras Cuñarro
Modo galego, actívao!
Deseño, avaliación e evolución
do “programa de compromiso lingüístico”
- 115 Elena Rey García, Estrella Romero,
Paula Ganitsky e Isabel Fraga
Unha primeira aproximación ao léxico
da personalidade en lingua galega
- 137 María López-Sández
e Alejandro Doval Casas
A variable xénero na práctica lingüística docente:
análise empírica e contraste interpretativo